

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 40

Sesión plenaria
9 de xuño de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación.)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.6 15479 (11/PNP-001491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 4. Interpelacións

4.1 14348 (11/INT-000828)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

4.2 15774 (11/INT-000896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

4.3 16363 (11/INT-000940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 26.05.2021

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 16728 (11/POPX-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o compromiso que ten o Goberno galego coas políticas ambientais e de coidado na natureza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG 5 147, do 02.06.2020

5.2 16729 (11/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para frear o espolio enerxético de Galicia e o dano ambiental que causa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 16713 (11/PUP-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as razóns do atraso na asignación ás autónomas e aos autónomos e ás pequenas e medianas empresas galegas dos fondos recibidos como consecuencia do Real decreto lei 5/2011, do 12 de marzo, de apoio á solvencia empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

6.2 16710 (11/PUP-000182)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e seis deputados/as máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para defender a autonomía financeira de Galicia e tentar revertir a modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

6.3 11528 (11/POP-001630)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis

Sobre o avance que presentan os traballos de ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

6.4 15802 (11/POP-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

6.5 15816 (11/POP-002073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto das previsións para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

6.6 16711 (11/PUP-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con discapacidade nos centros de educación especial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020



6.7 8883 (11/POP-001242)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urxencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

6.8 11040 (11/POP-001571)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerosis lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

6.9 16155 (11/POP-002112)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do reforzamento dos servizos do Centro de Saúde da Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 26.05.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso que ten o Goberno galego coas políticas ambientais e de coidado da natureza en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para frear o espolio enerxético de Galicia e o dano ambiental que causa. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 18.)

Réplica dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castro Rey (S).* (Páx. 23.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 25.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 28.)

A señora Castro Rey (S) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 31.)



Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4% do IVE sobre a electricidade: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 13 abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do Proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021: *aprobada por 58 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Borja Vereja Fraiz e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación dos puntos 1 a 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños: *aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños, excepto os puntos 1 a 4, xa votados: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)



Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 37.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 41.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 45.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 47.)

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do atraso na asignación ás autónomas e autónomos e ás pequenas e medianas empresas galegas dos fondos recibidos como consecuencia do Real decreto lei 5/2011, do 12 de marzo, de apoio á solvencia empresarial. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 50.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)* (Páx. 51.)

Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)* (Páx. 53.)

Pregunta de D. Pedro Puy Fraga e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para defender a autonomía financeira de Galicia e intentar revertir a modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 54.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 55.)

Réplica do autor: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 56.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o avance que presentan os traballos de ampliación da rede de centros integrados de formación profesional. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 58.)

Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 60.)



Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 61.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 62.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 64.)

Pregunta de D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego respecto das previsións para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 65.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 66.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 68.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con discapacidade nos centros de educación especial. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 69.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 70.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 72.)

Pregunta de D^a María del Carmen Aira Díaz e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 74.)

Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 76.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerosis lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 79.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do reforzamento dos servizos do Centro de Saúde da Guarda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 83.)

Interpelación de D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 93.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 103.)

Remata a sesión ás tres e doce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 5º da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso que ten o Goberno galego coas políticas ambientais e de coidado da natureza en Galicia

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

«Os socialistas non só dicimos que somos socialistas, amosamos coa nosa vida que o somos». Este era o titular, a principal declaración que facía a nosa compañeira Isaura Abe-laira na súa última entrevista, e quería empezar hoxe a miña intervención neste Pleno cunha lembranza a unha muller optimista, vitalista, comprometida e loitadora que desfrutou moito nesta etapa parlamentaria e que loitou contra unha enfermidade que lle deu moitas dificultades e foi un exemplo de capacidade de loitar contra a adversidade. Grazas, Isaura, polo teu compromiso. (*Aplausos.*)

Imos á cuestión da orde do día.

Señor Feijóo, *there is no planet B* —non hai planeta B— e non hai unha Galicia B. A defensa do medio natural, do contorno, da sostibilidade, da biodiversidade é unha cuestión fundamental para a Galicia do presente e para a Galicia do futuro. E por iso cómpre protexer a Galicia A, a Galicia auténtica, a Galicia verde, a Galicia real. A nosa terra é unha comunidade rica en natureza, pero con vostedes existe un claro déficit nas políticas ambientais. Un Goberno incapaz e sen vontade de asumir unha axenda verde para o noso país.

E falamos da Galicia do presente pero sobre todo falamos da Galicia do futuro, do dereito ao futuro da mocidade galega. Ou Galicia defende o medio natural ou non será Galicia. E Galicia non pode ser a última comunidade de España en políticas medioambientais. E vostedes teñen que mudar a súa falla de compromiso medioambiental e ecolóxico porque a actuación do seu Goberno neste eido merece un suspenso rotundo.

Se falamos da Rede Natura, estamos de últimos de España por superficie protexida como Rede Natura, un 11 % fronte a un 27 % da media natural. E ademais temos, de acordo a WWF, o peor plan director da Rede Natura en España, a súa nota é un suspenso claro.

Se falamos dos parques naturais, falla a Estratexia de conservación real dos parques naturais. E en dous dos seis parques naturais nin tan sequera existe un plan de xestión, o cal é obrigatorio por lei; así pasa nas Fragas do Eume e na Serra do Xurés. A súa nota é un suspenso claro.

Se falamos das especies ameazadas, de 200 especies ameazadas, en Galicia en fauna e flora só 3 teñen plan de recuperación, 72 en perigo de extinción non teñen ese plan que é obrigatorio tamén pola Lei de biodiversidade. Suspenso claro do Goberno da Xunta.



Se falamos da rexeneración das rías e dos ríos, da contaminación, 21 anos despois da Directiva europea das augas, aínda hai moitas zonas en Galicia onde non se pode mariscar pola contaminación. A súa nota é un suspenso claro.

Se falamos, señor Feijóo, dos ecosistemas terrestres, dos bosques, da protección dos bosques, hai un retroceso nos bosques autóctonos e no coidado xeral do bosque —cuestión que moito ten que ver cos incendios— que implica que vostedes teñen tamén un suspenso claro.

Se falamos da reciclaxe da economía circular, a reciclaxe en Galicia non chega ao 20 %, cando o obxectivo europeo está no 50 %. Optaron pola incineración en vez de pola reciclaxe, a súa nota é un suspenso claro.

E, se falamos de enerxía, erraron no modelo, non acertaron na planificación; obviaron as dificultades do modelo do carbón; desprezaron as enerxías renovables durante anos e agora avanzan sen rumbo. Un suspenso claro.

E, se falamos de orzamentos, os orzamentos deste ano da Xunta de Galicia son un 35 % máis baixos en medio ambiente que os que había no último ano de Goberno progresista en Galicia. Un suspenso claro.

Vostede ten que elixir, señor Feijóo, entre ser un axente do cambio ou un axente contaminante.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E querémoslle dicir, señor Feijóo, que abandone as políticas tóxicas e aposte por unha Galicia verde, porque está en xogo o dereito ao futuro dos galegos e das galegas, e vostedes con esas políticas de retroceso medioambiental son un Goberno tóxico para o medio ambiente en Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

As nosas primeiras palabras teñen que ser de respecto e de recordo para a deputada Isaura Abelairas e tamén para unha mensaxe agarimosa do Goberno e do grupo maioritario para a súa familia —cousa que xa fixemos— e para a súa familia política, o Partido Socialista de Galicia.

Señor Caballero, non sei exactamente quen lle fixo a pregunta, pero recordo algunhas das intervencións do anterior portavoz das Mareas onde lle advertía que quen lles facía a pregunta non lle estaba facendo ningún favor; ao contrario, acaba vostede de describir un país que, dende logo, nada ten que ver con Galicia. Levamos 12 anos comprometidos coa Galicia



verde que herdamos e cunha Galicia agora máis verde da que estaba cando chegamos ao Goberno. Levamos unha década apostando pola biodiversidade, polos espazos naturais, polo cambio climático, polos ríos, polas rías, pola paisaxe. Aprobamos 10 leis xustamente para protexer todo o que acabo de dicir; cando vostedes estaban no Goberno aprobaron cero. Aprobamos instrumentos de xestión dos parques e os espazos protexidos. Efectivamente, temos 6 e aprobamos 4; cando vostedes estaban no Goberno, cero.

Señoría, hoxe non está o 11 % do territorio protexido, está o 42 % do territorio protexido en Galicia. E o principal expoñente é a Lei de patrimonio natural de 2019. Levamos nestes 12 anos investidos 3.600 millóns de euros nas políticas medioambientais. Digo que non sei quen lle fai os papeis porque o presuposto do ano 2021 en Medio Ambiente son 373 millóns de euros, un 42 % máis do que vostedes utilizaban cando estaban gobernando, iso si, con presupostos ficticios e con 2.000 millóns de euros a deber.

Aprobamos a Lei de residuos sólidos contaminados, a Estratexia de economía circular, a Estratexia galega de cambio climático... Estamos á cabeza de España —inclúo— e de Europa nas políticas de cambio climático.

Señoría, no primeiro balance, na Estratexia de cambio climático —que, por certo, vostedes non fixeron nada, nin sequera tiñan un departamento dedicado a tal fin— conseguimos obxectivos que seguimos traballando: a neutralidade climática, as reducións das emisións, o modelo enerxético de enerxías limpas e a mellora da eficiencia enerxética.

E sorpréndeme que vostedes veñan aquí dicir que estamos peor que o resto. Pois, mire, señoría, en emisións, o 23,8 % de reducións de emisións; o resto de España, un incremento do 8,5. Estamos 32 puntos por debaixo da media nacional en emisións, imputando nelas aínda Meirama e As Pontes.

En aposta por enerxías renovables, o 56,1 % da xeración eléctrica en Galicia é de orixe renovable, o dobre que na Unión Europea e máis de 20 puntos por riba da media nacional.

E vén vostede coas súas políticas, ¿cales son as súas políticas? Agora seguro que no turno de réplica me dirá a Consellería de Medio Ambiente que vostedes levaron durante catro anos no bipartito, ¿exactamente que leis e que parques xestionaron e que propostas construíron? Señoría, 1.100 millóns de euros en infraestruturas hidráulicas.

Atopamos as rías con apercibimento da Unión Europea, especialmente a ría de Vigo. Vostedes nin sequera...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...fixeron o proxecto da depuradora da ría de Vigo.

Póñolle tres exemplos: a Lei de cambio climático estatal, follón en toda a comunidade do litoral de España e moi especialmente de Galicia. A Lei de residuos, exclusivamente impostos,



impostos, e impostos; falar de reciclaxe cando Sogama é un modelo de reciclaxe no país e vostedes están xestionando cuestións como Nostián, que nin sequera saben a onde levar o lixo antes de reciclalo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, con todos os respectos, falar neste momento dunha política errática; a política errática é a Axenda 2050, señoría, que é unha emenda á totalidade á política gandeira de España e, en consecuencia, de Galicia. E non o digo eu, dí Uións Agrarias, a dieta contra Galicia da Axenda 2050 —un sindicato que creo que vostede coñece—.

Por tanto, señor Caballero, máis orzamento que nunca, un 42 % máis...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis normativa actualizada que nunca, 10 leis en 12 anos. Pioneiros na Estratexia de economía circular, no cambio climático, na redución das emisións, e liderando a aposta polas enerxías renovables.

Señor Caballero, evidentemente que se confunde de país...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...isto é Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica. Señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Preocúpame, señor Feijóo, que manteña vostede ese discurso tóxico para o medio ambiente e para a Galicia natural do noso país, que siga vostede obviando a realidade e siga na política de engano continuo tentando trasladar unha realidade que deriva da potencialidade de todo o ecolóxico en Galicia, pero que ten retrocesos porque cada vez que vostedes aproban unha lei é un mazazo para o medio ambiente.

E querémoslle pedir que nos explique por que se hai 6 parques naturais que teñen que ter un plan de usos e xestión hai dous deles que non o teñen. ¿Por que as Fragas do Eume ou a Serra do Xurés seguen sen ter ese plan de xestión e de usos? ¿Por que non hai unha conservación real e efectiva cos instrumentos útiles nos outros parques naturais? ¿Por que hai 72 especies de fauna e flora en perigo de extinción que carecen de plan de recuperación? ¿Por que reduciron os orzamentos da Xunta en Medio Ambiente ata un 35 % con respecto aos or-



zamentos do ano 2009? ¿Por que non lle quere explicar a Galicia que o Partido Popular foi negacionista do cambio climático durante tanto tempo e que vostede seguiu optando pola produción con carbón como vía para xerar enerxía? (*Aplausos.*) Hai que sacar xa a máscara, señor Feijóo. Ou apostamos por un novo tipo de políticas medioambientais ou seguirán danando a nosa riqueza natural e o noso medio ambiente, e os galegos do futuro non llo van permitir e non llo van perdoar.

Temos que apostar por un gran pacto verde que permita afrontar un movo mix enerxético. E vostede errou porque durante anos, señor Feijóo, a súa política enerxética foi a de ser delegado das grandes empresas eléctricas, o delegado de Endesa. (*Aplausos.*) Vostede seguía dicindo hai poucas semanas que había que manter a produción de enerxía con carbón, cando é un modelo de produción, señor Feijóo, que vostede sabe que implicaba que en Galicia tiñamos algunhas das centrais que eran máis contaminantes de toda España e de toda Europa. E temos que avanzar porque vostede estivo permitindo políticas tóxicas e apostando por políticas tóxicas para o medio ambiente porque non é capaz de facer política industrial, porque non ten a capacidade de xerar emprego con enerxías renovables, con novos modelos de produción, de xerar unha transición ecolóxica e enerxética xusta. E por iso estiveron sen rumbo, que ata as grandes centrais foron máis ecoloxistas que vostedes cando decidiron dar un paso adiante e, podendo manter a actividade, cortaron certas vías de produción que eran tan contaminantes en gases de CO₂ que implicaban un retroceso.

O que se avanza en Galicia en materia medioambiental é a pesar de vostedes, que mesmo votaron en contra da Lei de cambio climático no Congreso dos Deputados e no Senado, porque vostedes non teñen un compromiso cunha Galicia verde, cunha realidade de respecto á biodiversidade e á sostibilidade do noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Pídlle, señor Feijóo, que fagan unha emenda á totalidade ás políticas medioambientais da Xunta. Que lle tendo a man para acadar un gran pacto verde entre todas as forzas políticas para conseguir un camiño cara ao futuro que non nos implique retroceder. Ou deixan as políticas tóxicas ou lles van negar aos galegos e ás galegas do futuro a posibilidade de desfrutar dunha Galicia natural. E para iso hai que resetear todas as políticas medioambientais da Xunta de Galicia para ter un compromiso claro coa biodiversidade..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...coa sostibilidade, co cambio climático, para que vostedes deixen de ser os últimos da lista á hora...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...de traballar na calidade do medio ambiente e do compromiso verde. (*Aplausos.*)

Pedímoslle que defendan a Galicia A...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...porque non hai unha Galicia B.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Porque non hai un planeta B e porque vostedes teñen que ser axentes do cambio e non seguir sendo axentes contaminantes con políticas tóxicas para o medio natural en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Caballero.

Non crea que por vir cunha gravata verde vostede se converte nun deputado verde, *(Risos.)* son cousas distintas. *(Aplausos.)*

Pero o certo e verdade, señoría, é que vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* xa era hora, señoría, que aceptase algunha proposta razoable. *(Murmurios.)* Non, non, eu non estou preocupado polo señor Errejón, señoría, eu son galego e traballo en Galicia, vivo para este país e defendo este país; non veño aquí con cuestións deste tipo que acredita que vostede non sabe realmente nin o que fixo o Goberno cando tivo ocasión de gobernar, o seu Goberno.

Nós non votamos en contra da Lei de cambio climático, nós abstivémonos. ¿Sabe por que? Porque estamos a favor das conserveiras, das depuradoras, das 5.000 edificacións tradicionais de Galicia na zona marítimo-terrestre,... *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ...porque estamos a favor da pesca, da acuicultura, porque estamos a favor da Galicia tradicional *(Aplausos.)* e a Galicia que respectou sempre a zona marítimo-terrestre.

E, por certo, nós pedimos a transferencia da zona marítimo-terrestre e pedímosllo a un partido «federal» como o Partido Socialista. A resposta foi «en ningún caso». Iso si, en Cataluña, como é natural, aí zona marítimo-terrestre e o que pidan, señoría.

Pero vaíamos aos feitos porque, ao final, vostede vén aquí, di o que lle peta e xa está. Mire, sobre Rede Natura, cando chegamos ao Goberno no ano 2009 o Goberno bipartito non aprobou o Plan director da Rede Natura. Catro anos. Nós aprobamos o Plan director da Rede Natura en 2014. *(Murmurios.)* Non aprobou ningún instrumento de xestión, e hoxe o secretario xeral do Partido Socialista vén aquí dicir que non hai un só instrumento de xestión dos parques naturais. Efectivamente, cando vostedes estaban no Goberno, cero, cero, nin un só instrumento de xestión dos parques naturais. *(Murmurios.)*



Aprobamos o Parque Nacional Illas Atlánticas-Cíes en contra de vostedes. E aprobamos dos 6 parques restantes 4, o 70 %. Seguiremos traballando, seguro que en contra de vostedes. E cando queiramos pechar as Fragas do Eume o primeiro que se vai manifestar en contra é o Partido Socialista Obreiro Español.

Contaban cun marco normativo obsoleto, deixaron todas as leis de Fraga vixentes. A Lei de conservación da natureza do ano 2001, a Lei de pesca do 1992, a Lei de caza do 1997, a Lei de protección de animais do 1993, cero leis. Aprobamos unha Lei de caza do ano 2013, unha Lei de benestar animal do ano 2017, unha Lei de patrimonio natural do ano 2019, unha Lei de pesca continental do ano 2020. Esta é a radiografía, señoría, da historia de cada un. Nin unha soa medida en cambio climático, nin sequera tiñan unidade.

Aprobamos a Estratexia do cambio climático e a enerxía no 2019, aprobamos a Estratexia da economía circular no ano 2019 e aprobamos unha nova Lei de residuos no ano 2021.

Ningunha medida relativa á economía circular, cero. Deixaron vixente o Plan de xestión dos residuos do presidente Fraga 1988-2006. Nós aprobamos un novo plan de xestión de residuos urbanos e o PRIGA.

Seis parques eólicos, señoría, en Rede Natura. Ese é o seu balance. Bueno, mellor dito, os do BNG. E agora resulta que, despois de aprobar 24 leis e plans estratéxicos durante 12 anos, investir 1.100 millóns de euros en infraestruturas hidráulicas, sanear completamente a ría de Vigo, estar saneando practicamente a ría de Arousa e estar traballando na ría de Pontevedra e deixar así saneadas todas as rías do país, 16 rías, ¿vén vostede a poñer deberes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, seguiremos traballando. A Xunta de Galicia comprométese a ser unha Administración neutra en carbono, seguiremos traballando e a Xunta de Galicia será un dos primeiros actores á hora de acadar o obxectivo de cero emisións.

Pero, señor Caballero, Alu Ibérica, Alcoa, as Pontes, Meirama, Gamesa, Ence, ¿o seu compromiso ambiental é un deserto económico? *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señoría, para falar do futuro de Galicia o primeiro é ter futuro. Para falar do emprego verde o primeiro é ter emprego. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso, señoría, invítoos a dar unha rolda de prensa vostede e mais eu nas Pontes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se lle parece, (*Murmurios.*) se lle parece, ordenada polo alcalde das Pontes, que dea a palabra a vostede e a min para explicarlle ás Pontes... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a súa política enerxética.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A súa política enerxética consiste en facer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o que lle interesa a determinadas compañías eléctricas, que con pouco investimento van gañar moito máis que con menos investimento. E por iso, señoría, comigo conte para calquera tipo de transición, sen dúbida, económica, planificada e ordenada. Están obsesionados con asociar as siglas do Partido Socialista co tema verde...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, de momento as siglas do Partido Socialista non están traballando por unha España máis verde, senón por unha España máis pobre.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para frear o espolio enerxético de Galicia e o dano ambiental que causa

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Permítanme tamén que as miñas primeiras palabras sexan de recordo para Isaura e tamén para trasladarlle o noso cariño á súa familia e tamén á súa familia socialista.

E indo á cuestión, señorías, hai imaxes que valen máis que mil palabras, e hoxe aquí quero traer dúas imaxes que ademais sucederon no mesmo escenario.

Esta é de abril de 2009, aquí o vemos a vostede, señor Feijóo, abrazado con entusiasmo e con fervor ao *lobbie* eléctrico. E temos outra imaxe que é a do pasado día 5 de xuño, Día



Mundial do Medio Ambiente, onde miles de persoas se plantaron fronte ao modelo eólico depredador do seu Goberno, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

E vostede ten que decidir, ¿vai seguir abrazado ao *lobbie* eléctrico ou vai poñerse do lado do interese xeral de Galiza?

Somos unha potencia eólica e non ten dereito a converter esa riqueza nun pelotazo nin nunha barra libre para o espolio dos recursos do noso país. A enerxía eólica é unha gran oportunidade para a Galiza do futuro, pero vostede está empeñado en seguir no pasado, e trata a Galiza como unha colonia que aporta materias primas para que un puñado de multinacionais se forren deixándonos aquí as migallas. Quite as gafas do colonialismo e deixe paso á Galiza verde do século XXI.

Soportamos o custo ambiental e social de producir electricidade, pero cada vez pagamos a luz máis cara e miles de empregos están en risco precisamente polo prezo da enerxía. E non podemos permitir que unha oportunidade para Galiza quede nun pelotazo eólico das eléctricas, que quede en negocio para os accionistas de Iberdrola, de Endesa, de Naturgy ou Greenalia, que xa sabemos como utilizan as portas xiratorias que funcionan para o Partido Socialista e para o Partido Popular.

Hoxe temos no noso país 4.000 aeroxeradores instalados en 106 concellos, todos no rural. Concellos que levan anos, décadas soportando os custos ambientais sen que vexan as vantaxes, porque seguen perdendo poboación, perdendo empregos, perdendo servizos e calidade de vida. Os concellos con parques eólicos non reciben nin o 5 % dos beneficios e os propietarios nin o 2 %. Perden os galegos e as galegas e gaña o *lobbie* eléctrico. ¿E sabe por que, señor Feijóo? Porque o árbitro está comprado, e ese árbitro é vostede. (*Aplausos.*)

E está a tempo de rectificar e para iso só se necesitan regras xustas, sacar o *lobbie* eléctrico do Consello da Xunta de Galiza e apostar por un novo modelo eólico, pensado desde e para Galiza, xusto no social e no ambiental. Iso é o que quere a maioría e iso é o que propoñemos desde o BNG. Un novo modelo eólico respectuoso co medio rural e coa xente do medio rural, respectuoso co medio ambiente, con participación pública nos beneficios, un modelo eólico vinculado a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego e que abarate a factura da luz. E por iso, señor Feijóo, hoxe preguntámoslle que vai facer vostede para acabar co espolio eólico de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Na pasada sesión de control, señoría, advertiamos que vostede copiaba literalmente as intervencións dos seus portavoces, é certo que como vostede xa era deputada tomaba notas



do que dicían os demais. Agora volve copiar unha foto que sacaron por aquí de vez en cando. O que non quere acreditar é que resulta que esa compañía eléctrica que veu como un cidadán á toma de posesión dun presidente democrático... (Risos.)

Non sei de que se rin, señorías. Comprendo que lles moleste recordar que no concurso eólico do ano 2009 esa compañía levou 1 megavatio, 1 megavatio. ¿Pódese acreditar unha independencia superior? 1 megavatio. Nós non temos amigos ou inimigos, señoría. Nós representamos os galegos e as galegas, nada máis. E eses son os nosos compromisos, e non temos outro.

Falando de espolio, mire, señora Pontón, con todo os respectos, o único espolio é o que leva o Bloque Nacionalista Galego, que nos quere espoliar as esperanzas de Galicia de ser un país próspero. Un país próspero na automoción, un país próspero na minaría, un país próspero na pesca, un país próspero nos sectores enerxéticos. Levan vostedes en contra de todos os proxectos do país, dende aquela autoestrada do Atlántico ata agora non cambian. Colonialismo, espolio, espolio, deixen vostedes tranquilos o país, que somos maiores de idade e non necesitamos a tutela dun nacionalismo rancio, señoría. (Aplausos.)

É máis importante a ideoloxía excluín-te do nacionalismo galego que Galicia, e para nós non hai nada máis importante que Galicia. ¿Cal é o seu modelo, señora Pontón? Vostedes estaban aquí xestionando a Consellería de Industria. ¿Cal era o seu modelo? ¿Lémbralo? Mire o que dicía a Consellería de Medio Ambiente sobre o seu concurso eólico: dúbidas sobre a seguridade xurídica no procedemento. Non o dicía a oposición, dicíao a metade do Goberno que vía como o modelo do BNG era simplemente un espolio.

Señoría, o seu concurso eólico foi cuestionado por todos. En primeiro lugar, polo Consello Consultivo. Un Consello Consultivo que ao decreto sobre o concurso eólico presenta 8 obxecións. E leo textualmente: Resulta non conforme co ordenamento xurídico en razón ás tachas de legalidade recollidas na consideración 7ª. O Consello Consultivo dille ao BNG e ao Goberno que o concurso eólico é ilegal. No Goberno exactamente o mesmo. Estaba cuestionado dende o presidente da Xunta polos membros do Goberno do Partido Socialista. Un grave risco para afrontar indemnizacións millonarias, 55 recursos con responsabilidade patrimonial contra ese recurso. E, por suposto, sen existencia de ningunha garantía no Plan industrial.

Mire, señoría, ¿por que deron a unha empresa quebrada como Alfageme non soamente avais que prexudicaron os galegos por un importe de 32 millóns de euros, senón un dos principais adxudicatarios dun concurso eólico nunha empresa quebrada? ¿Este é o modelo que nos propoñen, señoría? ¿Este é o que temos que aprender? Despois do espolio nacionalista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...do eólico galego comprenderán que ese non é o modelo. O modelo é cumprir a lei, o modelo é aplicar as declaracións de impacto ambiental con rigor, o modelo é modificar os parques cando hai que modificalos e denegalos cando hai que denegalos. O modelo é dicirlle ao Goberno central non aos parques que impulsa sen autorización e sen o visto e prace do Goberno de Galicia. O modelo eólico



do Partido Popular de Galicia é o modelo da lei, é o modelo do rigor, é o modelo da protección medio ambiental. E por iso, señoría, non temos ningún empacho en acreditar que no 77 % do territorio galego non se poden facer parques eólicos, primeira cuestión. E, segundo, mire, levamos informados negativamente 35 proxectos de parques eólicos autorizados polo Goberno central.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A resposta é: se é legal, si, se non é legal, non, caia quen caia, señora Pontón, incluso as propostas nacionalistas.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, non sei por que este tema o pon tan nervioso, a verdade é que cando non hai argumentos ten que vir vostede aquí... *(Murmurios.)*... si, a facer este remix de disparates. É certo que é o rei do escapismo, pero é que hoxe leva a palma.

E non sei se é o mellor día para que vostede fale de conselleiras de Medio Ambiente vendo onde está Beatriz Mato, recolocada coas portas xiratorias en Greenalia, *(Aplausos.)* unha empresa á que lle autorizou parques eólicos neste país sendo conselleira.

Eu a verdade é que cada vez que o escoito, a verdade é que non sei se fala o presidente da Xunta ou fala un comercial de Endesa, de Iberdrola ou de Greenalia, teño que dicirllo, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E, mire, claro que hai que falar de modelo, e neste país hai dous modelos moi distintos. Está o modelo do Partido Popular, que levamos soportando décadas, que é un modelo ao servizo das eléctricas e que é o colmo que fale de cumprir a lei. Cambian as leis á medida das eléctricas e agora din que é a lei quen os obriga a dar eses parques. *(Aplausos.)* É que iso, señor Feijóo, é a corrupción en B, a corrupción en B do Partido Popular, non é só a sede de Génova, tamén está a corrupción en A que está no DOG en leis feitas á medida das eléctricas. Ese, señor Feijóo, é o retrato do seu Goberno.

E, mire, vostede vén aquí ao de sempre, a facer trampismo co bipartito, supoño que agora na contrarréplica, non sei, dirá que a culpa de todos os males deste país é o do BNG, subimos a luz, destruímos todo. Esa supoño que é a argumentación que trae presentada na súa última intervención, na que nós xa non temos dereito a réplica. Pero claro que hai unha diferenza de modelo.

E o BNG puxo en marcha un modelo neste país e ten un modelo de futuro, e ese modelo aposta por que non se poden instalar parques en Rede Natura, por iso cando tivemos responsabilidades paralizamos 35 parques que tiñan proxectados en Rede Natura. *(Aplausos.)* E, por iso,



señor Feijóo, vostede leva 12 anos coa ampliación da Rede Natura conxelada, porque o *lobby* eléctrico llo reclama e vostede obedece. (*Aplausos.*) Iso é absolutamente clarísimo.

Pero, é máis, o modelo que nós defendemos aposta pola participación pública voluntaria; aposta, señor Feijóo, por que hai que vincular os parques eólicos con proxectos industriais que xeren emprego e riqueza. Porque ata o de agora o que estamos vendo é que a enerxía eólica é un negocio redondo para esas multinacionais. Por certo, se hai empresas públicas de Noruega e de Italia explotando recursos naturais (*Aplausos.*) no noso país, mentres que aquí o que vemos é como as zonas do rural se despoboan e non utilizamos a enerxía como un ben para desenvolver o noso país. Desde logo no Bloque Nacionalista temos moi claro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...hai que apostar por utilizar a enerxía eólica para desenvolver Galiza. Lamentablemente, o que vemos é o Partido Popular na súa política de sempre, utilizando a enerxía eólica para un pelotazo para os seus amigos. Supoño que as portas xiratorias explican todo isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a historia lamentablemente acredita cal é a lexitimidade de cadaquén para falar sobre os temas eólicos.

Mire, cando a metade do Goberno bipartito advertiu que o que estaban facendo os nacionalistas co eólico era unha gran cacicada; cando o propio presidente da Xunta tiña que enterarse lendo a páxina web da Consellería de Industria da adxudicación eólica, e non o digo eu, díxoo o vicepresidente nacionalista daquela; cando o responsable de Medio Ambiente, que desde logo legislar non lexislou durante catro anos nada, pero tiña que advertir na mesa de contratación e levantarse da mesa de contratación por dicir que era unha verdadeira cacicada; cando resulta que lle dan a Alfageme, unha empresa quebrada, decenas de megavatios sen ter ningún tipo de músculo para construír un só molinillo, vén aquí a dar lección *urbi et orbi*. Pero, señora Pontón, «nós non autorizamos parques en Rede Natura», ¿Ah, non? Señoría, seis parques en Rede Natura autorizados polo BNG. En Abadín e Alfoz, 21 megavatios; en Viveiro, O Valadouro, Xove, Cervo, A Estrada, Silleda, Antas de Ulla, Agolada, Rodeiro, Mondoñedo, Viveiro, O Valadouro e Xove, e resulta que estes non son parques eólicos autorizados en Rede Natura? Señoría, o Goberno que prohíbe parques eólicos en Rede Natura é o que se senta nestes escanos, señoría. (*Aplausos.*) é o que se senta nestes escanos.

Vir aquí a falar de enerxías renovables e despois montar un lío cada vez que hai unha proposta, cada vez que hai un proxecto. Mire, montan líos antes de que nin sequera o proxecto



este admitido a trámite, montan líos en proxectos que xa están denegados; e van facendo plataformas porque é o que loxicamente levan facendo vostedes dende que se constituíron como grupo de grupos ou partidos políticos unidos.

Mire, o eólico dá 7.000 postos de traballo no país, e aporta ao PIB máis de 540 millóns de euros. En impostos paga 130 millóns de euros ao ano, e desenvolve un sector auxiliar potentísimo; entre outros, pregúntelle a vostede ás 700 familias de Navantia en Ferrol.

Pero, mire, deixémonos de discursos, porque a vostedes isto dos discursos nacionalistas e as bravuconadas e os insultos e as insidias iso si que lles vai ben. Pero, a vedade é que non nos asustan, nin a nós nin á maioría do pobo galego.

Falemos de datos: señora Pontón, ¿cantos impostos cobrou o bipartito polos parques eólicos no país? Cero. ¿Cantos impostos cobra este Goberno dende que chegou a tomar posesión? 251 millóns de euros, 23 millóns de euros anuais do canon eólico. Nestes tempos que levamos de Goberno a esas eléctricas ás que vostede di cobrámoslles 251 millóns de euros, denunciáronnos por mar, terra e aire, nos contenciosos, nos tribunais superiores e no Tribunal Supremo, e gañamos. E, neste momento, calquera que queira poñer un parque eólico no país paga impostos con este Goberno e con vostedes ningún imposto. *(Aplausos.)*

Señorías, ¿cantos parques autorizou o BNG en Rede Natura? 6, este goberno 0. ¿Cantos expedientes abriu o BNG en 4 anos ás eléctricas? 9. ¿Cantos expedientes abrimos nós? Máis de 3.000. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¿Cantos fogares tiveron axuda para o pago...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...do prezo eléctrico mentres gobernou o BNG? Cero. ¿Cantos levamos nós axudados? 25.000.

Señora Pontón, non digo que vostede agora veña facer unha emenda á totalidade do que fixeron os nacionalistas cando estaban no Goberno nos temas eólicos. Pero, mire, honradamente, vostedes son implacables contra as eléctricas, iso si, en Twitter; nós non, señoría; nós cobramos impostos, nós abrimos expedientes e nós axudamos ás xentes que teñen dificultades na tarifa eléctrica. E por iso, señoría, tiñan bastantes máis privilexios as eléctricas con vostedes que con nós. Con nós os únicos privilexios que existen son o dos galegos e das galegas.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos na parte resolutiva que pasarían a ser o 4 e o 5, co seguinte texto:

«4. Elaborar e poñer en marcha un Plan de eliminación de verteduras contaminantes, agrogandeiras, urbanas e industriais, nos ríos galegos, para protexer as zonas máis delicadas e máis ricas das rías, financiándoo con fondos propios e con fondos Next Generation.

5. Elaborar e poñer en marcha un Plan de construción de redes de saneamento separativas nas vilas e cidades da beiramar, de mellora de EDARs con deficiencias técnicas e de construción de novas EDARs, financiándoo con fondos propios e con fondos Next Generation.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe traemos aquí unha iniciativa coincidindo e pretendiamos facela coincidir, ao final a orde do día colocouna un día despois, co Día Mundial dos Océanos. O Día Mundial dos Océanos foi declarado no ano 2009 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas a proposición de Canadá o día 8 de xuño. Este ano o lema era «Océano, vida e medio de subsistencia». Este tema elixido este ano, se analizamos o seu contido, o significado desta frase ten moita máis ou cobra moita máis importancia no noso territorio, porque nós os galegos e galegas, para nós o mar é esencial. E é esencial tanto economicamente como culturalmente, xa que forma parte da nosa identidade, da nosa esencia e do noso patrimonio natural.

Na actualidade estímase que máis de 150 millóns de toneladas de plástico se acumulan nos océanos do mundo, mentres que cada ano se engaden a esas cantidades entre 4,6 e 12,7 millóns de toneladas. Segundo estudos recentes, o fluxo anual de desfeitos plásticos no océano podería case triplicarse para 2040, a 29 millóns de toneladas métricas por ano. Isto é o equivalente a 50 quilos de plástico por cada metro de costa en todo o mundo, unhas cantidades que soan aterradoras.

En Galicia temos 1.500 quilómetros de costa, o que significaría 75 millóns de quilos de plásticos nas nosas costas. Isto sería un desastre medioambiental, é un desastre medioambiental non só no relativo á grave ameaza para a saúde do noso mar, senón tamén o que vai supoñer a nivel económico, vai supoñer danos económicos, perda das nosas comunidades costeiras, do noso turismo, transporte marítimo ou a pesca. Por iso, plantexamos esta iniciativa, porque entendemos que é necesario e urxente un plan de acción global porque o tema é grave e o tempo esgótase.

O Parlamento da Unión Europea aprobou o pasado 25 de marzo de 2021 un informe da Comisión de Medio Ambiente no que reclama medidas urxentes nos países membros da Unión



Europea para reducir os residuos mariños. Neste sentido, recomenda aos países membros, así como ás rexións que os integran, levar a cabo plans e marcos de actuación propios, a maiores da colaboración ou participación nos proxectos europeos.

En Galicia desenvólvese hai uns anos un plan denominado Plan Mar Limpo, que se marca dentro do Fondo Europeo Marítimo da Pesca. Este plan tiña un período de vixencia entre 2016 e 2020 e tiña como obxectivo acadar unha redución significativa do lixo mariño nas costas galegas no ano 2020; realmente iso é o que aparece no papel, pero o que realmente foi non se tratou máis que de accións individuais e puntuais, e a día de hoxe, xa no ano 2021, non sabemos e non coñecemos ningunha avaliación que nos dea unha mostra empírica do grao de cumprimento deses obxectivos.

A miña intención non é facer unha crítica ás medidas concretas que se levaron a cabo ao amparo deste plan, que entendemos que son medidas, ademais, levadas a cabo polas confrarías pesqueiras ou mariscadoras, ás que felicito porque é moi importante e entendemos necesario e imprescindible que a xente do sector se involucre nesta loita. Pero si que o que criticamos é a parte que lle corresponde ao Goberno da Xunta. Porque entendemos que a intención deste plan, foi un plan para salvar os mobles, e refírome a que é un plan para dicir, si, temos un plan e non poder ser achacado que non exista ningunha iniciativa ou ningunha acción medioambiental en relación coa recollida dos residuos das nosas costas. Pero é un plan pouco ambicioso, cunha actuación moi limitada e que, se ben permite dicir, como dicía, que se toman medidas, queda curto en relación coa dimensión do problema.

Dende o PSdeG cremos que é necesario un novo plan, é necesario impulsar un novo plan, un plan máis global e que chegue a toda a costa galega, porque accións individuais en zonas concretas, como dicía anteriormente, non serven para acadar a solución que afecta a toda a nosa costa. Por iso solicitamos un plan máis ambicioso, que conte cun fondo especial, cunha partida especial para a limpeza dos mares. Pedimos unha partida orzamentaria concreta destinada a financiar medidas como programas de recollida de lixo no mar, que sigan involucrando nesta loita o sector do mar, cremos que é moi importante, e a cambio, por suposto, de beneficios económicos, pero chegando a toda a nosa costa cun control e coordinación por parte da Administración.

Entendemos que é necesaria a instalación de estruturas axeitadas de almacenamento de desfeitos a bordo; a financiación dos custos de tratamento de residuos, como do persoal necesario para o funcionamento destes programas co obxecto de evitar un aumento de custos para estes pescadores ou mariscadores ou mariscadoras que participan neles de forma voluntaria.

Entendemos tamén que se deben levar a cabo investimentos nos portos, de xeito que se poidan ofrecer unhas instalacións axeitadas de recepción e almacenamento para as artes de pesca perdidas e os desfeitos mariños recollidos.

E sen esquecermos ademais do que cremos esencial, que é a sensibilización, a sensibilización da nosa cidadanía. Porque creo que esta sensibilización xera un cambio de comportamento, especialmente entre a xente máis nova; a sensibilización ten que ser unha parte integral,



para nós, de calquera estratexia significativa. Cómpre mentalizar a cidadanía de que a prevención é a única solución a longo prazo para a contaminación e que a contribución de todas e todos, de acordo coas competencias e capacidades de cada un, é necesaria.

Este reto é complicado, non é doado, pero é posible; hai anos non imaxinabamos unha cafetaría libre de fume de tabaco e hoxe a ninguén se lle ocorre acender un pitillo nun lugar público e menos pechado. Por iso temos que concienciar, temos que concienciar entre outras porque, falaba agora do fume, porque hai uns días saíu un informe dun organismo internacional que establecía que as praias se sitúan á cabeza onde as cabichas nas praias dos pitillos se sitúan dentro dos dez elementos máis recollidos a nivel mundial, e que unha soa cabicha tarda 12 anos en degradarse e contén preto de 4.000 substancias químicas. Tamén mantiñan que por cada cabicha que acababa nos océanos, por cada unha delas se contaminaban 500 litros de auga. Por cousas coma estas é polo que temos que incidir na sensibilización.

E, por outra banda, creo que a maiores da sensibilización é fundamental tamén o labor de prevención. Entendemos que é importante facer, tras tomar eses programas, esas medidas de recollida de lixo mariño, e creo que é necesario e moi importante facer unha avaliación anual dos residuos que se recollen, xa que a recompilación destes datos podería ser moi eficaz á hora de loitar contra a contaminación mariña. Unha xestión transparente ademais destes datos, incluso que se poidan contrastar con outros datos dos territorios máis próximos, pode ser moi eficaz para elaborar as accións de prevención e sensibilización das que anteriormente falaba, así como para reforzar campañas de recollida deste lixo e orientar as mesmas.

Creo que non temos máis tempo que perder, os galegos e galegas historicamente demos conta do noso compromiso co medio ambiente, demos un claro exemplo cando foi o desastre do *Prestige*, cando saímos todos en multitude a limpar as nosas costas, e polo tanto espero o apoio do resto dos grupos, porque, aínda que queda moito por facer neste terreo, o tempo pasa e as consecuencias, como xa mantiven na miña intervención, van ser nefastas para todos.

Máis nada por agora e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día, señor presidente.

Moitas grazas, bo día a todos e a todas.

A verdade é que, despois de escoitar o presidente da Xunta, parece que tiveramos que ter certo rubor de falar destes temas medioambientais porque dera a impresión de que neste país noso grazas ao grandísimo traballo do señor Feijóo e do seu Goberno estiveran todos os problemas medioambientais solucionados.



Ter que escoitar aquí a un presidente da Xunta que leva gobernando doce anos gabarse, gabarse con todas as letras, dos moitísimos impostos que pagan as eléctricas no noso país, cando resulta que os ingresos polo propio canon eólico supoñen o 0,5 % sobre o que obteñen as eléctricas, realmente é para rir se non fora realmente de pena, (*Aplausos.*) se non fora realmente para chorar.

E ben, entrando non tema do mar, tamén escoitamos hoxe ao señor presidente da Xunta de Galiza nada máis e nada menos que falar de que estaban a piques de ter saneada integralmente —porque esta palabra de integralmente agora nesta nova modernidade vale para todo— a ría de Arousa, e que a ría de Vigo xa está saneada integralmente. En fin.

Hai que ter valor para vir dicir isto diante do pobo galego e diante do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa e da ría de Vigo, que ala que non teñen problemas precisamente debido á falta de depuración ou aos problemas de depuracións nas grandes vilas e nas cidades costeiras. ¡Hai que ter moito valor!

Ben, señorías, señora Castro, efectivamente, onte celebramos ou celebrabamos o Día Mundial dos Océanos, un día que se estableceu no seu momento no ano 2008 pola propia Asemblea das Nacións Unidas, e que neste ano 2021 ten un tema, ten un lema moi claro, que é «O océano vida e medio de subsistencia». E isto que parece simplemente un lema non o é porque realmente os mares, os océanos, ocupan máis das tres cuartas partes do espazo deste planeta e efectivamente son fonte de vida para millóns de persoas no noso planeta.

En concreto, no noso país non só temos unha importancia económica, senón que o mar é intrínseco á nosa propia idiosincrasia e, evidentemente, non está sendo pola acción do Goberno galego protexido como debera ser.

A pesar da importancia dos océanos e dos mares, o impacto dos seres humanos neles está sendo brutal, tamén como vostede dixo, señora Castro. E a Xunta de Galiza, como o propio Estado español, chegan tarde outra vez na aplicación de medidas para reducir a presenza de residuos mariños no noso litoral; e os recursos que destinan os gobernos en xeral a este cometido, aínda que se incrementan progresivamente, quedan moi lonxe do que sería necesario e dende logo do que é desexábel.

De feito, os programas que están en marcha neste momento —estou falando en Galiza, evidentemente— fináncianse con fondos FEM, con fondos europeos, e suman apenas 1,5 millóns de euros en tres anos. Son cantidades insuficientes, baixo o noso punto de vista, para intentar solventar estes problemas que temos, pero, aínda así, o problema fundamental para nós non é tanto a cantidade, senón que a chave está na distribución desas partidas e tamén na continuidade das accións.

En canto á distribución, poderíamos discutir sobre os obxectivos e a efectividade das medidas de pesca activa, porque non son poucos neste momento os que pensan que poñer os profesionais do mar a recoller e pescar lixo mariño, en lugar de pescar peixes e mariscos, pois, en fin, cando unha gran parte dese lixo precisamente provén doutras actividades alleas á pesca, pois non é o obxectivo que debera ser o prioritario.



Por iso, tamén a importancia da formación e da concienciación do propio sector pero da cidadanía en xeral sobre esta problemática, con medidas concretas que se deberían tomar e que xa incipientemente se empezaron a tomar para poñer en práctica nos propios planos de explotación. Esas medidas de concienciación, evidentemente, deben ser transversais, deben abarcar outros colectivos e outros ámbitos tamén da sociedade.

En fin, as medidas, como dicía antes, estas medidas que están postas en marcha neste momento pola Xunta de Galiza, requiren de máis orzamento, de que se complementen efectivamente con recursos propios, pero tamén requiren dunha continuidade no tempo, e requiren sobre todo de manter ou de crear, porque nós si que pensamos que non existen neste momento sinerxías e coordinación con outras políticas, por exemplo coa xestión de residuos sólidos urbanos, coa xestión das depuradoras, etc. E tamén, como antes dixeran, con outros colectivos.

As ordes da consellería inclúen neste momento dúas posibilidades. Primeiro, a da limpeza pasiva, referida ao lixo que se pode atopar no traballo diario, no traballo normal do sector, e que contempla o pago dos contedores para a recollida de lixo, e a da limpeza activa na que se realiza unha retirada de lixo específica e contempla o pago ás mariscadoras; por certo, por certo, segundo o mesmo cálculo feito por día de traballo que se fixo para as axudas para as indemnizacións por parada por Covid, é dicir, absolutamente ridículo baixo o noso punto de vista.

En fin, neste caso, no caso da limpeza activa, son as propias confrarías, as súas asistencias técnicas, as que teñen que realizar o proxecto e controlar o traballo desde a contratación de contedores ata o control da súa retirada. Tamén a clasificación do lixo pesado, e tamén a parte burocrática, que todo isto leva aparelado. É dicir, supón un incremento importante de traballo para as asistencias técnicas das confrarías sen que isto reciba a cambio ningunha compensación.

E, efectivamente, tampouco temos ata o momento, por máis que levamos varias tempadas, digamos, pesqueiras e marisqueiras, ou varios anos con estes programas, non temos a avaliación dos mesmos, a avaliación do seu funcionamento. E, claro, isto é unha eiva, é unha eiva grande porque, para saber como está funcionando o que se puxo en práctica, deberíamos empezar a estudar e a avalialo para ter os datos e corrixir o que faga falta.

En todo caso, señora Castro, o BNG presentou unha emenda á súa iniciativa porque, como acabamos de dicir, nós entendemos que a contaminación mariña non provén única e exclusivamente do propio mar ou do propio sector do mar, moi ao contrario provén nunha cantidade moito máis importante, provén precisamente das actividades que se realizan en terra. E para nós non habería programas válidos para empezar a atacar o problema dos residuos mariños se non se complementan con programas en terra.

Claro, estes programas evidentemente serían moi cuantiosos, afectarían a moitísimas, por non dicir a todas as localidades costeiras deste país, pero cremos que son hipernecesarios para que haxa algunha efectividade nas medidas que se están a tomar.



Por un lado, cremos que hai que poñer en marcha un plan de eliminación de verteduras contaminantes, dende as agrogandeiras ata as urbanas e as industriais nos ríos galegos, que son en gran parte os que contaminan tamén posteriormente as rías e o mar en xeral das nosas costas, e que debера ser financiado con fondos propios, e tamén aproveitar os fondos europeos, os fondos Next Generation, para poñer en marcha actuacións, que realmente en moitos casos son de infraestruturas ou de reparación de infraestruturas e son custosas.

E por último tamén propoñemos engadir outro punto onde se fala de elaborar e poñer en marcha un plan de construción de redes de saneamento separativas nas vilas e cidades de beiramar, de mellorar as EDAR con deficiencias técnicas e de construción das novas EDAR. E aquí si que facemos moito fincapé —non está absolutamente explicitado aquí, pero dígoos agora—, si que facemos moitísimo fincapé en que hai que aproveitar os cartos dos fondos Next Generation para realmente aplicalos a deficiencias básicas que existen na inmensa maioría dos nosos concellos a respecto das redes separativas, a respecto do seu propio saneamento, e das deficiencias e en moitos casos da inexistencia de depuradoras.

Claro, mentres todos estes programas que agora están moi de moda e levan moitas fotos na prensa, ¿verdade?, recollida de lixo mariño, que non é exactamente mariño, pois cremos que paralelamente hai que implementar todo isto con medidas de moito máis calado, de moito máis custo e que serían as que efectivamente repercutirían finalmente na limpeza progresiva das nosas rías e dos nosos mares.

Nese sentido, señora Castro, se vostede acepta a nosa emenda, estamos totalmente de acordo coa súa iniciativa e con votar a favor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, ao día seguinte do Día Mundial dos Océanos, moi acaída esta iniciativa, señora Castro, pero, mire, o Goberno galego concienciado está e moi activo co problema do lixo mariño tamén. Realmente cando lin a súa iniciativa, do que non estaba tan segura é de se vostede era consciente do que dicía na súa proposición orixinal, porque insta a Xunta de Galicia a facer algo que xa estaba facendo en materia de residuos mariños, e como mínimo é sorprendente. Pero sigo sorprendida cando presenta esta autoemenda de branqueamento da súa iniciativa, toda vez que se quedaba moito máis curta do que está a facer o Goberno galego. E sigo sorprendida porque a súa autoemenda segue quedándose curta. Pero non se preocupe, eu vou explicarlle cal é o traballo que desenvolve a Xunta de Galicia nesta cuestión.

Citaba vostede na súa iniciativa a Greenpeace, pero é que en marzo pasado o Parlamento Europeo —ao que tamén facía referencia ese Informe sobre o impacto do lixo mariño na



pesca— é un documento que cualifica estes residuos como un dos principais retos ambientais e sociais no restablecemento do ecosistema mariño, pero tamén como un reto económico por ese impacto que o lixo mariño ten na pesca. Estamos falando de entre o 1 e o 5 % dos ingresos totais procedentes desta actividade.

E este informe tiña un obxectivo, que era saber de que residuos e de que efectos se fala, porque tanto as solucións e as orixes —como dicía a señora Pérez— non só están no mar, senón tamén na terra. E ata aquí penso que estamos todos de acordo, porque este Grupo Parlamentario Popular sumouse por unanimidade do Pleno deste Parlamento en xullo de 2019 para pedirlle á Xunta de Galicia que adoptara medidas —incluídas a formación e a concienciación— para reducir a presenza de residuos mariños. Por iso tamén na Comisión de Medio Ambiente que se celebrou en decembro dese mesmo ano se aprobou unha iniciativa cunha emenda do Grupo Popular na que se pedían programas de recollida de residuos con incentivos financeiros ao sector do mar, plans de reciclaxe e campañas de sensibilización. E pedíanvos, señora Castro, pero polo que se ve non lle fixeron ben seguimento ao tema porque, se non, hoxe non traerían aquí esta iniciativa. Pedíanvos ao Goberno galego que se puxera a traballar nesta cuestión e é o que fixo a Xunta, implicarse, señora Castro; implicarse pero non de novas porque este compromiso xa viña de vello.

A Consellería do Mar promoveu participar de xeito activo na prevención, seguimento, redución de residuos mariños, na formación de profesionais do sector pesqueiro, na sensibilización da sociedade. Así, xa sexa de xeito directo, a través de Fecmar ou Intecmar, puxéronse en marcha diversos programas, xa que a cuestión ten distintos enfoques. E non só vostede fixo referencia ao Programa de Mar Limpo, por iso lle dicía que quedou vostede curta. Mire, o Observatorio do Mar, financiado pola Fundación Biodiversidade, para analizar o potencial de reciclaxe dos principais residuos inorgánicos xerados no contorno portuario. Nada pola Borda, a primeira experiencia hai dez anos en colaboración co sector pesqueiro e portuario para a recollida e caracterización do lixo. Pescal, señora Castro, no que se refire á recollida pasiva e activa con atención especial ás redes abandonadas e perdidas ás que vostede se refería. Proxecto 3R-Fish, financiado polo Proxecto europeo LIFE, para estudar a xestión de recuperación do resto de redes, polietileno, pilas...

E podo seguir. Proxecto ML-Style, financiado por Inditex, coa participación das autoridades portuarias de Vigo e Marín, dez confrarías das rías de Vigo e Pontevedra, e os produtores de pesca fresca do porto e da ría de Marín. Con catro obxectivos fundamentais, que os barcos traían a porto todos os lixos que recollen de forma pasiva; instalar xunto con Portos de Galicia, contedores para estes residuos; analizar o lixo para coñecer a súa natureza e orixe; e estudar a reutilización de redes e restos de polietileno como materia prima téxtil.

E aínda sigo, porque hai dous programas con recoñecemento europeo, señorías: o Proxecto Clean Atlantic, financiado co Programa Interreg, con sede en Vigo e no que participan 19 socios de Irlanda, de Francia, de España e Portugal. ¿E para que? Para a prevención, seguimento, redución e sensibilización do lixo mariño. E o Programa Mar Limpo —ao que vostede se refería—, no marco deste programa a Consellería do Mar publicou en febreiro de 2020 unha orde de axudas con seis proxectos; tres de mariscadoras de Cedeira, Noia e Vigo, que saían exclusivamente a retirar residuos (39 toneladas en 2020). E dous destes proxectos que



rematarán este ano, centrados sobre todo na protección e recuperación da biodiversidade e sobre todo nas actividades pesqueiras e mariscadoras.

Ademais todos estes proxectos desta orde de axudas incluían actuacións de concienciación ambiental e de formación ambiental. En 2021, no marco do Plan Limpo vólvese convocar o 3 de febreiro unha nova orde de axudas cun importe próximo ao millón de euros; 9 proxectos, señora Castro, 8 de recollida activa de residuos.

Esta é unha mostra do grao de implicación do sector na protección e recuperación do ecosistema mariño.

E aínda quero facer un apuntamento máis, que probablemente lle poida mandar un recado ao respecto ao Goberno do señor Sánchez: os plans de xestión do marisqueo aprobados no Plan de explotación marisqueira 2021-2023 inclúen un obxectivo ecolóxico. ¿Cal é? A recollida do lixo mariño. Así, máis do 60 % destes plans contemplan a retirada dos residuos. In-sisto, eses mesmos plans que o Goberno do señor Sánchez pretende tomar.

Pero aínda non rematei, señorías, ata aquí a Consellería do Mar, pero tamén ten que dicir a Consellería do Medio Ambiente. E agora, por exemplo, co Proxecto Upcycling the Oceans, impulsado en 2018 para colaborar co sector pesqueiro, proxecto de economía circular que demostra que os residuos mariños poden ter unha nova vida.

Pero continuamos, campaña «Bye, bye, plástico», de setembro do 2020 —do ano pasado—, en coordinación coa Consellería do Mar e protagonizada —cando vostede se refería aos máis novos— a nenos e nenas para visibilizar o excesivo consumo de plástico e a súa chegada ao mar. O Proxecto Libera, creado polo SEO/BirdLife xunto con Ecoembes, que mobiliza a cidadanía para terminar coa basuraleza.

Despois colaborou a Consellería de Medio Ambiente noutras 38 accións de recollida de lixo en ríos e praias. Participou recentemente en marzo de 2021 nunha gran recollida. O próximo 12 de xuño «Un metro cadrado pola natureza». E ten en carteira outras accións de formación e sensibilización; por exemplo, incorporar a redución do lixo mariño ao Plan xeral de residuos urbanos 2010-2020 como un obxectivo estratéxico; ou na Lei de residuos e solos contaminados, onde se fala desa prohibición de comercialización do plástico cunha enorme presenza nos residuos mariños. Tamén a Estratexia galega de economía circular 2020-2030, que cita expresamente esa recollida e xestión integrada do lixo mariño e o seu aproveitamento de materiais.

Pero un apuntamento máis: o pasado 3 de xuño —hai uns días— a Consellería de Medio Ambiente e do Mar firmaron un acordo para impulsar a actividade do Observatorio Costeiro de Galicia, que vai xogar un papel fundamental nas accións preventivas. Asegúrolle, señora Castro, asegúrolles, señorías, que non foi doado resumir todos os programas e accións postos en marcha —non só Mar Limpo, señora Castro— pola Xunta de Galicia para loitar contra os residuos mariños.

¿Que aínda queda por facer? Claro que si. ¿Que seguro que Galicia nin vai nin vai deixar de facer? Por suposto. ¿Que coincidimos en que este é un gran reto para as administracións pú-



blicas e a sociedade? ¡Clarísimo! E sobre todo tamén o agradecemento que desde este grupo se lle quere enviar ao sector pola súa colaboración.

¿E que imos facer coa súa proposta, señora Castro? Pois de inicio imos votar a favor, e vou explicalo. ¿Como non imos votar a favor do desenvolvemento de programas de recollida e recuperación de residuos no mar con incentivos ao sector se o Goberno galego xa o está a facer? ¿Como non imos apoiar ou votar a favor de campañas de información e sensibilización? Só a invito a coñecer a de «Bye, bye, plástico», non só o Mar Limpo, señora Castro. ¿E como non imos votar a favor dun plan específico de reciclaxe se todos os residuos extraídos e tratados son tratados por un xestor autorizado ou no sistema habitual de recuperación e tratamento de lixo? E, ollo, que moitos dos incentivos ao sector poden caer se o Goberno do señor Sánchez bota abaixo os plans de marisqueo. Logo os que imos preguntar e pedir responsabilidades imos ser este grupo, o Grupo Parlamentario Popular.

¿E como non imos votar a favor do cuarto punto da súa autoemenda se non deixamos de falar, ou no deixei de falar nestes minutos de prevención, de clasificación, de contabilización de residuos? Traballos que ben se pode comprobar que se fan cunha sinxela busca nos medios de comunicación. E aquí só trouxen uns cantos, simplemente para que vira que existen.

E simplemente me vou referir, señora Castro, á emenda de adición que fai o Grupo Nacionalista para engádegas deses dous puntos. Citar que a Xunta de Galicia —como dixo o presidente— leva investidos máis de 1.100 millóns de euros, mal que lle pese, señora Pérez, en obras hidráulicas e especialmente no saneamento das rías, obtendo desde 2009 ata a actualidade unha mellora substancial na calidade das augas, e sobre todo en 32 zonas de produción de moluscos bivalvos. E aclararlle en canto ao seu último punto, se non o lembra, que as competencias de abastecemento, saneamento e depuración son competencia dos concellos, e unha cousa é colaborar e outra cousa ben distinta é asumilo. E ademais, no último punto da súa emenda de adición, son moitos menos ambiciosos no destino dos fondos europeos para este ámbito que o que a Xunta ten previsto ata 2030.

Polo que, señora Castro, o posicionamento deste grupo é a favor da súa iniciativa coa súa autoemenda e en ningún caso coa engádegas dos puntos de adición do Grupo Nacionalista. En caso de ser aceptados polo grupo, pois pediríamos a votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora Díaz, eu, a ver, non sei como empezar a dicirlle... Parece que do seu discurso e do discurso do señor Feijóo parece que en Galicia vivimos nun oasis no medio do deserto. Es-



tamos falando dun problema a nivel mundial, do peor problema ao que se enfrenta o noso planeta, que é o cambio climático; pero en Galicia estamos alleos a el. Estamos nunha bur-bulla, non imos sufrir porque temos unha política medioambiental que fai un territorio sos-tible, a diferenza do resto do mundo. É o que se desprende.

E vostede falábame de programas, moitos plans e moitos programas, pero olvidouse de dicir que todos estes programas non son con fondos propios, son programas con fondos privados ou algunha participación en programas con fondos europeos. Pero non son programas con fondos propios, salvo unhas pequenas subvencións puntuais a determinadas actividades concretas e puntuais.

Entón, eu o que lle pedía era que acaden a recomendación que fixo o informe ao que nos re-feriamos antes, do 25 de marzo do Parlamento Europeo. Este informe pide implicación aos estados membros e ás rexións que os compoñen, e o que pide é que, ademais de participar en programas con iniciativas privadas ou participar en programas de fondos europeos, tomen medidas con fondos propios e leven a cabo programas propios para intensificar esta loita contra o lixo mariño porque estamos ante un grave problema.

Pero, bueno —volvo a dicir—, tanto do seu discurso como do do señor Feijóo seguimos a manter a mesma liña política de fogos artificiais do Partido Popular. Sempre seguen un mesmo esquema: roldas de prensa con presentacións rimbombantes, plans ou programas moi documentados, con gráficos, coloríns, que recollen ademais obxectivos moi ambiciosos; pero logo, ¿que queda?, queda o transcurso do tempo, incluso o transcurso de vixencia destes plans ou destes programas. É todo fume, todo fume. (*Aplausos.*)

Eu hoxe non veño de verde. Non veño de verde nin veño de azul, pero podo dicirlle —e de marrón e de negro— que o compromiso deste Goberno co medio ambiente é un puro pos-tureo. Foi dende sempre e segue sendo un puro postureo, e voulle dar varios exemplos. Creo que non podemos negar —como dicía a deputada do Bloque Nacionalista Galego— que gran parte do problema destes desfeitos mariños é o resultado dunha mala xestión dos residuos en terra. E temos unha Lei de residuos que aprobamos este ano no ano 2021, pero esta Lei de residuos estaba redactada no ano 2018, hai tres anos, que ao mellor non sería moi escan-daloso tratándose doutra materia, pero si o é cando no ano 2019 houbo unha directiva eu-ropea que se negaron a adaptar. Polo tanto, na Lei galega deixaron Galicia atrás en materia de residuos, como non o fixeron outras comunidades autónomas. (*Aplausos.*) Unha normativa ademais..., unha normativa europea moi ambiciosa que impón novas esixencias en materia de xestión do uso dos produtos plásticos. E ademais que marca unha clara estratexia para avanzar cara ao sector do plástico, un sector máis circular, e para loitar sobre todo contra a contaminación mariña derivada destes plásticos. Non entendemos e seguimos sen entender como puideron deixar fóra desta regulación a materia dos plásticos que pediamos nas nosas emendas á lei. E como en Galicia, tratándose dun lugar onde temos unha gran riqueza ma-riña e onde o mar forma parte da nosa esencia e da nosa cultura e do noso patrimonio na-tural.

E podo darlle máis exemplos deste postureo, podo dicirlle que tamén deixaron fóra desta Lei de residuos, e tendo en conta a realidade na que nos enfrontamos da Covid-19, calquera



tipo de regulación neste sentido. Sobre todo tendo en conta as novas ondas de contaminación mariña pola mala xestión dos residuos derivados da Covid, de residuos desbotables, e refírome ás máscaras cirúrxicas ou ás luvas.

E podo seguir falando e comparto o que dicía a deputada do BNG da necesidade de combater en terra, porque a maioría destes residuos veñen da terra, do lixo do mar, e podo falar das augas residuais, da mala xestión, das multas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2018 pola mala depuración das augas residuais; podo falar dos 11 puntos de zonas C para zonas de marisqueo que hai na nosa costa galega; e podo falarlle da primeira advertencia, que foi en 2014, tras sete anos non temos unha lei integral de rexeneración de rías, ningún plan integral. Podo falarlle da Lei de patrimonio natural de Galicia do ano 2019, que non ten en conta os ecosistemas mariños como espazos naturais protexidos; ou do informe de Ence sobre o mercurio que estaba botando Elnosa, que ía crescendo progresivamente e que agocharon nun caixón e que non fixeron nada durante meses ata que saíu na prensa. Ou podo falarlle da Estratexia galega de cambio climático, que tamén é todo fume, aínda non sabemos o grao de cumprimento desas liñas de actuación. Ou podo falarlle dos proxectos Next Generation... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CASTRO REY: ¿Que importancia lle dan ao medio ambiente se nin sequera a conselleira de Medio Ambiente estaba nese comité de expertos que van regular os fondos Next Generation? (*Aplausos.*)

Creo que temos que seguir incidindo na importancia do medio ambiente, na importancia do medio ambiente nestes proxectos porque van ser unha gran oportunidade de xerar emprego. A situación é crítica e creo que Galicia ten que poñerse á liña de Europa, á liña do resto das comunidades autónomas. A situación ambiental existente requireo, o tempo esgótase, non podemos permitir máis maquillaxes nin lavados de cara e necesitamos un plan máis global e dotado de recursos económicos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

Sobre a emenda...

A señora CASTRO REY: Imos aceptar a emenda do BNG e aceptaremos tamén a votación por puntos e grazas polo posicionamento a favor dos... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematados os debates das proposicións non de lei, procedemos á votación destas.

Votación das proposicións non de lei

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre o inicio polo Goberno galego no último trimestre de 2020 do debate



para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Corporación Local.

Acéptanse como de engádegas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

¿Non? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non acepta. Ben, entón vótase coa aceptación da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4 % do IVE sobre a electricidade

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da señora Montserrat Prado Cores.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de dona Marta Nóvoa.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Agora entón votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Borja Vereá

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e tamén a votación por puntos.

Votación dos puntos 1 a 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, quedan aprobados estes 4 puntos.

Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños, excepto os puntos 1 a 4, xa votados

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións e continuaremos logo coa orde do día, neste caso pasamos ao punto de interpelacións.

(Pausa.)

Julio, ao mellor vas ti agora. Julio, creo que che corresponde a ti agora. Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, porque substanciamos... Hai unha alteración na orde... Temos unha alteración na orde do día, imos substanciar en primeiro lugar... —creo que xa máis ou menos se falara cos grupos—, ...imos substanciar... Pois, creo que me comunicaron, se non se falou, estóullelo comunicando eu. Estamos pendentes dunha adaptación, a min dixéronme que ao mellor estaban falando con vostedes. Non o sei.

Agora substanciaríamos unha alteración na orde do día e eu iríalle comunicando despois como vai todo isto, pero en primeiro lugar sería a interpelación do señor Torrado á conselleira de Sanidade, logo substanciaríamos as preguntas do Goberno e valoraríamos as últimas interpelacións se as podíamos substanciar ou non.

Esta é a orde do día e o cambio que eu lles propoño. *(O señor vicepresidente segundo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, parece ser, estanme comentando... —eu, claro, isto é así— ...que o persoal do grupo que está avisado. Persoal do grupo. Eu isto non o podo certificar, non o sei. Non o sei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Con iso non hai inconveniente, se é necesario cinco minutos agora antes de substanciar a interpelación, non hai ningún problema.

¿Señor Torrado, vostede quere..., necesita os 5 minutos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, pois substanciamos logo a interpelación.



Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: ¡Eh! *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non sexas tan enxeñoso... [...] Eu vou avisando segundo vou tendo noticias, xa bastante é. E, polo tanto, eu agradezo esta colaboración, son cousas que xorden así de imprevisto e estamos tratando de adaptar a orde do día. Eu pídolle un esforzo nisto, non creo que sexa un asunto tan complicado. A comunicación ao mellor non circulou debidamente como debía de circular, pero son cousas que sorprenden nun momento determinado e isto non estamos exentos de que nos poida pasar en calquera momento. Entón, polo tanto, o que pido é un pouco de colaboración; neste caso sucedeu así.

Entón, bueno, vostede é un parlamentario de moitas táboas *(Murmurios.)* e supoño que este asunto agora non lle vai custar a vostede agora facer unha interpelación; ademais estou seguro de que xa a trae na cabeza perfectamente deseñada.

Entón, cando queira, pode comezar.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Está moi ben facelo en ton de broma, pero alterar a orde do día do Parlamento ten as súas cuestións, e, polo menos eu, tería desexado sabelo algo máis que 30 segundos antes e non estar escoitando ademais agora mesmo algúns improprios por parte da bancada do Partido Popular cando estou facendo unha interpelación que estaba prevista para dentro de hora e media facilitando a orde do día. Así que, polo menos, garden un pouco de respecto. *(Aplausos.)* Polo menos garden un pouco de respecto.

O señor PRESIDENTE: Perdón, un momento.

Non creo que ningún fixera un comentario nese sentido negativo. Non creo.

O señor TORRADO QUINTELA: Pois vostede non o cre, pero eu sei que si.

O señor PRESIDENTE: E ademais, en todo caso, non procede.

O señor TORRADO QUINTELA: Correcto.

O señor PRESIDENTE: Entón, cando queira.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, falamos dunha cuestión que non é a primeira vez que falamos, non é seguramente nin a segunda nin será a última, e que ademais nos preocupa a todos. Ten a ver esta interpelación cunha situación estrutural que se dá no sistema sanitario, que se vén



dando dende hai moito tempo, pero que ademais se agrava ás veces cando dende este Goberno pretenden facer algún demérito ou algún ataque aos profesionais polo feito de que reivindicuen as súas funcións laborais.

A última o señor Feijóo hai breves días, dicindo que os profesionais deberan de olvidar un pouco máis as súas condicións laborais, que deberan de non estar todo o día pedindo por elas, de que deberan centrarse noutras cousas, o cal é un desprezo aos profesionais profundo, dende o noso punto de vista merecedor dunha desculpa.

Ten que ver en certa maneira cunha tendencia que ten este Goberno, o señor Feijóo principalmente, a atacar os profesionais sanitarios cando din, afirman ou sosteñen, ou protestan por algunhas cuestións que non lle gustan. Xa sabe que cando hai algunha posición dos profesionais sanitarios que lle gusta porque teñen posicións, dende o seu punto de vista, non afíns aos partidos políticos, cando teñen algunha que ao señor Feijóo lle gusta, di: facémolles caso aos profesionais. No caso do Comité Clínico está moi ben porque lle fan caso, pero anuncian as decisións dous días antes.

Pois non hai moito tempo, falando moito das cuestións das substitucións nos centros de saúde, o señor Feijóo dixo que era imposible facer unha organización cando había un 17 % de baixas nun centro de saúde. Fíxese como é este debate que un 17 % naquel caso era unha baixa de 6 profesionais, unha baixa de 6 profesionais. E o outro día dixo que as reivindicacións laborais tiñan que quedar un pouco ao lado. E nós traemos hoxe un debate sobre as condicións laborais e os recursos humanos no Sergas. ¿Por que? Porque a política de recursos humanos no Sergas probablemente é o eixo central daquelas cuestións que nós cremos que neste sistema non funcionan. Este sistema funciona grazas aos profesionais, con plena dependencia do seu bo facer, e a pesar dos seus dirixentes, que especialmente en termos de recursos humanos teñen unha política que nós non compartimos, que é a da precarización absoluta. ¿Por que dicimos isto? Porque temos dous problemas e os dous, tendo algunhas dificultades de ser arranxados, tendo algunhas dificultades no momento en que entendemos que os recursos humanos non aparecen de debaixo das pedras, non teñen que ver cunha decisión de hoxe que acabe mañá, non teñen que ver cunha circunstancia que se poida resolver de calquera maneira e sen planificar, pero si é certo que algúns dos déficits se poden planificar.

E digo que ten que ver con dous eixos. O primeiro deles, un déficit de profesionais; non é un déficit numérico de porque non teñamos profesionais de medicina ou doutras especialidades existentes para poder contratar. Unha recente OPE en enfermaría plantexaba en termos moi globais algo así como 800 prazas e había 8.000 persoas presentadas. Non hai un déficit de enfermeiras, o que hai é un déficit de contratación.

Non temos un déficit xeral en termos globais en médicos e médicas, pode ser axustable nalgúns datos, pero non existe. ¿Cal é o problema? Que podemos ter algúns problemas en termos de especialidades, e aí hai algún déficit que o sistema debe poder corrixir ou debера corrixir.

Temos unha planificación, unha posibilidade de planificar con respecto ao volume de xubilacións, porque os datos hoxe permítennos saber cantas persoas se van xubilar hoxe, o



ano que vén, dentro de dous anos ou dentro de cinco. E, sen embargo, nos últimos anos dá a sensación de que o Goberno da Xunta foi improvisando algunha reacción sobre recursos humanos, improvisando no sentido de que se tomaron decisións, como a variación da xubilación (primeiro subiuse, logo baixouse, volveuse a subir, volveuse a baixar), que ao final o que acaban por facer é demostrar que é unha consellería que está bailando coas decisións en función do momento. E os recursos humanos é unha cuestión que merece moita planificación.

Esta consellería nos últimos doce anos perdeu de convocar un número enorme de prazas habilitadas MIR para profesionais de medicina de familia e comunitaria, 150 calculadas, que se poderían convocar e non se convocaron. É dicir, parece que non ía facer falta e non eran conscientes de que farían falta agora. En definitiva, vimos acumulando un problema de déficit na contratación.

Hai outro problema que se asocia a este, que son as condicións laborais e a precarización dos profesionais que xa están ou dos que están entrando no sistema ou con posibilidades de acceso. ¿Por que? Pois porque as condicións laborais que ofrecemos en Galicia son probablemente das peores do Estado. E isto ten que ver tamén co déficit dos profesionais, porque alí onde nós temos déficit de profesionais, hai outras comunidades autónomas, outros países, que teñen tamén o seu déficit pero menor, en moita menor medida. ¿Que problema ten iso? Que ao final pasa —doulle o dato que creo que xa temos compartido moitas veces— cando un profesional acaba a súa formación, a súa formación MIR en Galicia, cinco anos despois dese dato, cinco anos despois, en Galicia contrátanse aproximadamente de maneira estable entre o 15 e o 20 %, como moito o 20 % dependendo da especialidade. Hai un 80 % de titulados profesionais formados en Galicia, especialistas cunha calidade formativa enorme, como temos neste país, recoñecida en todo o mundo, que non son contratados de maneira estable no Sergas. ¿Por que? Pois porque ao final onde outros países, onde outras comunidades autónomas están ofrecendo os contratos de continuidade a dous ou a tres anos, aquí ofrecémolos a un como moito. Porque noutros países, noutras comunidades autónomas onde ofrecen contratos máis estables e máis focalizados xeograficamente, aquí ofrecémolos sen saber onde van ter que traballar, sen saber onde van ter que facer a súa xornada ao día seguinte, e probablemente en moitos casos, sen saber se ao día seguinte van ter que traballar ou non, o cal dificulta eses problemas de conciliación da vida normal que, ao final, cando unha persoa ten 28, 29 anos, 30 anos 27, un pode pretender asumilos por vontade de estar na túa terra, coa túa xente, pero tamén é certo que, cando un quere plantexar cousas a moi longo prazo, ou ser pai ou nai, ou formar unha familia, ou estabilizarse, ou ter algunhas ambicións vitais, obviamente lexítimas, ninguén pode facelo dentro do sistema do Sergas porque a planificación estrutural dos recursos humanos do Sergas é a peor ETT de Galicia. E, por tanto, estamos ante unha situación que dificulta con moito, ademais, a nosa capacidade de ser un sistema resolutivo máis alá do que somos. O problema é que podíamos ser moito mellores e non o somos pola tendencia a ser cicateros na política de recursos humanos.

E de aí vén o que nós plantexamos sobre o que dixo o señor Feijóo, que dixo que os profesionais debían abandonar a súa reivindicación sobre as cuestións laborais, ou non telas tan presentes. As condicións laborais determinan a calidade do noso sistema, vostede é cons-



ciente. Vostede é consciente moitas veces como que se contradí co señor Feijóo moitas veces e despois téñenlle que chamar á orde e acaba vostede por asumir a posición dominante. Pero nós sabemos que, existindo a posibilidade de convencelo, igual somos quen de convencelo para que lle traslade ao señor Feijóo que non diga esas barrabasadas. ¿Por que? Porque si que as condicións dominantes, as condicións laborais son dominantes con respecto á calidade asistencial, porque non é a mesma calidade asistencial que unha enfermeira teña que traballar hoxe en urxencias, mañá en neonatos, pasadomañá nunha planta de UCI e ao día seguinte non sabe se traballar, porque non poden axeitar o seu traballo e non poden ser capaces de coller os hábitos, os automatismos das propias plantas nun hospital. Porque non é posible ter unha capacidade de ter unha garantía plena ou absoluta de toda a calidade sanitaria cando lle trasladamos, como trasladan vostedes estes días, que queren conceder oito ou dez minutos por paciente en atención primaria, que é loable, os famosos dez minutos que piden os médicos de familia. ¿Cal é o problema? Dicímolo nós dende hai moito tempo, dínllelo ultimamente na prensa moitos colectivos, hoxe mesmo nalgún medio de comunicación algúns profesionais, que o problema non está en querer dar dez minutos por paciente, que está moi ben, o problema está en que non se poden dar dez minutos cando os profesionais seguen tendo 50 pacientes ao día, porque iso ao final dez minutos por 50 pacientes, que son 500 minutos, son máis de oito horas continuadas. O cal, se un xa quere pensar en facer visitas a domicilio, en atención telefónica para renovar unha cita ou para renovar unha prescrición ou facer, fíxense que cousa de reivindicación laboral tan estraña, un descanso de quince minutos; ou fíxense que reivindicación laboral tan estraña como ir ao baño, non poden porque entón estaríamos superando moito máis alá das oito horas e probablemente moito máis das nove horas diarias ou das dez horas diarias, que moitos profesionais acaban facendo por vontade pero que non podemos esixilo como unha obriga, porque xa está ben de apelar á solidariedade e á vontade dos profesionais e ao seu compromiso moral, que xa o teñen, pero en base a iso non se come.

E nós o que defendemos é que dicir que os profesionais deben abandonar as súas reivindicacións laborais é non entender o sistema ou entende que a xente debe ser escrava do sistema ou dos desexos de alguén. Porque iso é o que condiciona tamén, condiciona que moita xente teña que ter de media catro ou cinco minutos co seu profesional de primaria, e vostede probablemente é consciente de que moitas persoas con catro ou cinco minutos non poden ser atendidas correctamente; moitas persoas con dificultade de mobilidade, persoas maiores, que, se van ao profesional de primaria do seu centro de saúde, tardan catro minutos en quitar unha prenda de roupa para que poidan observalas, e é imposible. Se poñermos 50 paciente ao día, que é o que teñen, non hai maneira, non hai maneira de resolver o sistema. E iso son reivindicacións laborais. Porque non é posible tampouco asumir —contabamos o exemplo recentemente nun debate— que, habendo poñamos que arredor de 250 días laborais ao ano, existan profesionais neste país, que existen hoxe en día, onte no ano pasado, neste ano, que están asinando 270 contratos laborais ao ano, o cal evidencia que están traballando moitos máis días dos que deben ou que están facendo máis dun contrato por día, e iso non é asumible. Non é asumible que alguén acabe asinando contratos durante anos para o mesmo posto de traballo concatenando contratos cando era evidente unha necesidade estrutural e o fan de maneira eventual. E é tan evidente que os xulgados din da súa consellería, señor conselleiro, da súa consellería, que contrata de maneira torticeira e fraudulenta. A min non me gustaría que o dixeran dunha xestión miña.



Nós o que lle preguntamos é: ¿vostede cre que iso é digno desa consellería? Queremos sabelo. O anterior conselleiro, co que tivemos moitos debates, dixo no seu momento nunha entrevista periódica moi coñecida: «éche o que hai, todos pasamos por iso». Creo que é unha breve maneira de dicir que as reivindicacións de progreso e de avance non debe ir a ningún lado.

En fin, nós pretendemos saber se vostede é da política do «éche o que hai» ou se cre que non é digno. Se hai algunha posición intermedia, transmítanola, pero nós cremos que non é digna.

En definitiva, traslademos que as condicións laborais son precisamente o eixo que pode facer mellorar a capacidade do mellor talento e do que mellor temos no sistema, que son os profesionais laborais. E nós demandamos que a política de recursos humanos do Sergas poña as pilas, deixe de ser unha mala ETT, a peor de todas as que hai en Galicia, e poidamos defender o mellor que temos no sistema, que son os profesionais, que agora mesmo, e non llo dicimos nós soamente, estanllo dicindo constantemente, non cren estar sendo ben tratados laboralmente e, por tanto, estamos reducindo a nosa capacidade de ser eficientes por ter unhas condicións laborais bastante cicateras e bastante paupérrimas para o que merecen. Porque ao final aplaudir pode aplaudir calquera, pero á hora de xestionar e poñerse enriba da mesa dá a sensación de que vostedes miran para outro lado e empezan a aplaudir a outro sitio, pero os profesionais sanitarios non os están aplaudindo.

Moitas garzas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Permítanme tamén que as miñas primeiras palabras hoxe tamén vaian para o recordo a Isaura Abelairas, coa que tiven ocasión de compartir algunhas inquiredanzas e algúns casos concretos cando estaba na área sanitaria de Vigo e incluso estando na consellería. Unha aperta para aos seus familiares e, por suposto, para o Grupo Socialista.

Dito isto, vou empezar a responder esta interpelación agradecendo, por suposto, aos profesionais do Servizo Galego de Saúde o seu traballo. Aí creo que vai ser o único en que vou coincidir con vostede, señor Torrado, porque a descrición que vostede fixo hoxe do Sergas é como se fose o peor lugar para traballar na sanidade. Enténdame que, por suposto, non comparto en absoluto practicamente ningunha das súas afirmacións.

Eu creo que temos que seguir recoñecendo aos profesionais todo o labor que están a facer nesta situación, e por suposto de sempre, no Servizo Galego de Saúde. E teño que dicirlle que o Sergas é o maior empregador de toda Galicia, con 42.000 persoas de media contratadas



no mes de maio. Son 6.000 máis que cando gobernaba nesta comunidade autónoma o Partido ao que vostede pertence. 1.000 máis, por exemplo, no ámbito da enfermaría. E dígoo porque levamos semanas escoitando que o que temos que facer é contratar máis persoal. Pois, como digo, 6.000 persoas máis.

Chegamos a esta cifra despois da convocatoria de 8.112 prazas dende o ano 2012, no período 2008 a 2021 cerca de 4.000 profesionais de persoal diplomado de enfermaría, un total de 3.847, incorporáronse como persoal fixo do Sergas.

Para o ano 2021 incrementamos o capítulo de persoal en 154 millóns de euros, un 8,5 máis respecto ao ano pasado. Continuamos coa creación de prazas vinculadas por un lado ao Plan de atención primaria, 161 novas prazas no orzamento deste ano 2021; 15 prazas no Plan de hospitalización a domicilio; ou 120 prazas no Plan de saúde mental. En total 296 persoas que se incorporan a postos de traballo estables neste ano.

Non son promesas que non se executan, como seguramente vostede dirá, senón que son prazas, como digo, estables neste mesmo ano. Ademais, incrementamos en 125 as prazas de persoal residente en formación. Supoño que vostede non o saberá, señor Torrado, pero a capacidade docente dos centros de atención primaria sempre intentamos esgotala a tope, foi este ano o primeiro ano que o conseguimos, porque como vostede supoño que o sabe e, se non, dígollo, depende fundamentalmente das unidades docentes e de acreditación e dos titores. No momento en que puidemos e tivemos o visto bo dos titores para incrementar esas prazas, fomos ao tope das que temos acreditadas neste momento.

Todo isto, isto que estou a comentar, supón un investimento só no ano 2021 de 11,9 millóns de euros en gasto estrutural. Así mesmo, no mes de maio aboouse na nómina de 13.480 profesionais do Sergas o importe correspondente ao recoñecemento da carreira profesional coa segunda convocatoria formalizada no ano da pandemia. Isto supón un investimento de 10 millóns de euros en 2021 e de 10 millóns de euros en 2022.

O recoñecemento da carreira supón, por exemplo, para unha enfermeira con dous graos recoñecidos un incremento medio do 14 % na súa nómina aboada en catro anos.

Ademais, temos a creación do Fondo de continxencia Covid, dotado de 115 millóns de euros, isto permitiu manter contratos de reforzo de persoal e facer fronte ás novas necesidades de recursos que impuxo a pandemia, entre outras o persoal contratado para o Plan de vacinación.

Grazas ao pacto acadado coas organizacións sindicais, neste caso Comisión Obreiras, CESIC e SATSE, puxemos en marcha o Plan de continxencia Covid-19 en materia de recursos humanos, con 17 medias no ámbito de persoal, e grazas ao cal puidemos contratar o persoal suficiente durante a pandemia, ademais de recoñecer o esforzo dos profesionais que desempeñan o seu labor en primeira liña con, por exemplo, 41.000 permisos Covid autorizados.

Só no mes de febreiro, e por mor da terceira onda, sumamos máis de 3.000 profesionais contratados con funcións vinculadas á Covid e á vacinación. Baixo este plan, creamos a modalidade de contrato «Nomeamento eventual de emerxencia sanitaria», que permitiu ofre-



cerlle maior estabilidade no emprego —vostede fala de estabilidade, pois esta é unha medida concreta de estabilidade—, como dicía, permitía ofrecerlle maior estabilidade ao persoal contratado neste caso para reforzar o sistema ante a pandemia e, aínda que a súa dirección inicial estaba prevista de seis meses, o 65 % dos contratos de «Nomeamento eventual por emerxencia sanitaria» estiráronse ata un ano para poder atender mellor a demanda.

Fundamentalmente hoxe concentramos na vacinación en grandes recintos este persoal, así como tamén vinculados á realización de probas PCR, Covid-auto, mantemento de circuítos Covid en urxencias, UCI, reforzos en laboratorio para poder levar a cabo o sistema de *pooling* por exemplo, ou reforzo nos centros sociosanitarios, entre outras cousas vinculadas á Covid e asignativas. Repito que son contratos dun ano por emerxencia Covid.

Indicar, ademais, que dende o 1 de abril de 2021 se realizáron 199 vínculos como facultativos especialistas aos MIR que remataron a especialidade en maio de 2020, que lle recordo que quedaron con nós todo este tempo. Aquí, gustárame facer unha paréntese, xa que a semana pasada se debatía neste Parlamento unha iniciativa para garantir o proceso de elección transparente para as prazas de formación sanitaria, para garantir que Galicia non quedara con prazas vacantes, e vostedes e o BNG dicir, de paso, que pasaron de puntillas por esta iniciativa.

A formación en Galicia é fundamental para que estes profesionais poidan incorporarse no sistema sanitario unha vez rematen o seu período formativo e deste xeito mellorar a dotación de recursos humanos especialmente en niveis sanitarios nos que contamos con importantes déficits de profesionais, como é por exemplo o caso de atención primaria.

En definitiva, o Plan de continxencia permitiu estabilizar un gran número de profesionais, mellorando condicións de traballo, garantindo a dispoñibilidade no tempo de recursos humanos para dar resposta esencial ante, neste caso, as novas ondas e, así mesmo, permitiu a posibilidade de despregar recursos adicionais operativos nun breve espazo de tempo.

A comezos do ano 2019, acordamos cos sindicatos, aínda que a vostedes non lles guste, o nomeamento eventual de continuidade. Vostede dicía aquí que só duraba un ano, que non fixaban límites xeográfico. Pois equívocase, señor Torrado, é ata tres anos e está establecido un límite xeográfico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, ben, despois se quere doulle o detalle dos contratos que están, a duración e o ámbito territorial.

Mire, hai un compromiso por parte das áreas sanitarias de que o 80 % da xornada dos contratos de continuidade sexan coñecidos o mes anterior. Se vostede isto non o coñece, eu doulle os datos, pero é así. Dicía que este contrato, plantexado para medicina familiar e tamén persoal de enfermaría, permitía ou permite outorgar maior estabilidade laboral aos profesionais, fidelizar recursos humanos dispoñibles, fomentar a continuidade asistencial na relación dos profesionais usuarios cos servizos sanitarios e garantir unha maior calidade asistencial á poboación.

Este nomeamento de continuidade, cun contrato de tres anos —insisto—, garante no caso do facultativo de familia, unha remuneración por riba dos 60.000 euros anuais, e máis de 3.000 para enfermaría. Se vostede a isto lle chama precariedade, bueno, supoño que ao me-



llor vostede manexa outro tipo de contratos, dende logo para nós isto non é precariedade: 60.000 euros anuais e, neste caso, ligado a xornadas de 7 horas e con dúas gardas ao mes no caso dos facultativos.

E, ao contrario do que sempre achacan vostedes, dispoñen, como digo, de calendarios anticipados. Actualmente hai vixentes 252 contratos de continuidade, 115 con vocación de praza de cadro ao remate da súa vixencia, que esta é outra característica destes contratos. Ao cabo deses tres anos, se esa praza está xustificada, hai un compromiso da Xunta de Galicia de convertelas en prazas estruturais nesa área na que están ubicados. Despois supoño que me explicará vostede que parte non entende diso.

Con este nomeamento, dicía, promoveuse a estabilidade do persoal con vínculos que evitan contratacións sucesivas e garantindo a finalización dos nomeamentos, unha vez pasados tres anos. O Sergas, repito, avalía esta creación de prazas estruturais pasados os tres anos se se confirma a conveniencia destes contratos nesa área en concreto.

Ademais da duración de tres anos e as boas condicións de traballo, estes contratos ademais contan con estabilidade, ao quedar á marxe da OPE e dos concursos de traslados durante a duración do contrato, tema tamén importante, porque —tampouco vostede o comentou loxicamente— no Sergas coidamos non só dos que entran senón dos que están. O Sergas ten un concurso aberto e permanente mediante o cal calquera persoa con praza en propiedade en calquera centro sanitario ten opción cada ano —cada ano— de escoller unha praza distinta que estea vacante e moverse. Isto xera dificultades, probablemente primeiro aos cidadáns, tamén á realización, pero sobre todo cremos que é unha boa maneira de que os profesionais estean onde queren estar.

Pois, repito, estes contratos de continuidade non están abertos, estas prazas non están abertas nin ao concurso aberto e permanente nin á OPE. Pero, repito, a mellor forma posible para acadar maior estabilidade de persoal é a convocatoria de OPE. Por iso, nesta lexislatura, da que non levan transcorridos máis de nove meses, temos xa feitas dúas ofertas: 985 prazas de licenciados, técnicos sanitarios e outras categorías na de 2020, que moitas están convocadas e que os exames comezarán á volta do verán; e 1.215 na oferta de 2021, a metade das cales son para estabilizar con praza fixa persoal de enfermería.

E gustaríanos poder convocar máis prazas, xa que o único xeito de estabilizar o persoal é este. E por iso levamos reclamando ao Goberno central —do seu mesmo partido, por certo— que nos permita eliminar a xa famosa taxa de reposición, pero, lonxe diso, o que nos din é que van acabar coa temporalidade. Parece pouco coherente, non che deixo convocar máis prazas e tampouco podes facer contratos temporais. Para o Partido Socialista, semella ser mellor non contar co persoal necesario para prestar unha atención sanitaria óptima. Nós queremos poder ofertar todas as prazas que requiren as necesidades asistenciais e non soamente as vacantes xeradas polas xubilacións.

Se a Administración do Estado eliminara definitivamente as taxas de reposición no Servizo Galego de Saúde, poderíanse ofertar preto de 3.000 prazas para a estabilización dos profesionais da sanidade pública galega.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...sería a mellor oferta de emprego público dende o ano 2001, capaz de reter e atraer os novos profesionais, especialmente aquelas categorías que rexistren dispoñibilidade de persoal. Nós neste caso seguimos agardando polo Goberno central.

En canto á eventualidade, hai que ter en conta os dereitos laborais, señor Torrado, dos e das traballadoras, xa que non se pode obviar que un organismo con miles, 42.000 profesionais en plantilla, se xeran permisos, situacións de IT, licenzas por conciliación e vacacións. Inevitablemente as eventualidades serán sempre necesarias nunha Administración dos servizos do tamaño do Sergas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...para poder cubrir estar ausencias necesarias por mor de todas estas circunstancias laborais que as motivan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Vexo que debeu de —como é lóxico porque está ocupado con outras cousas— perder o debate dos MIR do outro día, porque lle podo lembrar que vostedes estaban *a favor* do mecanismo que se utiliza para a selección de prazas MIR. Declaracións, prensa especializada, entrecomiñados, entrevistas... ¡A favor! ¡A favor! Pódeno buscar. *Redacción Médica*, 19 de maio, por exemplo, con declaracións da consellería. Pero, en fin, non imos perder... Se vostedes non saben nin o que din un día nos medios, pois está ben.

Recoñecer os profesionais está ben, pero ¿que é iso basicamente? Recoñecer os profesionais, ¿que é? Porque o papel soporta todo, que se a eventualidade é necesaria pero está controlada, que se a estabilidade, que se a planificación... O papel aguanta todo. Mire, a taxa de reposición, vostedes pasaron 7 anos gobernando en Madrid, coincidindo cun Goberno aquí, nin pronunciaron ese termo, nin o pronunciaron, ¡nin o pronunciaron! Non son quen —e levo tres anos pedíndoo, eh— que me ensinen cal é esa carta que din vostedes que lle transmitiron ao ministerio para pedilo, que quero vela. Xa conseguín que me dixeran que existía. Por favor, co seu rexistro de entrada e estas cousas.

Contratos de continuidade, ¡se é que o papel o soporta todo!, os contratos din dun a tres anos, agora, non ao principio, eh, agora xa rectificaron, cando viron como era a cousa, e agora xa din que teñen unha [...] xeográfica. Pero esa non é a realidade. Claro que podemos, podemos traer todas as persoas —tampouco son tantas— que asumiron un contrato de con-



tinuidade e preguntarlles se o seu contrato é dun ano, de dous ou de tres. Fagamos esa estatística. Traiámoslos. Porque son practicamente todos dun ano. Vostedes fixeron entre un e tres anos de oferta de contrato de continuidade, e nós fixemos aquí entre un e tres non, porque vostedes ao final van poñelos todos de un. Non, non, ¡como imos facer iso! Todos de un. Se é que son previsibles, por cicateros.

As prazas formativas, pero 150 prazas de medicina familiar comunitaria, recoñecidas polo seu Goberno que non se pediron no seu momento. Xustificaron o porqué, non estamos de acordo, xustificárono, non me diga vostede agora que chegaron ao tope das posibilidades. Non, nunca chegaron ao tope das posibilidades salvo estes dous anos, que ademais teñen a maior oferta de prazas formativas que lle convocou o Estado nunca na historia, que, por certo, poderían dicir despois do que escoitamos aquí.

Por iso, que o papel o soporta todo, é que temos un bo número dentro doutras especialidades. Eu teño escoitado aquí un montón de veces contar que temos un gran sistema de pediatría, que o temos porque temos grandes profesionais. Claro, que si. E que non podemos criticar o sistema de pediatría porque a cobertura de prazas en primaria está no 88 %. Pero é que Asturias está no 98 %; Castela e León no 99 %; A Rioxa, 99 %; Cantabria, 96 %... Claro, é que hai que facer un pouco de perspectiva. Se temos a terceira peor taxa de médicos por habitante de toda España, colexios médicos de España. Non son datos que dea eu.

¿Cal é a nosa taxa de presenza de enfermería por habitante no sistema de saúde público? A peor de España, que xa é un país que ten pouca con respecto a Europa, porque temos moitas especialidades tamén que cobren algunhas outras prazas, pero aínda así deficitaria. E temos a peor de España. Vir aquí a dicir isto está ben é fácil, pero a realidade é outra, e nós non lle estamos dicindo, como dicíamos dende o principio, que polo menos eu sei que os meus compañeiros e dende que eu son voceiro de sanidade, sabemos que non é unha cousa dun día para outro, pero xa levamos uns cantos anos sabendo que non é dun día para outro. Xa nin dun ano para outro, dun ano para dentro de moitos anos.

E, mire, por último, non é todo diñeiro, sei que é unha posición moi liberal entender que todo é diñeiro e que todo se compra. Non se pode argumentar aquí, como fan vostedes de verdade, que digo que eu creo que se equivocan no plano humano, dicirlle á xente que non pode reivindicar estabilidade porque cobran moito. Non é todo diñeiro, porque non se trata de que sexa un mercado onde a xente poida escoller libremente entre obxectos sen valor. Estabilidade tamén é saber se despois de un ano, que non é estabilidade, van poder seguir contratados aquí ou non. Porque non estamos falando dunha necesidade puntual, este é un sistema que por sorte ten unha capacidade estrutural moi ampla, pero podemos facer previsións a longo prazo. Non é todo diñeiro, non se trata de dicir é que cobran 60.000 euros e cobran moito. Pois eu creo que os merecen, porque o debate dos salarios é perigoso, eu creo que os merecen, ¡claro que os merecen! E, como os merecen, non se lles pode dicir que é moito, porque os merecen, e o que dicimos é que os merecen este ano e tamén o que vén, porque os necesitamos, e por tanto dicir que van cobrar 60.000 euros un ano e non poden protestar, e xa veremos o ano que vén, iso é inestabilidade, e iso si é precariedade tamén, porque non é só unha cuestión de euros, non é só. É, e por iso digo que tamén ten que ver con que o papel o soporta todo, que vostedes digan que agora traballan 7 horas á semana.



Dígannos entón como se fai, que vostedes van facer 10 minutos por consulta en atención primaria, con profesionais que traballan 7 horas ao día; 10 minutos por consulta tendo 7 horas de traballo non dá para a media de pacientes que temos, e moito menos para a maior parte deles que atenden a máis de 50.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...porque ao final o papel soporta todo aquí, e o papel soporta todo tamén aquí, pero hai que entender que o sistema é complexo e hai que unir as dúas vontades. Nin é todo cartos nin é todo falar por falar; os datos din que estamos mal en condicións laborais, que temos grandes profesionais que as soportan, pero que podemos melloralas, e iso é o que nós defendemos, non é nada tampouco tan revolucionario.

E é máis, eu estou seguro de que vostede na súa figura de conselleiro fai o papel que ten que facer, pero no seu coñecemento real sabe, que algo de razón temos, porque o din os xulgados, que vostedes contratan de forma torticeira e fraudulenta e diso aínda non me dixo nada, probablemente porque é certo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Bueno, señor Torrado, vou insistir no tema dos contratos de continuidade, porque repito que parece que vostede non o ten claro. Os contratos inicialmente foron sempre de entre un e tres anos, non foi algo que se engadiu despois, recordo perfectamente cando se aprobou en mesa sectorial e cando nos tocou implantalo. Foi dun a tres anos, o motivo de poñer dun a tres anos, e incluso despois poder converterse en praza estrutural, era porque inicialmente non tiñan ubicación territorial neste caso e estaba pendente se esa praza estrutural ía callar —dito dalgún xeito— nese centro de saúde ou nesa área. Pero podo dicirlle que todos aqueles que iso se consolidou, os contratos que empezaron por un ano ampliáronse; e o compromiso da consellería é estiralos ata tres anos, e —tamén parece que a isto non lle dá importancia— convertelos en estruturais, señor Torrado, en estruturais. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Bueno, pero entón non... Podemos estar de acordo en que facían falta antes, pero dende que está posta esta medida no ano 2019 vamos intentar sumar... ¿Vostede cre que esta é unha medida correcta? Se cre que é correcta, apóiea, non se dedique a dicir que é unha medida que non funciona e ademais diga que son dun ano. Non son dun ano, señor Torrado, son de entre un e tres, e convértense en estruturais, non llo podo dicir máis claro.

Eu falei do soldo destes colectivos porque vostede falou de precarización. Eu creo que un médico recén rematada a súa especialidade, ese é un soldo completamente digno e creo que non é precarizalo, por iso utilizo a cantidade. Non escoitou a este conselleiro, e creo que a ninguén do Goberno, falar de que os médicos cobran moito ou cobran pouco, cobran o que



merecen. Ademais, por certo, na liña do que se cobra en todo o Estado español; non son nin os primeiros nin os últimos da cola en retribucións.

E, por se fora pouco —repito—, en ano de pandemia este Goberno aprobou os dous niveis de carreira; que —repito— 10 millóns de euros este ano, 10 millóns de euros o ano que vén. Isto tamén parece que a vostede non lle supón nada.

E cando fala de precarización e das condicións e, bueno, utiliza esa expresión, que a min por suposto non me gusta nada e non podo asumila en absoluto, de que o Sergas é unha ETT, miren, tamén temos que ter respecto non só polos profesionais que traballan no ámbito asistencial, senón polas persoas que traballan no ámbito de recursos humanos: os administrativos, os técnicos, os xefes de grupo, incluso os directores desas sanitarias. Galicia leva sendo un exemplo en todo o Estado, pode vostede ir a esas comunidades que comentaba e preguntarlles que percepción teñen eles sobre o número de OP que se fan en Galicia, que non se deixaron de facer en todo este tempo; e comparar coas OP que se fan noutras comunidades autónomas ou coas que están —que lle comentaba agora mesmo— en vigor agora mesmo. É un esforzo improbo, primeiro das persoas que acoden aos tribunais —que quero aproveitar aquí para agradecerlle o traballo que están a facer, por exemplo, na constitución dos tribunais da oposición que vai haber despois do verán, o inmenso traballo que fan para poder colaborar en que esta OP saia exactamente igual de ben que todas as anteriores—; e, logo, por suposto, toda a xente que organiza estes procesos, e toda a xente que despois fai os contratos correspondentes. Polo tanto —repito—, un mínimo de respecto para toda esta xente que está a traballar cada día precisamente para que o Servizo Galego de Saúde sexa un exemplo en estabilidade.

Eu dicíalle hai un momentíño que con 42.000 persoas contratadas no Sergas o número de incidencias de todo tipo —vacacións, permisos sen soldo, IT, congresos...— é tan amplo que, evidentemente, non podemos deixar de ter esa eventualidade. Pero, non obstante —como xa lle contei antes tamén—, estamos traballando para que se reduzan ao mínimo imprescindible. Hai figuras que están contempladas na nosa normativa —pactadas, por certo, en mesa sectorial— que están contempladas para facer esas substitucións. Falo, por exemplo, do *pull*, o famoso *pull*, que é unha condición que está establecida, ten unhas normas moi estritas e úsase con normalidade. E logo, por suposto, todas as persoas que van cubrir unha ausencia, evidentemente van ser eventuais, fórono no seu momento —todos pasaron por esa eventualidade, e eu tamén, por suposto—, e seguirá habendo eventuais que cubran esas ausencias que, por outra banda, como digo, son innatas ao traballo estrutural dos propietarios que —como digo— teñen os seus permisos. Quero insistir en poñer en valor todos os procesos no ámbito de recursos humanos da consellería nos últimos anos, que fomentan que os traballadores estean nas mellores condicións posibles; por exemplo, volvo insistir no concurso aberto e permanente.

E falaba tamén vostede da improvisación coas xubilacións. Mire, non hai improvisación, o Servizo Galego de Saúde no ano 2010-2011 estableceu un Plan de ordenación de recursos humanos —que, por certo, era a tendencia en todas as comunidades autónomas naquel momento— de establecer a xubilación obrigatoria aos 65; podo poñerlle o exemplo de Asturias e o de Cataluña, previamente. E uns anos despois, no ano 2015, á vista, por unha banda, da situación de certas especialidades e á vista tamén do que os propios profesionais nos tras-



ladaban, adaptouse e fíxose unha interpretación máis laxa dese plan; e dende entón non houbo ningún cambio, dende o ano 2015 ata agora, 2021, a xubilación non está fixada nos 65, senón que cada ano o profesional solicita a súa continuidade e vaise dando. É certo que nós non sabemos canta xente vai acollerse á xubilación aos 65, tamén hai xente que se pode xubilarse antes, e non temos ese automatismo que poderíamos ter co tema dos 65. Pero, dende logo, creo que é unha medida positiva que está favorecendo que profesionais que non querían aínda deixar de traballar con nós sigan estando aquí con nós.

Respecto da convocatoria MIR que dicía vostede, de verdade non sei de que declaracións fala. Esta consellería —e de feito trasladouno xa en tres ocasións no Consello Interterritorial— preguntou polo sistema de selección dos MIR. Ao mellor vostede refírese a que a consellería dixo que o problema non estaba en que fora telemática ou non telemática, o problema estaba nas opcións que teñen os MIR cando teñen que escoller; iso foi o que este conselleiro dixo e o que lle transmitiu á ministra da Sanidade... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, eu terei que ser escravo das miñas palabras non das súas. Polo tanto, seguimos insistindo... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* —¿Das miñas?, bueno, xa mas contará despois— ...en que é un momento crítico para os MIR e esperamos que o Ministerio de Sanidade rectifique e lles permita aos MIR galegos e aos non galegos escoller nas mesmas condicións en que viñan escollendo ata o de agora; sobre todo por eles, en primeiro lugar, polo noso sistema, e tamén porque non quedemos con prazas desas que vostede comentaba vacantes sen cubrir, que é o risco maior que temos agora mesmo.

En definitiva, señor Torrado, creo que o Servizo Galego de Saúde e a consellería traballan pola defensa dos seus profesionais, en primeiro lugar, pola defensa dos pacientes, por suposto; en segundo lugar, pola defensa dos profesionais; e, en terceiro lugar, por dar a mellor atención posible, que non é factible sen que os profesionais estean nas mellores condicións.

Volvo insistir nesa orde que temos establecida agora mesmo e asinada estes días mesmo e pactada en mesa sectorial por unanimidade para recoller esas novas modalidades de contratación, recoller a causalidade. Creemos que hai que facer un esforzo en reducir a eventualidade, cremos que hai que facer un esforzo en axustar os contratos ás causas que os xeran; niso traballamos, levamos moitos anos traballando nisto, señor Torrado. Evidentemente, con todos os contratos que se fan cada día, non digo que non poida haber algún erro —que o ten habido e para iso están os mecanismos de recurso interno e externo cando non funcionan—, pero, dende logo, a nosa intención é mellorar a estabilidade, mellorar a contratación e, en definitiva, mellorar as condicións de traballo dos profesionais e polo tanto mellorar a atención que lles damos aos nosos cidadáns.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao seguinte punto, de preguntas ao Goberno.

Imos comezar pola primeira, pero, se lles parece, como a conselleira estaba entrando co coche no hemiciclo, froito do cambio disto, suspendemos 2 minutos a sesión e retomamos en 2 minutos as preguntas ao Goberno.

Moitas grazas pola comprensión.



Suspéndese a sesión durante 2 minutos.

Retómase a sesión.

Retomamos a sesión onde a deixabamos e entón imos comezar pola primeira pregunta ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do atraso na asignación ás autónomas e autónomos e ás pequenas e medianas empresas galegas dos fondos recibidos como consecuencia do Real decreto lei 5/2011, do 12 de marzo, de apoio á solvencia empresarial

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira.

Despois de 15 de meses de pandemia cunha situación de todos coñecida, unha situación no ámbito da saúde pública e no ámbito económico moi complexa e moi complicada; o ano 2020, un ano dramático en termos sanitarios e, por suposto, tamén en termos económicos; un ano 2021 que, en fin, permite visualizar certo nivel de esperanza e expectativa de que as cousas vaian bastante mellor como consecuencia da estratexia de vacinación —posta en dúbida no seu momento polo señor Feijóo— e que vai permitir ser unha vacinación de grupo importante que a economía pois tamén se recupere con máis velocidade. Diante desta situación, nós a pregunta que lle temos que facer basicamente é que está facendo a Xunta en relación cos autónomos e coas pemes. E explícolle isto porque, efectivamente, dende o Estado ao longo do ano 2020 e ao longo do ano 2021 lévanse feito esforzos importantes tamén coa comunidade autónoma transferindo os fondos dende o Estado á comunidade autónoma precisamente para paliar os efectos da pandemia, para afrontar toda a complexidade económica que trouxo a pandemia.

No ano 2020 —por citar contías— 735 millóns do fondo Covid, 17 millóns do fondo social Covid, prestacións sociais pagadas polo Estado aquí na comunidade autónoma a autónomos e en concepto de ERTE, 10.596 millóns de euros; préstamos ICO, 5.000 millóns de euros que beneficiaron en avais e en financiamento máis de 36.500 empresas do país.

No ano 2021 un orzamento, efectivamente, da Xunta de Galicia moi expansivo, 1.500 millóns de suplemento de gasto, de capacidade maior de gasto respecto do ano 2019; parte deles, 685 millóns provenientes dunha transferencia do Estado, e 430 millóns procedentes dos fondos React. E agora en marzo, coa aprobación do Real decreto de solvencia empresarial a Xunta de Galicia recibiu 234 millóns de euros precisamente para axudar aos autónomos e ás pemes.

E diante desta situación a reacción da Xunta é absolutamente lenta, ineficaz e pouco efectiva. Por iso nós lle preguntamos ¿a que están esperando vostedes para poñer en mans dos autónomos e das pemes os 234 millóns que levan recibidos do Estado hai xa 50 días?

Nada máis. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Ben, antes de nada si me gustaría dicir que en marzo non se transferiu ningún fondo do Plan de rescate terceiro á Xunta, senón no mes de maio. No mes de marzo aprobouse o real decreto estatal. Entón creo que ten que facer vostede ben o cálculo dos días.

Galicia si ten posto en marcha estes 234 millóns transferidos polo Goberno central a través do Real decreto 5/2021, fíxoo xa no Consello da Xunta pasado, onde se aprobou a orde correspondente, e o próximo venres, día 11, publicarase a orde no DOG.

Coa aprobación deste terceiro plan de rescate a Xunta terá posto á disposición dos autónomos e das empresas en Galicia máis de 560 millóns de euros en tan só 8 meses. O Goberno do Estado estivo máis dun ano sen facer unha soa achega para dar liquidez aos autónomos e ás empresas. Faino tarde, faino mal, faino a rastras, faino cunha burocracia excesiva, faino cunha serie de requisitos que resultan francamente moi difíciles de cumprir por unha meirande parte dos autónomos. Distribúe a Galicia 234 millóns de euros, é dicir, un 3,34 % dos 7.000 millóns de euros en total transferidos ás comunidades. Restrinxen a 95 actividades económicas dun total de 629 existentes no catálogo de CNAE, é dicir, soamente ao 15 % do tecido empresarial. E, sobre todo, obriga os beneficiarios das axudas a ter débedas pendentes de pago no momento en que solicitan a axuda para que poidan ser beneficiarios.

¿Que fai a Xunta de Galicia e que leva facendo dende que saíu o real decreto? Intentar establecer un mecanismo o máis flexible posible para os autónomos. Establecemos axudas para calquera autónomo, para calquera empresa de calquera actividade económica afectada pola pandemia sempre que amose unha caída do volume de operacións.

Destinamos e reservamos o 85 % destes fondos para autónomos e microempresas, que son o 97 % do tecido produtivo en Galicia.

Minimizamos a burocracia. 100 % de adianto do importe da axuda cunha declaración responsable do autónomo ou da empresa.

Repito, o Estado tardou máis dun ano en establecer este mecanismo de axudas; polo tanto é bastante surrealista que o Partido Socialista pregunte ao Goberno galego polas axudas. Eu preguntolles a vostedes: ¿pediron explicacións en Madrid aos seus ministerios socialistas



de por que a Galicia lle corresponde un 3,34 % deses 7.000 millóns de euros? ¿Pediron vostedes explicacións de por que, efectivamente, teñen que xustificar os autónomos as débedas pendentes no momento en que se presenta a solicitude da axuda? Pediron, en definitiva, explicacións de por que se establece un mecanismo que os propios autónomos —mire hoxe a prensa— UPTA Asociación de Autónomos, establece que o 40 % dos 7.000 millóns de euros non vai chegar nin aos autónomos nin ás empresas polos requisitos establecidos no mecanismo do real decreto estatal.

Máis nada polo de agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Risos.*) Ben, menos mal que se reaccionou a tempo. (*Risos.*)

Réplica, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, grazas, presidente.

Señora conselleira, vostedes están instalados dende hai moito tempo na propaganda, no anuncio constante e permanente, e basicamente na confrontación co Goberno do Estado, un labor efectivamente que fan con bastante eficacia de desgaste a través dos medios de comunicación que lles son afíns, e a través tamén dalgúns incluso que non lles son tan afíns.

Un labor de desgaste que non esconde os datos, e é o importe das axudas que a Xunta de Galicia leva destinado a autónomos e pemes: 150 millóns en dous anos.

Eu deille datos exactamente das transferencias que o Estado español, que o Goberno do Estado español fixo a Galicia no ano 2020: 735 millóns do fondo Covid, 17 millóns do fondo social Covid, máis as prestacións que pagaron e as que se fixeron no ano 2021, 685 millóns. Diso, dese volume de transferencias vostedes única e exclusivamente dedicaron 150 millóns a axudas a autónomos e a pemes.

E agora teñen vostedes 234 millóns de euros, aquí houbo un debate xa hai dous meses onde o señor Tellado, portavoz do Partido Popular, reclamaba o pago inmediato deses 234 millóns de euros á Xunta de Galicia, cousa que aconteceu a finais de abril; levan vostedes 45 días co diñeiro depositado nas contas e aínda non foron capaces de publicar a orde, señora conselleira, (*Aplausos.*) máis alá dos anuncios que vostede facía na prensa en maio e máis alá dos anuncios que facía o señor Feijóo a semana pasada no Consello da Xunta.

Os autónomos están pasando unha situación dramática e o que necesitan é liquidez, liquidez que vostedes non aportan, pero que aporta o Estado e que teñen vostedes nas súas contas. Páguenlles dunha vez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

Peché da pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Este terceiro plan non é un anuncio que fixo o presidente da Xunta, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o plan, co cal penso que falar de anuncios cando lle estou dicindo que está aprobado no Consello da Xunta e que se vai publicar o próximo venres, non sei que cre que estamos anunciando.

O terceiro plan é a continuación do que leva facendo o Goberno, que non son os millóns dos que está vostede falando; son 182 millóns desde a Consellería de Emprego e Igualdade directamente en liquidez aos autónomos e outros 145 millóns das distintas consellerías sectoriais directamente tamén para cada un dos sectores. O bono turismo, as axudas ao aluguer, do ocio nocturno, etc.

Dos plans da Xunta de Galicia, dos plans de rescate da Xunta de Galicia por darlle un dato, o sector que tivo máis restricións sanitarias, que foi o sector da hostalería, percibiu 87 millóns de euros; percibiron axudas 21.000 beneficiarios. Estamos falando de que o 90 % dos bares e dos restaurantes e dos hoteis da comunidade autónoma percibiron unha axuda directa con fondos propios da Xunta de Galicia. Estamos falando, polo tanto, de que mínimo máis de 4.000 euros foron ás arcas destes hoteis, destes restaurantes e destes bares con fondos propios mentres esperabamos que o Estado transferise fondos ás comunidades autónomas.

En 8 meses imos levar 416 millóns de euros distribuídos en 126.500 axudas. É dicir, a Dirección Xeral de Emprego vai tramitar e vai xestionar máis orzamento en 8 meses que a totalidade da Consellería de Emprego e Igualdade no orzamento inicial, 355 millóns. Como lle digo, son 416 millóns máis 145 xestionados a través doutros departamentos, 560 millóns de euros a sectores e actividades económicas prexudicadas pola pandemia.

Parece do que di vostede que non leu o real decreto estatal, porque, se non, é imposible que estea realmente dicindo o que di aquí. O Plan de rescate que establece o Estado establece unha serie de trabas burocráticas case imposibles de cumprir. Establece un orzamento cunha axuda máxima de 200.000 euros por autónomo. Se dividísemos a cantidade de diñeiro que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia entre esa axuda, falaríamos de que a axuda chegaría a 1.000 empresas, cando en Galicia existen 250.000 empresas.

Polo tanto, nós imos sacar unha orde este venres que posibilita aos autónomos e ás empresas, a todos os especialmente afectados, que accedan ás axudas; priorizamos e reservamos ese 85 % do orzamento á pequena empresa para chegar ao 97 % do tecido produtivo en Galicia e, sobre todo, garantimos a maior axilidade posible, a menor burocracia posible, con ese anticipo do 100 % da axuda cunha declaración responsable do beneficiario. Imos tratar, polo tanto, de que o diñeiro quede en Galicia, de que o diñeiro chegue aos autónomos e que non volte outra vez, que parece que é o que quere o Estado, ao Ministerio de Facenda estatal.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Pedro Puy Fraga e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para defender a autonomía financeira de Galicia e intentar revertir a modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

A pregunta de hoxe versa sobre os pactos sucesorios previstos no dereito propio de Galicia, no Dereito civil de Galicia, un asunto no que por desgraza chove sobre mollado.

E permítame, conselleiro, que lle recorde que no ano 2014, a raíz da persistente actuación da Axencia Estatal Tributaria en Galicia, que trataba os herdeiros que recibían bens dos seus pais pola vía dos pactos sucesorios, se viron constantemente inspeccionados por parte da Axencia Tributaria, algúns deles recorreron ata o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que persistentemente lles dixo que estaban exercendo un dereito previsto no ordenamento xurídico galego, e pedíndolle, polo tanto anulando, as actuacións da Axencia Tributaria, que mesmo chegou ata o Tribunal Supremo, que unha vez máis lles deu a razón aos contribuíntes neste caso.

Naquel proceso eu tiven a honra de defender nesta Cámara unha proposición non de lei na que se lle pedía á Axencia Tributaria que respectase as sentenzas que estaba ditando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que foi aprobada, por certo, coa unanimidade de todos os presentes, agás un grupo que hoxe non está na Cámara, que se abstivera.

Curiosamente, despois da sentenza do Tribunal Supremo, a Axencia Tributaria deixou de actuar, pero parece que non moi convencida por esta derrota xurídica introdúcese nunha lei que se está a tramitar no Congreso, a Lei antifraude, que nós aplaudimos, porque consideramos que todo o que sexa loitar contra a fraude fiscal é positivo para a sociedade e para o país, pero meten alí unha cláusula pola cal calquera herdeiro, beneficiario dun pacto en vida, que dispoña dos bens inmoables que herda por esta vía, será tratado, sen posibilidade de proba en contrario, como un defraudador no sentido de que realmente está facendo unha venda que implica unha ganancia patrimonial que tributa polo IRPF, o cal evidentemente causa un enorme dano ao contribuínte e, ademais, en segundo lugar, deturpa claramente a figura do dereito civil, á parte doutras consecuencias que poderíamos analizar no ámbito propiamente fiscal ou, sen ir máis lonxe, no ámbito da autonomía financeira tendo en conta que o imposto sobre as sucesións está transferido ás comunidades autónomas.

Por iso en 2020 trouxemos unha nova proposición non de lei, esta vez por desgraza non foi apoiada por todos os grupos da Cámara que estaban presentes e votaron a de 2014, e nela instábase a Xunta a que se tomaran actuacións en relación coa posibilidade de, no proceso de emendas da Lei antifraude, suprimir esa cláusula que deturpa claramente o contido dos pactos en vida que prevé o noso dereito propio de Galicia.

E por iso, conselleiro, nós lle preguntamos, tendo en conta o que acaba de pasar do Congreso ao Senado sen modificación, cales foron as xestións que fixo o Goberno ao respecto.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Señor presidente.

Señoría, sobre a defensa da autonomía financeira de Galicia, tres cuestións.

A primeira, este é un asunto que está a xerar unha enorme inquietude entre os cidadáns, posto que, como ben coñecen a maioría de vostedes, Galicia ten dereito civil propio, e unha das súas principais institucións é a posibilidade de formalizar pactos sucesorios cos que se poden transmitir bens en vida nas mesmas condicións que as transmisións *mortis causa*. De feito, do arraigo e da importancia desta figura un só dato: dende o ano 2016 son máis de 160.000 os galegos e as galegas que se teñen acollido a esta modalidade.

A segunda cuestión é que, como Goberno galego, rexeitamos a modificación que impulsa o Goberno de coalición PSOE-Podemos do artigo 36 da Lei do IRPF que se prevé no proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal. Porque coa modificación que se quere introducir estamos ante unha nova ameaza do Goberno central, neste caso contra o noso autogoberno, contra a nosa capacidade de ter institucións de dereito civil propias e contra a nosa autonomía financeira. E xa chove sobre mollado porque este ataque non é un feito illado.

E a terceira cuestión é expresarlle a garantía de que o Goberno galego fixo, fai e fará todo o que sexa posible para reverter este ataque contra o noso autogoberno.

Señoría, case todos lembramos que sobre esta cuestión xa nos pronunciámos neste Parlamento o pasado 27 de xaneiro, onde se instaba a Xunta a dirixirse ao Goberno de España — e cito textualmente — que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia, pronunciamento, por certo, sen ningún voto en contra.

Eu mesmo dirixín unha carta á ministra de Hacienda non só para trasladarlle esta demanda, senón para explicarlle polo miúdo as inxustas consecuencias que tería para os galegos se prosperase a reforma que se quere aprobar. E, lamentablemente, máis de catro meses despois non recibín resposta ningunha. Ademais, a semana pasada o Goberno galego convocou a Comisión Superior para o Estudo e Desenvolvemento do Dereito Civil Galego para analizar esta cuestión, e o seu pronunciamento tamén foi rexeitar esta modificación de tributación nos pactos sucesorios.

Por tanto, unha vez máis desde o Goberno galego, como xa temos feito noutras ocasións, imos actuar con lealdade institucional, pero con total firmeza. Lealdade institucional porque, pese á falta de resposta do Goberno central, a Xunta de Galicia segue aberta a calquera consulta ou negociación para reverter a modificación pretendida. E total firmeza, porque igual co que xa fixemos coa mensualidade do IVE do 2017 retida polo Goberno central e sobre os tribunais acaban de darlle a razón a Galicia...



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ...neste caso tamén empregaremos todas as vías políticas e xurídicas... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, terminou o tempo.

Réplica, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, conselleiro.

Efectivamente, a incidencia social é obvia, e ademais mala nestes momentos nos que moitos xoves se poden capitalizar e comezar unha actividade, ou ter menos cargas financeiras cando se independizan dos seus pais grazas a esas axudas dos pais que é perfectamente lexítima de acordo co noso dereito civil e que, se isto vai para adiante, pois desgraciadamente se verá moi mermada.

Eu lamento a falta de resposta por parte do Goberno, pero quixera dicirlle á Cámara e ao conselleiro que aínda estamos a tempo, estamos a tempo porque está no Senado e simplemente co que as forzas políticas galegas fagan ver ás forzas políticas do Senado a importancia disto e as posibles consecuencias económicas pero tamén xurídicas que podería ter, aínda estamos a tempo de cambiar.

Foron moitos os que comparten esta opinión, eu non quero que se vexa isto como unha confrontación co Goberno, que parece que sempre que alguén se queixa de algo parece que está confrontando co Goberno. Porque a opinión é moi ampla, hai un artigo que publicou, como di a deputada, a compañeiro do Bloque o diario escrito en prensa de papel de maior tirada de Galicia, do alcalde de Ares, o meu compañeiro de facultade, alcalde socialista Julio Iglesias, que claramente di que isto é un atropelo ao dereito civil de Galicia, e nós cremos que todos debemos pular na mesma dirección.

Eu, temos tamén rexistrada unha iniciativa que vai nesta liña, en apoiar todo, se desgraciadamente isto remata así no Senado teremos que buscar fórmulas xurídicas para recorrela, pero eu creo que estamos a tempo, como dicía, de evitar que ademais de que chova sobre mollado pois teñamos que volver a recordar a escatolóxica frase de Castelao sobre a choiva cando chove en Galicia.

Moitas grazas, conselleiro. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Peche desta pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Señoría, xa lle comentei na miña primeira intervención, non estamos ante un feito illado, e o Goberno galego farase respectar tal e como fixemos coa mensualidade do IVE de 2017.



A día de hoxe todos os galegos e galegas saben perfectamente cal foi a posición dos socialistas galegos e de Podemos sobre este asunto. Curiosamente, agora que os tribunais acaban de darnos a razón, parece que queren dar un xiro de 180 graos. Os galegos non esquecemos que non apoiaron esta reclamación, como non esquecemos que nos únicos orzamentos que aprobaron este Goberno de coalición a nivel central, o nivel de investimento para Galicia está nos niveis de hai quince anos. Tampouco esquecemos a repartición dos fondos para facer fronte á pandemia do ano 2020-2021, que cos criterios do sistema de financiamento autonómico teríamos que contar con 660 millóns de euros máis. Creo que este é un mal tipo de lealdade institucional que está tendo o Goberno central para con Galicia.

Agora estamos ante unha nova afronta, totalmente innecesaria, que pretende converter por disposición legal un negocio xurídico perfectamente válido nunha fraude tributaria sen que o contribuínte poida discutilo e sen que a Axencia Tributaria teña que facer nada. O máis importante é que non podemos aceptar de ningún xeito que a norma proposta habilite a tratar todos os beneficiarios como defraudadores, pois presumen comportamento fraudulento que non admite proba en contrario, creando unha auténtica ficción legal, ficción legal que sobre estes asuntos xa se ten pronunciado o propio Tribunal Constitucional recoñecendo a inconstitucionalidade deste tipo de figuras por vulnerar os principios de capacidade económica e da tutela xudicial efectiva. Palabras maiores pois.

Tamén atenta contra o principio de igualdade. Así mesmo, vai contra o principio de neutralidade do sistema tributario e así mesmo xera inseguridade xurídica ao non prever un período transitorio.

En definitiva, a reforma que promove o Goberno central e os seus socios sobre as herdanzas en vida vai contra a nosa autonomía financeira, atenta contra a nosa capacidade de ter institucións de dereito civil propio e vulnera os nosos dereitos recoñecidos tanto na Constitución, como no Estatuto, como nas leis.

Por todo isto, xa lles dicía na primeira intervención: total lealdade institucional, pero total firmeza nos nosos posicionamentos porque non temos outra intención que a de reverter o que se pretende con esta reforma que penaliza as herdanzas en vida en Galicia.

E xa lles anuncio que, en caso de que saia adiante esta proposta, a Xunta de Galicia xa está a estudar e temos moi avanzada a vía xurídica para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses dos galegos e das galegas, como sempre facemos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o avance que presentan os traballos de ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, presidente.



Señorías.

Moi bo día, señor conselleiro.

O impulso dado á formación profesional tense materializado en moi diversas accións e medidas tanto dende o punto de vista normativo como organizativo.

A relación cada vez máis próxima entre a demanda dos sectores produtivos galegos e os contidos formativos dos diferentes ciclos, tanto de grao medio como de grao superior, así como a realización de prácticas na empresa, supoñen un atractivo para moitos estudantes. O carácter formativo, teórico e práctico da formación profesional segue a espertar o interese da mocidade, xa que son conscientes de que contribúe a mellorar as súas oportunidades de cara ao acceso a un posto de traballo. De feito, os estudantes que escollen este tipo de formación acadan unha inserción laboral no primeiro ano despois de titularse de arredor do 86 %, cifra que aumenta case ata o 90 % se falamos da formación profesional dual, unha inserción laboral que se incrementou nos últimos catro anos en máis de 30 puntos. Son cifras que realmente merecen unha reflexión acerca da puxanza desta oferta formativa que cada vez conta cunha mellor percepción social e que hai tempo que deixou de ser a irmá pobre da nosa educación para ter cada vez máis alumnos e máis especialidades formativas, mesmo especialidades moi axustadas aos tempos, como é o ciclo superior de mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina ou reforzando familias profesionais como a da enerxía e a auga, ou ofertando ciclos moi pegados á realidade de cada territorio, como FP dual en termalismo e benestar ou calzado e complementos.

Nesta liña, a Comisión 4ª, de Educación e Cultura, hai escasos meses adoptou o acordo de que o Parlamento galego instara o Goberno galego a ampliar a rede de centros integrados de formación profesional en Galicia a través da incorporación de novos centros para mellorar a oferta de ciclos e especialidades de FP, co obxecto de avanzar na formación e na adquisición das actitudes e das competencias do alumnado galego.

Por todo isto exposto, señor conselleiro, gustaríanos que nos explicase con máis detalle como evolucionan os traballos da ampliación desta rede de centros integrados de formación profesional que, ademais, pois concorda cunha iniciativa aprobada nesta mesma Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, como vostede sabe, a formación profesional en Galicia é unha aposta estratéxica deste Goberno, unha aposta estratéxica que a facemos dende o convencemento de que é bo para o alumno e é bo para os sectores produtivos, e en definitiva é bo para Galicia.



Temos feito e avanzado en diferentes ámbitos cun bo seguimento, cunha boa repercusión por parte do alumnado, porque estamos seguros de que as ensinanzas que se imparten neste sistema de ensino son útiles, útiles para o acceso ao mercado laboral e útiles, en definitiva, para as persoas que cursan estes estudos.

Hai datos que avalan esta aposta; de feito, se comparamos os alumnos do ano 9 (34.700 aproximadamente) cos actuais (máis de 56.000), temos un incremento dun 62 % de matrícula.

Se vemos as taxas de empregabilidade, que vostede tamén citou, topámonos cunha media de arredor de 85-90 %, nalgún caso o 100 %.

Creo que a mellora da FP en Galicia foi unha auténtica, é unha auténtica revolución silenciosa que se basea en moitísimos aspectos. E un deles importante, moi importante, pois é a consolidación e o desenvolvemento dos centros integrados de formación profesional, os denominados CIFP. Neste momento contamos con 20, este inicio de curso comezamos a traballar para ver a posibilidade de que en determinados IES puidésemos dar o salto á súa conversión en CIFP. De feito, de xeito inicial só plantexamos en tres casos, que son os que lle cito a continuación.

En Ferrol, o antigo IES Leixa será o CIFP Leixa; aquí teremos un incremento de máis de 250 novas prazas de FP con novos ciclos formativos, en realidade seis, e con propostas innovadoras moi vencelladas co mercado laboral. En Pontedeume, constituirase o CIFP Fraga do Eume, 80 prazas novas, dous ciclos novos, e en Culleredo na antiga Laboral, na Universidade Laboral incrementaremos a oferta en 245 prazas con sete novos ciclos, un deles de FP dual.

Creo que estamos nunha dinámica tremendamente positiva, estamos ampliando a oferta naqueles ciclos con maiores demandas, imos ter ao inicio deste curso, por conseguinte, 23 novos CIFP de xeito inicial porque por suposto seguiremos traballando nesta liña. E facémolo co convencemento de que a potenciación e a posta en valor da formación profesional é boa, é boa para o alumno, porque se emprega, se emprega de xeito directo en contacto cos sectores produtivos, pero é tamén moi bo coas empresas e cos sectores produtivos, que teñen máis e mellor formados os seus recursos humanos e, por conseguinte, teñen maior capacidade competitiva, maior capacidade de poder manterse nun mercado competitivo e, por conseguinte, unha maior capacidade de creación de emprego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, señor presidente.

Grazas, conselleiro pola resposta.



Este grupo parlamentario pois tamén cre nas moitas posibilidades que ofrece a formación profesional na nosa comunidade. E somos conscientes do esforzo realizado tamén por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos para incrementar o número de ciclos e tamén o número de alumnos que seguen este tipo de oferta educativa. Como acaba de trasladarnos vostede, en tan só dez anos, o número de alumnos e alumnas das diferentes especialidades de formación profesional galega incrementouse nese 62 % de matrícula.

A verdade é que é unha decidida aposta pola formación profesional que os galegos e galegas de hoxe vexan esta oferta formativa como unha garantía de emprego tanto de futuro como tamén de calidade, cunha formación que se adapta ás características do tecido produtivo e que garante a realización de prácticas profesionais que achegan o alumnado á realidade e á vida das empresas. Mesmo tamén intensificando por parte da Xunta de Galicia a súa colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia para mellorar a oferta tendo en conta as demandas do mercado, así como a realidade socioeconómica, o que facilitará, dende logo, unha mellora na inserción laboral dos estudantes.

Con este obxectivo de achegar a formación ás necesidades das empresas, pois gustaríanos coñecer con máis detalle que papel van xogar tamén os denominados Masters de FP e tamén pois ese futuro novo Centro de Innovación e Formación Profesional, e tamén, se lle queda tempo, se nos pode ampliar a actividade destes 20 centros integrados existentes que están funcionando neste momento.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

En efecto, os CIFP, os centros integrados comezaron a desenvolverse en Galicia hai aproximadamente unha década. Eu lembro nesta Cámara debates apaixonados sobre a súa pertinencia ou non. O Partido Popular e a Xunta de Galicia sempre defendeu fronte a outras opcións políticas a importancia estratéxica que teñen os centros integrados de formación profesional para garantir a empregabilidade, para garantir a conexión co mundo laboral e para ter un ensino innovador no ámbito da formación profesional que abre as portas do mercado laboral ás persoas que cursan estes estudos.

Actualmente temos 20 centros integrados de formación profesional, teremos para o curso que vén 23. Aproximadamente nestes 20 centros falamos de arredor dun 45 % da matrícula dos alumnos de formación profesional, obviamente cos tres novos incrementárase. Temos que agardar a que se peche a matrícula que se publicou precisamente o luns para saber realmente cantos alumnos cursarán FP no curso seguinte. Pero nós aspiramos a que aproximadamente o 50 % dos alumnos que fan formación profesional en Galicia a fagan nun CIFP, a fagan en centros integrados de formación profesional que crean, teñen unha rede ubicada



nas principais cidades e vilas do país desde o cal se dá cobertura ao conxunto do territorio galego, cun convencemento de que contribúen, sen dúbida, a adaptar as formacións do ámbito da formación profesional ás necesidades dos alumnos e das empresas. Ten que haber unha conexión directa entre o mundo empresarial, entre os sectores produtivos e o sector educativo no ámbito da formación profesional.

Respecto aos másters que vostede cita, xa o ano pasado nos propios CFP houbo experiencias piloto, e desenvolvemos 5 experiencias piloto de 5 másters. Obviamente aspiramos a que na próxima oferta de másters que faremos dentro de moi poucos días teñamos un número moi superior de másters, que o que están dando e facendo é creando unha especialización formativa en áreas clave demandadas polo mercado de traballo para que poidan formarse alumnos nos mellores avances, tanto tecnolóxicos como de innovación, para que poidan ser útiles. Neste caso a favorecer que as empresas poidan ter unha maior capacidade competitiva. E, por suposto, que eles teñan, que os alumnos teñan máis oportunidades de empregarse no mundo laboral.

Temos tamén un vencellamento, vai haber un vencellamento moi forte co Centro Galego de Innovación na Formación Profesional, que se está a piques de rematar en Ourense. Este é un centro absolutamente innovador, que aposta pola innovación, que aposta polas profesións de futuro, que aposta polo emprendemento, e que vai xerar un funcionamento en rede dos diferentes centros de FP, que vai posibilitar que os alumnos e tamén o profesorado que aí cursen estudos e desenvolvan proxectos xunto coas empresas, xunto cos sectores produtivos, e neste centro teñan unha maior capacidade de xerar esa moi necesaria sinerxía entre a empresa e o mundo educativo.

En definitiva, queremos unha formación profesional moderna, dinámica, innovadora... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo. Grazas, grazas.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizóns, presidente.

Señor conselleiro, como vostede ben sabe, actualmente están en tramitación 6 proxectos de parques eólicos en menos de 5 quilómetros no monte do Gato, que está situado na provincia da Coruña entre os concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós. Un exemplo máis de macro-parque eólico fraccionado para evitar unha avaliación global de todo o proxecto, así como das garantías esixibles, presentando no seu defecto un estudo de impacto ambiental individual para cada proxecto, e dos que por certo aínda están pendentes de publicar as liñas de evacuación e as súas consecuencias sobre o territorio.



Estes estudos preséntanse de forma incompleta, inexacta, como xustifican os centos e centos de alegacións presentadas. Estudos carentes de rigor e de credibilidade polo tanto, ademais de estaren descontextualizados entre si pola falta dese estudo integral que xa temos demandando en comisión e que non foi aceptado polos votos en contra do Partido Popular.

A afectación ao patrimonio cultural é evidente, pois no monte do Gato encóntrase unha gran necrópole megalítica, formada por 29 mámoas catalogadas e dous petróglifos, dos que, como confirman un dos estudos, declaran 24 elementos patrimoniais afectados, 24 de 29. 17 cun impacto severo e 5 moderado.

Porén, o catálogo de patrimonio do PXOM, do Concello de Aranga, recolle que na parroquia de San Vicente de Fervenzas, no monte do Gato, atópase un BIC, un ben de interese cultural. Así cataloga a torre de Teodomiro, que non se contempla nin no anexo de impacto turístico nin no anexo de impacto sobre patrimonio cultural, nin no propio estudo de impacto ambiental.

Estamos a falar dunha fortificación típica da Alta Idade Media, no reino suevo, que consta dunha muralla elipsoidal e probablemente un corpo central. Un monumento salientábel dentro da comarca, recollido na bibliografía histórica e do que até o de agora non se tiña determinado o seu emprazamento preciso. Nesta altura xa está xeolocalizado este BIC por un equipo especializado en arqueoloxía, xa está presentado o proxecto de prospección que permita a delimitación perimétrica do ben, así como o correspondente permiso á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por parte da asociación veciñal da parroquia de Fervenzas. Ata o de agora aínda non tiveron ningunha resposta oficial, e existe a solvente e obxectiva preocupación veciñal por unha posible solicitude de descatalogación por parte da empresa.

É por iso que traemos a este Pleno esta pregunta que nos traslada a comunidade de Fervenzas: ¿hai unha petición de descatalogación deste ben de interese cultural? ¿Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a conservación e a posta en valor da torre de Teodomiro como BIC? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, vostede fálanos dun proxecto dun parque eólico, e plantéxao e vincúlao neste caso a un ben patrimonial, que vostede sabe perfectamente que non está localizado fisicamente no territorio. Creo que é dificilmente cuestionable o compromiso deste Goberno coa protección do noso patrimonio e, por suposto, coa riqueza patrimonial que temos en Galicia espallada polo conxunto do noso espazo.

Temos constancia, vostede tamén, acábao de dicir aquí, de que existe a idea, existe a memoria deste castelo. Hai bibliografía; por exemplo, as *Crónicas da historia da cidade de Betanzos*



do ano 1892, e temos fontes documentais históricas que nos falan da existencia deste ben. Non existe, como vostede tamén dixo, ningún resto físico ata o momento que posibilite acreditar a súa localización dentro do territorio.

Vostede sabe tamén que este é un BIC, é un BIC xenérico, que foi declarado no ano 1949 nun decreto, neste caso asinado polo ditador Franco, igual que todos os castelos que había en España, fose cal fose o seu estado de conservación.

Como xa dixen, non está localizado ata o momento, hai algunhas evidencias que nos falan de que presumiblemente poidan ser un resto arqueolóxico desta torre, e é certo que hai unha petición para o desenvolvemento dun proxecto técnico. Pode vostede transmitir sen ningún tipo de dúbida ao colectivo veciñal dando resposta a esta preocupación, que os traballos están autorizados, autorizamos os traballos que buscan despexar as dúbidas se existe ou non existe ese ben onde pretendidamente se está dicindo que podería estar. Estamos falando de cuestións hipotéticas, que obviamente hai que certificar desde a perspectiva histórica, arqueolóxica, polo rigor obviamente necesario e polas implicacións que dende a perspectiva urbanística e das diferentes afeccións nos diferentes usos do territorio poida ter ou non ter a localización e a ubicación física concreta deste ben.

En todo caso, tamén lle podo anunciar, señora deputada, que de confirmarse este achado, igual que noutro caso calquera, obviamente tomaremos dende a Xunta de Galicia todas as medidas necesarias para a súa preservación, para a súa investigación, para a súa conservación e aplicaranse as medidas que están rexistradas nos diferentes marcos xurídicos. E obviamente, primeiro, imos confirmar que existe, e segundo, a partir de aí tomaranse as medidas e será protexido como calquera xacemento arqueolóxico que sexa merecente dunha ...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo, grazas.

Réplica, señora Queixas:

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Ben, como vostede ben di, señor conselleiro, existe un BIC; efectivamente, existe un BIC porque hai moito máis que indicios, porque hai documentación que así o testemuña, aínda que neste momento non sexa perceptible visualmente. O que ten que quedar claro é se existe realmente o compromiso de actuación por parte do Goberno, porque iso é o que a sociedade desde logo non ten en absoluto claro, máis ben todo o contrario despois da resposta que lle ten chegado dende a propia Dirección Xeral de Patrimonio, por suposto de forma verbal. Se vostede di que están autorizados, ¿entón por que quen demandou esa solicitude e ese permiso non o sabe? ¿Por que non lle chegou esa resposta por escrito? Iso é o que lles ten que explicar vostede ás persoas responsables dese proxecto, ás que fixeron a solicitude dese permiso de prospección e, por suposto, á comunidade veciñal que tamén o tramitou.

Diga vostede, e díganos sobre todo da forma máis importante e rigorosa, que é por escrito, que efectivamente ese ben vai estar protexido e que non van mirar para outro lado. Se vostedes, como di, están por defender e por blindar o patrimonio natural, ambiental, e o patri-



monio cultural desta zona, por favor, actúen e protéxana de forma inmediata como o que é, unha zona da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo, e amplíen tamén a demanda da Rede Natura como demanda á Unión Europea precisamente para este contorno.

A Xunta ten que se posicionar claramente se neste caso, coma noutros, está ou ben con Greenalia, autorizando o que é unha obra claramente lesiva, porque mesmo ignora o patrimonio cultural desde esta proposta fragmentada e fraudulenta, e desde a falta de credibilidade dun estudo de impacto ambiental que nin sequera recolle elementos coma un BIC, como é a torre de Teodomiro. Ou ten que dicir, se efectivamente —e demostralo con feitos— está coa protección do patrimonio cultural colectivo, que defende o pobo, autorizando de inmediato, e si por escrito e comunicándolles ás partes esa solicitude de... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Terminou o tempo.

Peché da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señoría, aí existe un BIC, ninguén o dubida, hai fontes historiográficas, a cuestión é onde, iso é o que se está investigando, e iso é para o que se deu autorización por parte da Xunta de Galicia para saber onde, porque, en función de onde estea, ten unhas afeccións e unhas consecuencias diferentes. Iso é obvio. Iso é pura lexislación urbanística.

En todo caso, están autorizados os traballos. Chegaralle, estou seguro que de xeito inmediato ao colectivo que o solicitou, non me cabe a menor dúbida, ese é un trámite administrativo.

¿E que se vai facer? Vaise examinar a pé de campo os posibles restos da edificación, vanse comprobar as evidencias toponímicas e vaise ver todo o que ten que ver coa documentación sobre a rede viaria. Obviamente haberá que agardar os resultados. Eu xa sei que o Bloque ten normalmente dúas palabras que lle gustan moito, unha é *non* e outra é *xa*. Tranquila, estean tranquilos, que isto nin é *non* nin é *xa*. Isto farase como ten que facerse, co rigor arqueolóxico con que ten que facerse e, se efectivamente se comproba a localización concreta e exacta, aí desenvolveranse todas as figuras de protección patrimonial que ten un BIC e actuarase absolutamente en consecuencia, pero obviamente deixe traballar os equipos técnicos que teñan que fixar onde está cada punto.

Co cal a verdade é que non teña ningunha dúbida de que, cando se confirme a localización, aí vai haber unha protección patrimonial, unha afección patrimonial vencellada á lexislación BIC. Iso é algo absolutamente obvio, porque non facelo sería unha ilegalidade.

E tamén lle podó dicir que calquera intervención que se faga no contorno deste achado cando se consolide, se se consolida, pois ten que estar sometido a control arqueolóxico, co cal pode estar absolutamente segura de que imos actuar con todas as ferramentas xurídicas existentes, e que non poderíamos facelo doutro xeito, non poderíamos facelo nin co *non*, nin co *xa*.



Hai que facelo como hai que facelo, porque ademais é a nosa responsabilidade, pero tamén sexa consciente de que os instrumentos de protección patrimonial teñen uns fins moi concretos. Non se poden utilizar dun xeito torticeiro para outros fins, co cal, de ubicarse, de localizarse, de confirmarse a localización deste BIC que está nas fontes historiográficas, obviamente a forza de protección patrimonial que ten a figura de BIC aplicárase con todas as súas consecuencias. Aí non hai ningún tipo de dúbida. Co cal, a verdade é que neste tema no fondo estamos dicindo practicamente o mesmo: que se localice, que se ubique, que se protexa e que se faga un seguimento do mesmo. Dicimos o mesmo, non entendo en certa medida por que se plantexan esas dúbidas como desconfiando da acción de protección patrimonial que se fai neste BIC como en calquera outro BIC que... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas, grazas.

Pregunta de D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego respecto das previsións para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor Rueda, hai cinco meses aprobabamos por unanimidade unha iniciativa presentada polo Grupo Socialista que lle pedía á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo multilateral co fin de acadar a homologación do Camiño dos Faros, unha homologación que leva dous anos paralizada e pendente dun Goberno galego que semella que unha iniciativa de éxito como é esta ruta de sendeirismo para as comarcas de Bergantiños e Costa da Morte non lle preocupa.

Con esta proposta aprobada reclamabamos á Xunta de Galicia a constitución dunha mesa de traballo, na que ademais do Executivo galego participasen a Deputación da Coruña, os alcaldes dos nove concellos polos que transcorre o dito camiño, a Asociación de Turismo Costa da Morte, a Asociación Camiño dos Faros, a Federación Galega de Montañismo e aquel outros organismos e colectivos que a propia mesa estimara conveniente. O obxectivo desta mesa é conseguir a homologación e planificar o futuro dunha actividade que mobiliza ata 20.000 visitas anuais á Costa da Morte de Bergantiños. Dende o Grupo Socialista ademais seguimos apostando por un Camiño dos Faros tal e como está configurado actualmente, e non roubarlle o nome nin diluílo noutro tipo de proxecto que utilicen grandes consultoras por un mero uso economicista e deixando na cuneta o realmente importante.

Resulta necesario salvar os escollos, principalmente os medioambientais, coa titularidade tamén das leiras, ou a porcentaxe de asfalto que presenta a proposta, debatendo as modificacións propostas pola propia Asociación Camiño dos Faros, promotora do proxecto, e outras que se puxesen encima da mesa.

Estes días atrás a Asociación Camiño dos Faros tivo unha reunión coa Federación Europea de Sendeirismo porque o Camiño dos Faros pode ter o selo Leading Quality Trails, o único en España, algo que teñen claro na federación europea pero que aquí segue sen entenderse por parte da Xunta de Galicia, que non cumpre co acordo do mes de decembro de 2020, xa



que ata o día de hoxe nin tan sequera se puxeron en contacto cos alcaldes afectados para ver como comezar a facer as reunións desa mesa para conseguir a dita homologación.

Señor conselleiro, señorías do Partido Popular, deixen xa de enganar a cidadanía de Bergantiños e Costa da Morte, deixen de facerlles ver que o seu Goberno está preocupado polo Camiño dos Faros. E escoiten o que dicía o outro día a máxima responsable de Turismo en Galicia, a señora Nava Castro, que non ten tempo nin pode xuntar a mesa que foi aprobada hai cinco meses, pero ten tempo para ir facer outras promocións turísticas. E dicía que a razón pola cal o Camiño dos Faros non está homologado no día de hoxe é que a Xunta está involucrada en sacar adiante a súa Ruta dos Faros por toda Galicia. Señores do Partido Popular, teñen que dicirlles a verdade aos cidadáns dende Malpica ata Fisterra, dicirlles que a Xunta de Galicia quere roubar unha iniciativa de éxito mundial elaborada por un grupo de amigos chamados Trasnos para diluílo nun proxecto xeral por toda Galicia poñendo en risco o futuro desta ruta. Por iso lle preguntamos a que está esperando o Goberno galego para constituír a mesa de traballo para conseguir a dita homologación como ruta de gran percorrido despois deste acordo que data xa de hai 5 meses.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señor Seco, eu creo que dicir que queremos roubar unha iniciativa de éxito e que queremos poñer en risco o esforzo da xente... oia, nada máis lonxe. Eu creo que ao final estamos de acordo, polo menos é a postura da Xunta de Galicia clarísima, en que o Camiño dos Faros ten moitísimo valor e, polo tanto, debe promocionarse sen ningunha dúbida. Son case 200 quilómetros, camiño pegado ao mar practicamente, moi pegado ao mar en toda a súa traxectoria; e, polo tanto, paga moito a pena, e representa moitas das cousas que dende a Xunta de Galicia queremos promocionar en materia turística: a beleza paisaxística, o contacto coa natureza... en fin, moitas cousas que hai que potenciar. Polo tanto, non lle caiba ningunha dúbida, nós queremos promocionar este Camiño dos Faros en todos os ámbitos e en todos os niveis. É un destino de natureza sostible e, polo tanto, interesa moito potencialo e serve tamén para concienciar e defender un tramo da Costa da Morte; e, polo tanto, que toda esta zona estea sempre libre de especulacións e que se poida desfrutar como está ata o de agora e melloralas se pode ser —por aí tamén nos interesa—. E tamén, polo tanto, non lle caiba ningunha dúbida que queremos inspirar, fomentar, aplicar, que vaia para adiante calquera iniciativa. E dicíao por iso que di vostede de intentar acabar co esforzo; todo o contrario, calquera iniciativa pública, empresarial, o esforzo dos concellos, o esforzo de empresarios que contribúan a dinamizar este camiño e, polo tanto, toda a zona pola que discorre; iso si, coa máxima transparencia e coa máxima eficacia. Dígoo porque vostede sabe o que subxace detrás de todo este... non lle quero chamar problema, agora mesmo é un proceso que ten que chegar a bo fin se todos estamos de acordo en traballar nese sentido. Vostede sabe que



aquí estamos falando da necesidade de homologar unha ruta, é unha ruta de grande percorrido, é unha ruta GR; e, polo tanto, e creo que para que unha ruta vaia para adiante a homologación é fundamental —e nisto coincide moitísima xente—. Sabe vostede tamén que todo o que ten que ver coas marcas GR, as marcas PR e SL; en definitiva, todo o que é sinalización de rutas de camiños de sendeiros iso está rexistrado na Oficina Española de Patentes e Marcas, na Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada, que aquí o ten —teno en todas as comunidades autónomas— delegado na Federación Galega de Montañismo. Polo tanto, o que hai que facer é homologar ao final, porque pode parecer un termo administrativo moito máis, e vostede mesmo o dicía na súa exposición de motivos e o din todos os que están falando deste tema, hai que garantirlles a seguridade aos que vaian por aí, hai que garantir a sustentabilidade; polo tanto, hai zonas cunha especial protección medioambiental que deben ser tidas en conta á hora de marcar o trazado, en definitiva, e hai cuestión de titularidade de leiras —tamén o di vostede na súa exposición de motivos—. Todo iso hai que telo en conta para poder facer esa homologación e para poder darlle entidade a este camiño, si, dentro dunha senda litoral que vai desde A Guarda...

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...ata todo o límite da costa polo norte.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Todo iso queremos facelo pero estamos traballando nisto...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Si, señor conselleiro, ¿sabe como se consegue protexer a seguridade e o medio ambiente?, con homologación; sen ela é completamente imposible.

Deixen de marear a perdiz, deixen de mentirlle á cidadanía da Costa da Morte. Explíquenlles por que teñen paralizado un informe de impacto ambiental dende hai máis de 2 anos, señor conselleiro. Díganlles cales son as súas intencións reais con respecto ao Camiño dos Faros. Vostedes teñen que contarlle á cidadanía que pretenden facer realmente cun proxecto iniciado por un grupo de amigos que formaron a Asociación Camiño dos Faros e cóntenlles como queren renunciar ao actual proxecto e diluílo no denominado pola súa responsable de turismo a súa Ruta dos Faros por toda Galicia. Non erre, señor conselleiro; traballen para consolidar un proxecto de éxito para unha zona que necesita tanto da promoción turística para a súa economía. Non tiren por terra unha iniciativa que destacan ata en publicacións



como *Forbes* ou no *Washington Post* —no que foi portada— polos máis de 20.000 cidadáns que percorren todos os anos esta ruta. E todo isto sostido actualmente por unha asociación de amigos e o apoio dos nove concellos que forman parte do camiño.

Os problemas que xorden para a homologación sabe que son salvables, que as solucións teñen que pactalas nesta mesa de traballo coas administracións locais, a Asociación Camiño dos Faros e a Federación de Montañismo. Deixen de bloquear o informe de impacto ambiental e faciliten o diálogo entre a asociación e federación. Calquera que coñeza o Camiño dos Faros sabe das súas potencialidades, da necesidade de apostar por este proxecto, do que significa para a hostalería e o comercio dos concellos polos que discorre, da necesidade de poñer toda a creatividade e promoción dende a Administración para fomentar unha iniciativa que fomenta moita riqueza. E o que é tamén moi importante: como poñen de manifesto organizacións ecoloxistas como o Petón do Lobo; necesitamos regulación para que se respecte o noso medio ambiente e a nosa diversidade. Señor conselleiro, sen regulación non hai sinalización nin protocolo de limpeza, nin seguridade dos sendeiristas, nin protección do noso medio natural e a nosa diversidade; só cunha homologación poderemos conseguir poñer en valor esta ruta tan importante para Galicia e a Costa da Morte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Peche da pregunta. Señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, con toda a cordialidade, claro, se vostede me le a pregunta pero tamén me le a resposta, e dá igual o que lle diga eu cando lle estou respondendo á pregunta pois entón está claro que dá igual o que eu lle diga aquí. Porque, claro, le a resposta —tíña escrita— entón, se eu lle digo que vai de homologación e que o problema está en que hai que homologalo, e dime que a solución é a homologación. Pois, efectivamente, é o que lle estaba dicindo na pregunta; polo tanto, vostede sabe que a homologación é cousa da Federación Galega de Montañismo, que está traballando nisto. Entón poñámonos de acordo, ¿o problema é que hai que homologar ou que non hai que homologar? ¿O problema é que con homologar queremos potenciarlo ou o problema é o que tiña escrito na súa resposta xa, xa digo, con independencia do que lle dixera con iso de diluír e que non sei que non sei cantos...? Vamos traballar en serio.

Mire, se vostedes, como foi o seu líder facerse unha foto alí un día cos representantes socialistas da zona, se iso é traballar ou potenciar o camiño, bueno, pois seguirá o camiño moito tempo en discusión. Se traballar é reunirse como nos reunimos con todos os alcaldes... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* bueno, vostede diga que non, está claro que os seus alcaldes non lle dan información, debería preocuparse porque non lle contan que houbo reunións co representante do xeodestino desa zona e coa Federación Galicia Sustentable, que é a encargada de facer toda a senda litoral e, polo tanto, tamén o que ten que ver co Camiño dos Faros para falar dun montón de cousas. Esas reunións tiveron lugar,



señor Seco, que llas contén, que llas escriban na resposta que me acaba de ler tamén, porque se non é imposible poñerse de acordo nisto.

Mire, nesa reunión o que se trataba era en sesións de traballo que xa tiveron lugar, o que querían era facilitar unha ferramenta que permita aportar información para facer os trazados. Dúas-tres semanas despois deron para que se poida traballar sobre ese trazado que se propuxo aos técnicos da Fundación Galicia Sustentable. E despois outra sesión para pechar o trazado consensuado. Despois aí entra a Federación Galega de Montañismo, a homologación que vostede reclamaba e que lle parece tan importante —e niso coincidimos— para intentar despois de todo o que se falou nesas reunións anteriores pois, iso, consensuar un trazado que se poida homologar para dar seguridade. Vostede mesmo o recoñecía, hai problemas de seguridade, e tamén dise en moitos sitios que non se acheguen demasiado aos acantilados que son perigosos. Todo iso haberá que sinalizalo, creo que para que unha ruta sexa atractiva ten que facerse con seguridade e diso vai a homologación, por iso entra a Federación Galega nestas reunións.

Despois outra reunión conxunta cos concellos xa tivo lugar. Despois é cando se pon á disposición esa ferramenta web e o visor xeográfico para que se poida traballar e pechar un trazado definitivamente, todo iso é o que se está facendo. Mire, ¿quere que lle diga as datas das reunións? O 27 de abril, concellos de Laxe e Vimianzo; o 4 de maio, concellos de Muxía, Camariñas e Ponteceso. Home, algún destes debería informalo —digo eu—, xa vexo que non o fixo. O 13 de maio, concellos de Fisterra e Cee; e 20 de maio, concellos da Laracha e Malpica. Estas reunións xa tiveron lugar. Falouse de todo iso e eu pódolle dar as actas, porque se levantou acta desas reunións, do que se fixo, do que se acordou, como están traballando, a boa disposición que teñen os alcaldes fronte ao que vostede vén plantexar aquí sen moito fundamento. E agora pódese facer esa mesa de traballo dentro da senda do litoral e darlle entidade ao Camiño dos Faros, iso si, sustentable, seguro e con futuro como vostede o fai. Como liorta política, así non imos a ningunha parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con discapacidade nos centros de educación especial

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

O carácter urxente da nosa pregunta ao Goberno vén determinado por estarmos a escasos 15 días da clausura do presente curso escolar e as familias de alumnado escolarizado en centros de educación especial aínda non teren recibido resposta ás súas demandas por parte da Consellería de Educación.

A plataforma de ANPA de centros de educación especial de Galiza vén trasladando mesmo por escrito dende hai 2 anos a petición de modificación do Decreto 229/2011, que ten por



obxecto regular a atención á diversidade do alumnado coa finalidade de facilitar o seu desenvolvemento persoal e social e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na Lei de educación.

Pois ben, o artigo 20 deste decreto que regula a escolarización en centros de educación especial limita a permanencia do alumnado nestes centros educativos aos 21 anos, poñendo fin —ao noso ver a ao das familias— abrupta e prematuramente ao proceso de adaptación do desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional que permita acadar o máximo rendemento posíbel das súas capacidades. A excepcionalidade deste curso dificultou aínda máis o desenvolvemento adaptado deste proceso de ensino-aprendizaxe, peche de aulas, eliminación total de actividades complementarias extraescolares, ou mesmo a escolarización irregular ou intermitente nalgúns casos por prevención sanitaria derivada das patoloxías do alumnado. Xustifica como medida urxente e compensatoria de cara ao vindeiro curso a ampliación da escolarización do alumnado que cumpre os 21 anos ou máis e que non rematou a súa formación, unha excepcionalidade que daría continuación á xa tomada para o presente curso.

Con todo, máis aló desta resolución que sería inmediata e puntual para o curso 2021-2022, cómpre —ao noso ver— modificar o Decreto 229/2011 para fixar a posibilidade de permanecer escolarizado nos centros de educación especial o alumnado que supere os 21 anos matriculado en programas de formación profesional básica. É por iso que damos traslado aquí, señor conselleiro, a esta demanda das familias que xa lle ten feito tamén á consellería de forma directa: ¿Está disposta a Xunta a realizar a modificación regulamentaria precisa que permita a continuidade do alumnado con discapacidade nos centros de educación especial máis aló dos 21 anos para completar a súa formación académica? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, bueno, a verdade é que cando falamos de persoas con necesidades especiais, de educación especial, debemos ser creo que moi respectuosos, debemos ter un ton sereno e non debemos fallar á verdade. E vostede está fallando á verdade cando di que isto é unha cuestión que está regulada no Decreto 229/2011, o decreto de atención á diversidade. Non é este decreto o que fixa un marco de idade de 21 anos para que os alumnos, as persoas con discapacidade estean dentro de centros de educación especial, de educativos, ou estean en centros vinculados a Política Social. Iso non o di un decreto da Xunta, iso dío unha lei orgánica do Estado do ano 2006, a LOE, que non foi modificada recentemente na LOMLOE que vostedes, se están tan preocupados tiveron ocasión, terían tido ocasión de plantexar esa emenda no debate parlamentario recente que houbo no Congreso dos Deputados e non o fixeron. Co cal eu creo que non se pode fallar á verdade nin se pode negar o compromiso desta consellería coa educación especial.

Creo que o facemos absolutamente convencidos de que é necesario, primeiro, por xustiza social e, segundo, por apoiar máis a quen máis o precisa.



E os datos, non se fíe de min, non me faga caso a min, simplemente mire os informes comparativos de Galicia, por suposto, a nivel español e a nivel internacional. E darase conta de que todos os informes din que a comunidade autónoma máis inclusiva desde a perspectiva educativa é Galicia.

E non se pode confundir o foco, non se pode intentar trasladar á Xunta de Galicia unha responsabilidade que non é da Xunta de Galicia, que está fixada nunha lei orgánica do ano 2006 e que é a que fixa a idade de 21 anos para que unha persoa con discapacidade estea integrada ou estea atendida desde a perspectiva educativa ata os 21 e, posteriormente, pase á perspectiva de política social a partir dos 21.

Creo que iso é así, non se pode negar, é evidente o gran esforzo que se fai dende a Xunta de Galicia, que non é suficiente nunca. Temos avanzado notablemente, pero quedan aínda moitas cousas por facer. Pero, obviamente, vostede, como deputada seria e rigorosa que é, non debería intentar trasladar unha responsabilidade dunha lexislación orgánica estatal, que vostedes tiveron ocasión de modificar e non o fixeron, a un decreto da Xunta de Galicia que só pode desenvolver dentro do marco legal as accións ou os plantexamentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...que plantexa neste caso unha lei orgánica.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro; grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Si. Grazas, presidente.

Ben, se hai algún tipo de incompatibilidade ou conflito entre o Decreto 229 e o Decreto 107, evidentemente haberá que poñer a solución e creo que non debo ser eu nin polo menos a vostede dicirlle que as competencias en educación están transferidas á Xunta de Galiza; polo tanto, esta consellería ¿que é o que leva feito para resolver ese conflito e cal é, en todo caso, a folla de ruta que vostede enuncia e compromete aquí para trasladarlle ás ANPA, á Plataforma de ANPA de centros de educación especial de Galiza? Esa é a gran pregunta.

Desde logo, o Decreto 107 si que permite a escolarización en programas formativos até os 26 anos. Polo tanto, evidentemente aí hai unha incoherencia e unha incongruencia que non entendemos por que a Consellería de Educación ou no puxo xa a solución ou ben non está traballando para ela.



Ben, eu o que lle podó dicir é que non pasa nada se neste caso non somos os primeiros. Tanto ten se somos os segundos ou os terceiros, o importante é facelo e facelo ben e a poder ser incluso xa aprendendo de quen o fixo con anterioridade.

Por exemplo, ten vostede un precedente na Comunidade de Castela e León, que xa a finais do ano 2019 comprometeu esa mudanza, esa modificación normativa para atender esta demanda que, desde logo, desde o noso grupo parlamentario entendemos que é absolutamente necesaria. E, por suposto, percibímola e recibímola coa máxima seriedade e coa máxima empatía cara a estas familias. O que ten que demostrar agora é o Goberno da Xunta de Galiza e esta Consellería de Educación que tamén é así de atento con elas.

Quero recordarlle tamén as recomendacións do Consello da Unión Europea vinculadas precisamente á necesidade de reducir o abandono escolar sen ter conseguida esta titulación media que asegure unha capacitación xusta. Porque, como di, a Unión Europea, sabe vostede perfectamente que este colectivo, xunto con outros son vulnerables e poden estar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...condicionados á exclusión social.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas... Terminou o tempo.

A señora QUEIXAS ZAS: Polo tanto,... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas... Grazas, terminou o tempo, xa sabe como vai isto. Xa sabe como vai, terminou o tempo. *(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora deputada, non insista; vostede fala de Galicia e fala da Unión Europea, pero non fala do que ten que falar. A regulación respecto á idade de que un alumno poida ou unha persoa poida estar ou non baixo a tutela ou baixo o servizo educativo, ou baixo o servizo do ámbito da política social vén fixada nunha lei orgánica que é a LOE. Vostede entenderá que Galicia, igual que a Comunidade Autónoma de Castela e León, non pode estar por encima da LOE, non o pode facer legalmente. Co cal intentar trasladar esa idea a persoas que teñen esperanza, sen dúbida, e que no fondo é moi positivo que queiran seguir estando no sistema educativo, en certa medida é non contarlle a verdade ou utilizar esa necesidade ou ese requirimento vital para intentar sacar un réditto político que sinceramente creo que non ten ningún sentido que intente desenvolver esa acción.

Porque mire, sabémolo, os centros de educación especial teñen, temos unha responsabilidade ata unha idade, ata os 21, fixada nunha lei orgánica. Tamén fixada por cuestións técnicas. Os procesos de aprendizaxe teñen un momento e os procesos de integración so-



cial, e incluso de integración laboral teñen outros momentos, por iso o ámbito da política social é máis amplo nese sentido que o ámbito puramente educativo. Non nos confundamos. Entón, creo que o que vostede está plantexando parte dunha debilidade e é que non contempla este marco orgánico no cal teñen que desenvolverse as leis e os decretos que os desenvolven. Co cal non se xeren falsas expectativas, non entremos en xerar unha expectativa que está coartada ou está fixada por un marco regulamentario orgánico que —insisto— o BNG tivo oportunidade de modificar e non o fixo, apoiou a lei. A LOMLOE vostedes apoiaron a lei coa súa abstención. (*Murmurios.*) É dicir, que tanto lle dá, é dicir, que tanto lle dá. Cando alguén se abstén é tanto me dá. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Co cal, a súa preocupación política por que non a manifestaron co Goberno que pretendidamente apoian e que é o dos seus socios, onde gobernan exactamente en todos os sitios onde poden facelo.

¿E por que intentan trasladar esa responsabilidade neste caso ao Partido Popular, á Xunta de Galicia? Equivócanse, erran o tiro. Se isto non se pode facer é polos seus socios, polos que sentan con vostedes nas deputacións, nos concellos, en todas as partes. E se vostedes intentan confundir pois, mire, a verdade é que non ten moito máis sentido.

En todo caso, hai un marco legal moi claro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...hai unha responsabilidade da Xunta de Galicia moi clara...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, conselleiro...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...clarísima no eido da educación especial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...e realmente xogar a confundir ao final... (*O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa rematou. Quedou a cousa clara. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a María del Carmen Aira Díaz e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urxencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte

A señora AIRA DÍAZ: Bos días.

Grazas, señor presidente.



Señor conselleiro, no mes de marzo do ano 2020 o PAC de Monforte a efectos prácticos pechou e mesturouse coas urxencias do hospital, competindo polo mesmo espazo físico. O persoal non sanitario do PAC foi instalado co persoal administrativo das urxencias nun recinto minúsculo que case non cumpre coas mínimas medidas de seguridade e saúde. O persoal sanitario para traballar ocupou 2 boxes dos 5 cos que conta a urxencia hospitalaria.

Isto foi unha medida urxente provisional derivada da Covid pola necesidade de instaurar o dobre circuíto para evitar contaxios. O Hospital de Monforte non ten implantada a triaxe Manchester, pero o persoal administrativo do PAC si que tría pacientes e decide por que circuítos os envía con bastante inseguridade xurídica para eles, dende o noso punto de vista.

A sala de espera de ambas as urxencias tamén merece que me deteña porque é un espazo de 10 ou 12 metros cadrados, cunha fiestra alta e horizontal que no inverno tiña que permanecer pechada. Ten anulados moitos asentos, de feito só conta con 7 operativos, pero nese espazo ata parecen excesivos.

Parte das dependencias do PAC ante a insuficiencia de boxes constan dun cuarto sen fiestra e sen zona de exploración, e en fronte á sala de estar do persoal pola que se accede aos cuartos de descanso nocturno, que están a varias alturas do chan e dan a un patio de luces, non contan con saída de emerxencias, polo que ante un incendio na sala a solución sería tirarse pola fiestra dende unha altura pouco recomendable.

O PAC comparte sala de curas coas urxencias hospitalarias, o que supón outra dificultade máis para atender os pacientes de ambas as urxencias con axilidade.

Isto acontece hai máis dun ano sen que se solucionara. ¿Que pensan facer vostedes ao respecto e, sobre todo, cando?, porque houbo moitas promesas pero poucos resultados

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi bo día, presidente; señorías.

Señora Aira, o coronavirus trouxo consigo numerosos cambios nas nosas vidas, pero un dos máis significativos produciuse efectivamente na xestión e organización da sanidade; cambios todos eles fundamentais para garantir non só a seguridade dos pacientes, senón tamén a dos profesionais dende o primeiro momento en que se enfrontaron ao virus. Para isto, tanto no ámbito da atención primaria como no ámbito hospitalario foi preciso, como vostede ben dicía, crear circuítos dobres para garantir a seguridade. Foi necesario establecer zonas separadas para pacientes respiratorios ou con sospeitas de estalo, e para os pacientes con outras patoloxías co obxectivo de dar unha asistencia sanitaria segura. Así, no marco do plan de continxencia da área sanitaria neste caso de Lugo, Monforte e Burela, valoráronse as alternativas para o seguimento dos pacientes que acceden ao Servizo de Urxencias do Hospital



de Monforte e ao PAC. Unha vez analizadas todas as opcións, considerouse que o mellor era crear unha zona Covid na instalación do PAC por varias razóns, entre elas a súa accesibilidade, a súa posibilidade de contar con box que permitían un tratamento individualizado, ademais dunha sala de espera propia e independente para este tipo de pacientes, como dicía, con sintomatoloxía compatible con infección por coronavirus.

O outro circuíto, o de pacientes non respiratorios, localizárase nas instalacións do Servizo de Urxencias e que conta tamén con sala de espera independente. A todos os pacientes con patoloxía respiratoria préstaselles consulta no circuíto correspondente por parte dos facultativos e o persoal do Servizo de Urxencias asinados a esta tarefa.

No circuíto de non respiratorios atendéronse e aténdense os pacientes do PAC polos facultativos do PAC, e os pacientes do Servizo de Urxencias, polo Servizo de Urxencias. Para isto asignáronse 3 boxes, 3 ao PAC, no espazo destinado a Servizo de Urxencias para que os profesionais do PAC puideran pasar a consultar. Esta disposición mantívose así dende o inicio da pandemia. Para iso a organización foi presentada conxuntamente pola Dirección do Hospital de Monforte e a Dirección de Atención Primaria da área e comunicada, e falada e consensuada cos profesionais dos dous servizos asistenciais: Servizo de Urxencias e PAC. E, polo tanto, foi —repito— consensuado e aceptado antes da súa posta en marcha.

Esta disposición de dobre circuíto persistiu durante este período de pandemia no que houbo que atender os pacientes en momentos nos que se acadaban cifras moi elevadas de contaxios, e foi precisamente esta organización a que permitiu traballar de forma segura con pacientes respiratorios e sospeitosos de Covid, e cos pacientes non respiratorios.

Ante unha pandemia como é a que vivimos, houbo que adaptarse e buscar as mellores solucións, ademais de consensualas cos profesionais, que permitiron atender todos os pacientes co menor risco posible tanto para a súa saúde como para a dos traballadores que prestan os servizos tanto no PAC de Monforte como nas urxencias hospitalarias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas.

Señor conselleiro, vostede só me falou xenericamente e só falou das virtudes, e eu preguntille pola precariedade das instalacións e como o van resolver. Dende logo, co persoal nada disto está consensuado; se lle dixeron iso, enganárono.

Ata o de agora o único que se fixo para resolver a situación foi duplicar persoal médico os sábados pola mañá. Descoñecemos que motivou isto, porque igual hai necesidade toda a semana e pola tarde e pola noite, non só os sábados pola mañá, o que ocasionou que se desprazara a metade do equipo ao Centro de Saúde de Monforte, co cal os doentes quíexanse porque están arriba e abaixo e non saben a onde acudir.



Quero dicir, o tratamento ten que ser igual para todas as persoas que acudan, non ten unha que dar máis voltas que outra e non ten xustificación para iso.

Dende o BNG consideramos que isto non é de recibo e ademais que non é algo debido á covid seguramente, porque o que supón é un desgaste máis para os precarios servizos sanitarios dese distrito, antes área, como vostede sabe. Xa pasou con cardioloXía, pasa con moitas cousas.

A ampliación do hospital é suficiente para albergar o PAC en condicións dignas, sería un sinal de respecto para a poboación, pero tamén para o persoal.

Vostede é plenamente consciente da incapacidade —e subliño— incapacidade do distrito de Monforte para fixar profesionais; por algo será. O persoal ten claro que non aguantan esas condicións, e de feito hai varias persoas que xa pediron traslado. Vostedes botan do distrito, coa precarización, sobre todo o persoal facultativo e isto redunda na precarización da asistencia sanitaria á poboación. Até o de agora, como demostran os feitos, non houbo compromiso serio para dotar o PAC dunhas instalacións dignas e seguras e non sabemos se a partir de hoxe vai cambiar ou vai seguir exactamente igual.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Aira, chámame a atención como se pode retorcer e falar dunha reorganización de circuítos nunha pandemia de índole mundial e chegar á precarización e falar incluso da área e do distrito. Mire vostede, eu creo que se fixo unha actuación correcta, repito, consensuada cos profesionais, ao mellor non como lle contou a vostede aos problemas que ten agora, que por suposto é de respecto, pero consensuouse cos profesionais, buscouse unha solución que, por certo, eu creo que na miña modesta opinión que beneficia os traballadores do PAC, porque na maior parte dos PAC tiveron que atender circuítos respiratorio. No PAC de Monforte o circuítos respiratorio atendeuse nas Urgencias do hospital, sen que isto sexa nin bo nin malo, simplemente que estea aí. As condicións de traballo do PAC por desgraza respecto a outros PAC durante a pandemia foron mellores. Evidentemente, cando un adapta circuítos ante unha excepción como esta, non todo é perfecto, porque se fora perfecto non habería que adaptalos. Se vostede me fala de que os dormitorios dos médicos de garda non teñen saída de emerxencia por se hai un incendio, non se preocupe que o revisaremos e lles daremos todas as saídas de emerxencia que precisen os dormitorios dos médicos de garda. E, se me di que os sábados pola mañá se reforza a plantilla, non sei onde está o problema, pero tamén analizaremos que consecuencias tan dramáticas que fai precarizar o traballo no PAC de Monforte e ademais que a xente fuxa de Monforte.

Eu creo que hai que ser un pouco serios, hai que valorar as opinións dos profesionais, creo que se buscou nese PAC e en todos os PAC e todos os hospitais comarcais a mellor solución



para abordar algo que nos chegou de súpeto. Repito, poño en valor o esforzo dos profesionais para adaptarse á situación, polo en valor o traballo e a percepción que teñen os cidadáns desa comarca, que en ningún momento puxeron ningún tipo de problema por esta atención, ao revés, a nós chegaron felicitacións polo ordenamento das Urgencias de Monforte, que, por certo, pasou momentos moi complicados durante a pandemia. E de verdade que me parece sorprendente que vostede pretenda agora que unha organización de circuitos no PAC que, repito, saíu francamente ben e mellora a atención dos pacientes da comarca a falarlle da área sanitaria, da cardiología non sei que cousas máis.

Mire, a aposta polo hospital de Monforte é clara, 15 millóns de euros nun plan director que se está a executar agora mesmo. Se temos opción de mellorar algunha cuestión das Urgencias, por suposto que as melloraremos, pero, por favor, sexamos serios, estamos falando de pandemia, de circuitos e seguridade de pacientes e profesionais.

Máis nada. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerosis lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, nós hoxe vimos a traerlle unha pregunta sobre a esclerosis lateral amiotrófica, unha enfermidade do sistema nervioso central caracterizada por unha dexeneración progresiva das neuronas da corteza cerebral, o tronco do encéfalo e a medula. Trátase da terceira enfermidade neurodexenerativa en incidencia despois da demencia e a enfermidade de Parkinson.

Esta é, xunto coas súas variantes, a enfermidade da neurona motora máis frecuente no adulto. Na actualidade non hai posibilidade de ofrecer unha curación da enfermidade, pero o que si podemos ofrecer os homes e mulleres que padecen ELA é tratar de mellorar a súa calidade de vida e acompañalas neste duro proceso de adaptación a esa nova realidade e tamén aos seus familiares, mediante un modelo de atención que chegue a ser un paradigma na calidade dos coidados que reciban. A organización das consultas de acto único nos hospitais de Galicia, ou o compromiso de axilizar a tramitación na valoración das discapacidade aos pacientes con ELA para que a súa resolución se emita nun prazo mínimo dende o momento da solicitude son dous dos exemplos destes novos deseños organizativos. Unha enfermidade que, ademais, do servizo de neuroloxía, están implicados outros servizos, como son os rehabilitadores, os fixioterapeutas, os logopedas, os terapeutas ocupacionais ou os psicólogos e que necesitan coordinación e esforzos por parte de todos os profesionais implicados para obter os mellores resultados.

Por parte do Servizo Galego de Saúde, fíxose un gran esforzo para o diagnóstico precoz desta enfermidade, tanto no ámbito hospitalario como no ámbito da atención primaria, e para a



coordinación de que todos estes servizos implicados no tratamento destes pacientes fose posible.

Galicia foi a primeira autonomía das once que firmaron o convenio en abordar o convenio subscrito entre a Xunta a través das consellerías de Sanidade e Política Social coa Fundación Francisco Luzón cun enfoque clínico e socioasistencial para obter unha mellor calidade de vida nos pacientes con ELA.

Hoxe, como lle dicía, señor conselleiro, desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular estamos interesados en saber que avaliación fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerosis lateral amiotrófica posto en marcha xa no ano 2018.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente; señorías.

Señora Amigo.

Efectivamente, Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas que xa hai máis de tres anos asinou ese convenio de colaboración coa Fundación Luzón e que á firma dese convenio segulle un traballo intenso tanto na Consellería de Sanidade como na da Política Social para poñer en marcha varios aspectos. Fundamentalmente o máis destacado sería a posta en marcha do proceso social integrado de esclerosis lateral amiotrófica, que foi o primeiro en España aprobado xa hai máis de dous anos. Contar con este proceso asistencial integrado supuxo poder dispoñer dunha ruta sociosanitaria para a mellor atención integral aos pacientes afectados por ELA, unha enfermidade sen tratamento curativo, como vostede ben dicía, enormemente invalidante e cunha esperanza de vida moi limitada.

Entre os obxectivos establecidos no proceso asistencial integrado e xa cumpridos, atopábase por unha banda definir unha vía clínica de esclerosis lateral amiotrófica en cada área sanitaria que garantise que a persoa con sospeita de ELA contase cunha primeira consulta nos servizos de neuroloxía polo menos nos seguintes 15 días. Neste caso en Galicia reducimos en 45 días os dous meses recomendados polo Ministerio de Sanidade para iso. Tamén se estableceron tempos máximos recomendados para a realización de probas diagnósticas en relación coa ELA que permitiron diminuír a angustia que supón agardar por un diagnóstico deste tipo. Tamén a adxudicación da tarxeta dobre A para as persoas con ELA ofrécenlle unha atención preferente dentro do Servizo Galego de Saúde a estes pacientes. E tamén a organización do sistema sanitario arredor do paciente con ELA establecendo consultas hospitalarias de acto único multidisciplinares para nunha soa sesión poder avanzar en aspectos diagnósticos ou de tratamento.

Galicia foi, ademais, a primeira comunidade autónoma en España en dotar de lectores oculares os servizos de neuroloxía dos nosos hospitais, co fin de garantir a autonomía persoal dos pacientes mellorando a súa comunicación.



Hai que ter en conta que, antes de que se puxera en marcha o PAI, o único hospital de Galicia con consulta de acto único para os pacientes con ELA era o Complexo Hospital Universitario de Santiago, o CHUS, polo que a implantación do proceso integrado supuxo unha mellora asistencial que todos os galegos que padecen esta enfermidade teñan ante calquera sospeita. Nesa liña, seguiremos traballando, por suposto, co fin de garantirlle unha mellor atención sanitaria e unha mellor calidade de vida aos pacientes que sofren esta enfermidade e tamén, por suposto, ás súas familias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta. Foi fundamental, como vostede dixo, a posta en marcha dese proceso asistencial integrado que supuxo un grande avance para a mellora da atención integral das persoas afectadas de ELA o primeiro no noso país, como vostede dixo. Procesos como a definición desa vía clínica de esclerose lateral amiotrófica en cada área sanitaria que garante que as persoas con sospeita de ELA contén cunha primeira consulta nos servizos de neuroloxía de forma precoz, organización do servizo dese sistema sanitario arredor dos pacientes con ELA, establecendo consultas hospitalarias de acto único ou ese establecemento de tempos máximos ou a adxudicación desa tarxeta dobre A para persoas con ELA ofrecéndolles unha atención preferente no Servizo Galego de Saúde a estes pacientes. Ademais desa boa nova de que Galicia de novo foi a primeira comunidade autónoma en toda España en incorporar os lectores oculares aos servizos de neuroloxía nos nosos hospitais co fin de garantir a autonomía persoal dos pacientes mellorando a súa coordinación.

Son todas elas, sen dúbida, melloras importantes para os pacientes con esclerose lateral amiotrófica que van contribuír de maneira excepcional a mellorar a calidade de vida destes pacientes.

Medidas adoptadas por un Goberno comprometido, un Goberno responsable coa sanidade e, por suposto, cosa persoas que padecen unha enfermidade.

Nesta segunda quenda, gustaríanos que nos dera resposta a cantos lectores se levan entregados, cantas unidades específicas ou consultas de ELA hai na nosa comunidade. E, por último, se nos pode dicir se hai xa algunha liña de investigación aberta neste sentido para esta patoloxía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.



Efectivamente, unha das melloras máis recentes e que ademais me comprométin neste Pleno a comezos de ano era a posta á disposición dos pacientes dos lectores oculares non para o servizo de neuroloxía neste caso, senón para os seus domicilios, co fin de mellorar a súa calidade de vida e facilitarlles, por suposto, a comunicación con contorno. Para poder levar a cabo a compra dos dispositivos, levouse a cabo por parte das áreas sanitarias unha valoración sobre as necesidades existentes en cada ámbito territorial. Os lectores, despois de estar xa en vigor a instrución para facer efectiva a prestación, entréganselles aos pacientes con trastornos neuromotores neste caso graves con afectación severa de ambos os membros superiores e imposibilidade de comunicación oral ou escrita. Estes son os criterios de indicación.

Pois ben, ata o de agora levamos entregado catro lectores, a día de hoxe, e seis están sendo valorados polos respectivos comités de avaliación das áreas sanitarias, polo tanto, un total de dez lectores xa agora mesmo están á disposición catro e seis en proceso, polo que Galicia avanzou no noso compromiso cos pacientes de ELA poñendo todos os recursos dispoñibles á súa disposición. De feito, a Fundación Francisco Luzón ten identificada a nosa comunidade autónoma como unha das tres en toda España nas que se conta cun mellor modelo de atención.

Para iso contamos tamén con tres unidades específicas de ELA no CHUAC, no CHUS e no Álvaro Cunqueiro, tendo ademais en todas as áreas sanitarias unha consulta específica de ELA; polo tanto, sete específicas de ELA e tres unidades multidisciplinares de acto único, como dicíamos antes.

Ademais, prestámoslle atención psicolóxica específica ás persoas que padecen esta enfermidade e temos un protocolo de coordinación cos servizos sociais e as asociacións de pacientes tamén.

Así mesmo, dende a publicación do PAI, respondendo á cuestión sobre a investigación, púxose en marcha un grupo de investigación de ELA no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, no IRIS; está integrado por máis de 20 profesionais, sendo un dos grupos máis numerosos en España, xunto cos de Cataluña e País Vasco. Polo que a implantación do proceso asistencial integrado supuxo, polo tanto, un importante avance na atención das persoas con ELA, contando coa participación dos paciente e das súas familias, que xunto coas súas entidades seguirán marcándonos o camiño na procura dunha mellor calidade de vida para os galegos que padecen esta enfermidade.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do reforzamento dos servizos do Centro de Saúde da Guarda

O señor LOURENZO SOBRAL: Moi bo día, señor conselleiro.

A sanidade pública da Guarda cae a cachos, e isto que alguén podería pensar que é apenas o termo imaxinario dunha macabra metáfora pois no caso da Guarda é o termo máis dramaticamente real que a veciñanza poida soportar.



E é certamente, ademais dunha macabra metáfora, tamén unha macabra ironía que xustamente sexa este espazo no que a xente vai na procura de saúde que se converta nun risco pola situación de abandono de deterioración dun edificio que vén sendo denunciado á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo dende hai máis de dous anos.

Mais o problema, señor Comesaña, é que estas elocuentes imaxes que vimos de ensinar non son senón o reflexo dunha situación da sanidade pública da Guarda que vai moito máis alá.

O centro de saúde da Guarda é un centro de saúde que ten oito cupos médicos recoñecidos pero que nunca estes cupos dende hai ben tempo están a ser cubertos. Catro médicos, a metade no mellor dos casos, tres médicos, as máis das veces é a realidade coa que se atopan sistematicamente a veciñanza da Guarda que busca atención sanitaria. Mais esta situación vese agravada, señor conselleiro, polas casuísticas específicas do concello da Guarda, un centro que, pola súa propia ubicación, cada vez que un médico ten que facer unha saída para atender unha urxencia, pois ten unha demora de dúas horas, o PAC atende tamén o concello de Oia e do Rosal, como sabe. Un centro que pola súa localización periférica respecto dos grandes núcleos de poboación pois non é un destino prioritario para moitos profesionais sanitarios, é un centro, un concello que durante o verán triplica a súa poboación.

Señor conselleiro, no día de hoxe, no concello da Guarda temos tres de oito médicos e sete das nove enfermeiras que están en plantilla; tres médicos de oito, señor conselleiro, que tiveron que atender no día de onte 223 consultas. Repito, señor conselleiro, 223 consultas, case 75 consultas por médico máis 33 urxencias.

¿É esta unha situación digna para a atención sanitaria para a veciñanza da Guarda, señor conselleiro? ¿E cal é o papel da Xunta de Galiza ante esta situación? Anunciar un plan de reforzo que no mellor dos escenarios dotaría o concello da Guarda de 4 médicos, nun concello que no verán —repetimos— triplica a súa poboación.

Polo tanto, señor conselleiro, nós, como está a facer a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Guarda, simplemente vimos a demandarlle solucións, a pedirlle que non nos faga un repaso da RPT nin dos metros cadrados, solucións. ¿Cales van ser as solucións que poñen enriba da mesa para resolver os problemas da cidadanía da Guarda, señor conselleiro? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente; señorías.

Señor Lourezo, a situación da Guarda non lle escapa a ninguén que é unha situación mala, non imos a dicir que é boa, ademais coñezoa creo que ben. Leva tempo sendo así e a verdade é que non somos capaces de conseguir que mellore de xeito claro.



A praza da Guarda, como vostede ben dicía, é unha praza que por desgraza non é ben valorada na OPE; na última OPE foi a última praza en escollerse nas vacantes e nesta OPE pois foi tamén das últimas.

En todo caso, enmárcase nunha situación complicada en toda Galicia e en todo o Estado de falta de profesionais médicos, sobre todo para contratación.

Este centro atende unha poboación de 11.494 persoas, das que 1.603 están en idade pediátrica. Ademais, traballa co centro de Santa María de Oia, co centro do Rosal, e o propio Centro de Saúde da Guarda como vostede dicía, ten 8 facultativos, e ademais ten o PAC.

Neste momento, temos ademais concentrada esa plantilla, concentrada na mañá e ademais temos os dous pediatras tamén de mañá, e encima temos o pediatra de Oia, que tamén está concentrado aí, como vostede tamén ben sabe.

Ben, como queda claro, o que é a planificación, a plantilla á que vostede chama RPT, está ben dimensionada para a situación e a poboación deste concello, pero ben é certo que, por distintos motivos, podemos nomear algúns: as baixas por enfermidade, permisos de maternidade, de paternidade, lactancia, e mesmo profesionais que sacaron praza noutras comunidades autónomas recentemente e tiveron que tomar posesión desa praza alí mesmo.

Nós, dende a Área Sanitaria de Vigo, e por suposto na consellería, facemos todos os esforzos por exemplo indo á pregunta de hai un rato, ofrecemos un contrato de continuidade, ofrecemos un contrato de ata 3 anos na Guarda cun soldo de 60.000 euros e, por desgraza, non conseguimos que ningún facultativo o colla. Polo tanto, temos que seguir tirando da OPE, acaba de producirse o proceso de adxudicación, podo adiantarlle a vostede e por suposto á poboación da Guarda que nos vindeiros días, ou os días 14 e 15, vanse incorporar polo menos 3 facultativos máis á Guarda, co cal pasaríamos a ter desas 8 prazas 6 cubertas; 1 segue en IT, pero vaise cubrir, como se están cubrindo por certo —que isto nunca o di vostede— as ausencias de persoal, temos varios mecanismos para cubrilas. Primeiro, listas de contratación, e cando non hai recórrese a outros mecanismos; neste caso engadimos o contrato de continuidade, que tampouco conseguimos ninguén que o ocupara, e polo tanto recórrese á intersubstitución e á prolongación de xornada. Quero aquí destacar e agradecer, porque ninguén o fai, o papel dos médicos que, ademais de facer o seu turno de traballo, quedan despois de xeito remunerado pero quedan despois a cubrir as ausencias dos compañeiros.

Nese caso, esas dúas prazas que quedan pendentes para cubrir as oito van ser cubertas neste caso polo propio equipo unha delas e, noutro caso, por prolongacións.

Polo tanto, a boa nova é que en vindeiros días cremos que a situación vai mellorar de xeito substancial, unha vez rematada a incorporación da OPE, da que por certo das tres prazas que saíron para A Guarda só unha se cubriu e dúas pediron a excedencia e a conciliación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Réplica, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Nós de verdade, señor conselleiro, que lle agradecemos que faga unha descrición da situación, á que vostede adicou boa parte da súa intervención, o que pasa é que dun conselleiro de Sanidade o que se agardan é solucións, non descricións desta situación.

E simplemente, señor conselleiro, quizais de ter aplicado unha política de afortalamiento da atención primaria e non de redución da mesma á mínima expresión, o sistema toleraría mellor o impacto da pandemia. Quizais mesmo os usuarios do sistema non terían que esperar 15-20 días por unha cita. Quizais non habería tanta xente explicando cada día a súa problemática a unha cara diferente. Quizais non se verían as poboacións periféricas ou do rural, como é o caso da Guarda, especialmente prexudicadas.

Isto, señor conselleiro, non é algo que diga este portavoz do BNG; isto é algo que están denunciando publicamente os facultativos do Centro de Saúde da Guarda. Polo tanto, está moi ben que vostede agradeza aquí o seu traballo, cuestión que facemos todos, o que pasa é que o que agardan estes facultativos non é que vostede veña aquí a agradecer, é que implemente solucións para unha situación absolutamente límite (*Aplausos.*)

Polo tanto, vostede dicía nunha intervención anterior, que valoraban as opinións dos profesionais sanitarios. Cóllalles o guante, señor conselleiro, valore a atención destes profesionais sanitarios e aporten solucións que vaian máis alá dun parche no que vostede vén aquí a dicir que, no mellor dos escenarios posíbeis para este verán, teríamos 6 dos 8 profesionais que temos en plantilla. E a pregunta que nos facemos semella evidente. Aquí o Partido Popular leva gobernando neste país durante 28 dos últimos 31 anos, ata antes de onte estiveron gobernando tamén no Goberno do Estado, ¿e a responsabilidade do que está a acontecer na sanidade pública é sempre doutros, señor conselleiro? Asuman a súa responsabilidade. A situación da sanidade pública da Guarda é absolutamente límite, e require solucións inmediatas e de calado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Bueno, eu creo que empecei pedindo desculpas á cidadanía da Guarda pola situación que está a vivir o centro de saúde, é unha situación, repito, que non é nin deste ano nin de hai 2 anos, é unha situación que é endémica e, repito, asociada á problemática non da Guarda, senón de toda Galicia e de todo o Estado, pola ausencia de profesionais neste caso de atención primaria.

Eu non estou a falar de parches, estou a falar dunha OPE á que acaban de incorporarse tres persoas en teoría a esta praza, das que dúas renunciaron, e eu non podo, unha persoa que



colle unha praza nunha OPE, que facemos un esforzo grande, como dicía antes, en convocala e dotala, e non podo facer que as persoas que non queren estar na Guarda, a pesar de coller a praza, queden alí. Polo tanto, o Sergas puxo todos os mecanismos que tiña á súa disposición para tratar de garantir con estabilidade as prazas na Guarda, pero non é posible, porque non está ao 100% na nosa man, polo menos no que se refire a que unha persoa colla a praza na Guarda e pida excedencia ou por suposto exerza a súa liberdade de pedir conciliación.

Non obstante, seguimos traballando e seguiremos traballando para ofrecer, dicíao hai un momentíño, un contrato de 60.000 euros ao ano, con dúas gardas no PAC, e está á disposición de calquera que queira collelo na Guarda. Tamén poderá dicir vostede que, se non o colle ninguén, tamén é culpa nosa. Pois probablemente tamén sexa culpa nosa, non digo que non, pero seguiremos intentándoo. Seguiremos intentando que alguén, algún profesional máis acuda á Guarda e, en lugar de 6, pasen a ser os 8 que están en plantilla, porque é plantilla estrutural e está aí.

No obstante, repito, facemos os esforzos para que eses ocos que quedan, pois nada por cousas menores, tamén culpa da Xunta, a IT, o permiso de paternidade, pois sexan cubertos neste caso con outros profesionais que voluntariamente cobren esas horas de asistencia.

En todo caso, repito, esta é unha situación que é común a toda a zona e, repito, esa zona, como vostede ben dicía, é unha zona que é de difícil poder de atracción para os profesionais; aos profesionais por distintos motivos cústalles coller prazas alí. De feito, como acabo de dicir, unha praza en propiedade renuncian a ocupala; e, polo tanto, o Servizo Galego de Saúde seguirá facendo todo o necesario para dotar esas prazas e que as 8 prazas que estean en plantilla poidan estar dotadas e os cidadáns da Guarda neste caso e tamén os que podan vir no verán.

En todo caso, e falando do verán, que isto é moi manido, aínda que a poboación aumente e se triplique, ou se quintuplique ou os números que vostedes queiran, no verán, mire vostede, os pacientes no verán no van ao centro de saúde, van ao PAC. Pois o PAC da Guarda está perfectamente dotado, si, si, diga vostede, pero está perfectamente dotado para atender a atención promedio e os picos do verán na Guarda. Evidentemente cando hai dúas urxencias e hai que trasladar aos pacientes neste caso ao Álvaro Cunqueiro, hai un momento no que o PAC pode quedar descuberto, por iso temos un médico de tarde para poder atender iso.

Pero o aumento de poboación está referido á atención extraordinaria, non á ordinaria dos centros de saúde, que, repito, con isto non quere dicir que sexa boa. Acabo de recoñecer que non é boa, que é mellorable e seguimos traballando nela, pero non mezclamos a triplicar a poboación no verán coa atención ordinaria no PAC.

Repito, seguimos traballando coa área sanitaria de Vigo para que esta situación mellore e os cidadáns teñan a mellor atención.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Retomamos a orde do día.



Interpelación de D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bon día.

Obrigado, señor presidente.

De entre os sectores produtivos de Galiza, o da automoción ocupa un lugar moi destacado practicamente desde calquera punto de vista, polo número de empresas, polo volume de emprego, polo volume de exportacións, polo seu nivel tecnolóxico, polo valor acrescentado das súas operacións, etc. Nunha visión de conxunto, o sector da automoción representaba nos anos anteriores á pandemia, entre o 15 % e o 12 % do PIB galego. Durante o ano 2020 o sector bateu o récord de facturación, superando os 10.000 millóns de euros, un 7,3 % máis que en 2019, e aumentou tamén as exportacións de vehículos nun 16 %, un sector que representa o 35 % das exportacións galegas e que ocupou, durante o ano 2020, 25.000 persoas.

Un sector, por tanto, estratéxico para a nosa economía desde calquera punto de vista, que ademais de estar afectado por profundos cambios que son comúns a todo o sector a nivel mundial, como as chamadas transicións enerxética e dixital, no caso concreto do noso país o sector ten unha característica particular de especial relevancia, que é a súa total dependencia dun único fabricante, o grupo PSA-Citroën hoxe Stellantis.

Certo que ao redor deste fabricante existe toda unha rede de empresas, de compoñentes e auxiliares que, aínda que teñen outros clientes, aínda que traballan en certa medida para outras factorías, nalgúns casos fóra do Estado español, a súa dependencia de Stellantis é radical.

A proba máis evidente é como aumenta o emprego en todas elas cando aumenta a ocupación en Stellantis, e á inversa, como unha parada e un ERTE en Stellantis implica de inmediato paradas e ERTE en toda a rede de empresas proveedoras e auxiliares.

Hoxe, os ERTE están provocados por un problema na cadea de subministración, concretamente pola escaseza mundial de semicondutores, uns microchips esenciais para a fabricación de produtos electrónicos, producidos case en exclusiva nos países asiáticos China, Taiwán e Corea, un problema global, que afectou a todos os fabricantes, aínda que noutros países do contorno europeo non se aplicaron ERTE.

Pero tamén houbo ERTE en decembro do 2018 e durante todo o 2019 en PSA-Citroën, e daquela a falta de ocupación non tiña unha causa global, senón que era atribuíble en exclusiva á Dirección da propia PSA, ás súas dinámicas internas, ás súas decisións sobre repartición e adjudicación de vehículos entre as diferentes fábricas e aos seus plans para industrializar os modelos.

O que queremos poñer de relevo, señor vicepresidente, é que hai demasiados ovos nun único cesto. Un cesto, como dicía, sometido a profundas presións, como os cambios enerxético e dixital, problemas nas cadeas de subministración de pezas críticas para a produción, así



como a decisións internas sobre planificación industrial da Dirección dunha empresa cada vez máis grande, con máis marcas e máis centros produtivos en máis territorios.

No BNG temos claro que a defensa e consolidación do sector da automoción debe ser unha prioridade do Goberno galego, a defensa e a consolidación da actividade industrial e do emprego. Por iso o BNG leva moitos anos reclamando accións decididas para diversificar o sector, para introducir novos fabricantes e novas actividades.

Hoxe, coa descarbonización da mobilidade e a transición enerxética, precisamos máis do que nunca dun Goberno que se preocupe por liderar e tutelar estes procesos no sector, que se preocupe de garantir que Galiza non quede atrás, que se preocupe de promover a diversificación e que se preocupe de asegurar a cadea de subministracións. En resumo, que se preocupe de consolidar o sector e o emprego.

Mais o que vemos, para non variar, é que a Xunta do Partido Popular carece dun plan a este respecto. Carece de iniciativa e de previsión e mantense como un simple comentarista crítico da actualidade política. A última ocasión na que puidemos comprobar o papel subalterno da Xunta, nun asunto de especial importancia para o sector e para Galiza, tivo lugar con ocasión do anuncio feito polo Goberno español da súa participación dun proxecto para instalar en Barcelona o que se anunciou como a primeira fábrica de baterías no Estado español. O grupo Volkswagen, que ten previsto instalar catro fábricas de baterías en Europa —xa ten dúas funcionando en Alemaña e en Suecia—, unha destas catro será instalada nalgún país do sur de Europa. O Goberno do Estado español —nun acelerón, por certo, que pasará á historia— anunciou que esa fábrica se instalará en Barcelona da man dunha iniciativa mixta na que participarán, ademais do grupo alemán, o propio Goberno español, Iberdrola e Telefónica, e deixaba aberta a posibilidade de que se incorporasen máis socios.

Pouco despois desde Volkswagen matizaban o anuncio dicindo que a situación da planta non estaba decidida. Insistían en que sería nalgún lugar do sur de Europa deixando ver que tomarían a decisión en función das condicións que se lle ofrecesen. Este proxecto, concretamente o feito de ser anunciado polo Goberno de España, anunciando tamén a súa participación directa e o compromiso de fondos europeos para o seu desenvolvemento, provocou unha pequena revolución por parte dos gobernos de todas as comunidades autónomas que contan con fabricantes no seu territorio, incluída Galiza.

Pero a posición e a reivindicación de cada unha destas comunidades autónomas é moi diferente nesta carreira por ter unha fábrica de baterías. En Aragón, por exemplo, reivindicán Zaragoza para instalar esa fábrica de baterías; poñen en valor o feito de contar cunha gran fábrica de Opel e a súa situación xeográfica a medio camiño entre as factorías doutros fabricantes en Euskadi, Nafarroa, Cataluña, Valencia, Madrid, Valladolid..., unicamente afastada, por certo, da fábrica de Vigo. En Valencia xa tiñan un proxecto maduro no que viñan traballando desde hai dous anos cun socio tecnolóxico, Power Electronics, e un fabricante como Ford, un proxecto que ten recibido manifestacións de apoio por parte dalgún ministerio e do que se di que sería compatible coa planta de Barcelona. En Extremadura, onde contan cunha das maiores reservas de litio de Europa, levan dous anos traballando nun proxecto que implica a explotación deses recursos mineiros e a instalación de dúas fábricas, unha en Cáceres e



outra en Badajoz, uns proxectos que irían máis aló da fabricación de baterías para automóbeis, incluíndo tamén sistemas de almacenamento de enerxía e xestión de redes.

Estes proxectos contan xa con varios socios que están buscando financiamento á marxe dos fondos Next Generation. Por certo, que nalgunha publicación dan por feito que este proxecto será incluído no mesmo PERTE que o proxecto participado polo Goberno de España con Volkswagen. En Euskadi a conselleira de Industria, en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentario do Partido Popular-Ciudadanos, explicou que o proxecto Basquevolt para unha fábrica de baterías en Vitoria conta cun orzamento de 707 millóns de euros, dos que 375 procederían de fondos europeos de apoio á innovación, 276 da iniciativa privada, 20 do Goberno español e 8 do Goberno vasco. Entre os socios privados aparecen o ente vasco de enerxía, o propio Goberno vasco, Iberdrola, Petronor, Enagás, MCC, Irizar, Ingetín, Ormazabal, Cie Automotive e Solarpack. É dicir, en Euskadi, en Valencia ou en Extremadura non compiten por facerse coa fábrica anunciada polo Goberno para Barcelona, teñen os seus propios proxectos máis ou menos maduros, máis ou menos dependentes de fondos europeos, mais todos con posibilidades de saír adiante, especialmente o de Euskadi, que xa conta con orzamentos de compromisos en firme.

O contraste a todos estes movementos é a Xunta de Galiza. En Galiza non temos proxecto ningún, non había ninguén que tivera algo avanzando, algo elaborado como —insito— en Extremadura, Valencia ou Euskadi. O sector da automoción non podía ser unha excepción en canto á falta de política industrial, falta de iniciativa e falta de previsión da Xunta do Partido Popular que parece decidido a facer de Galiza un eucaliptal trufado de muíños eólicos. O que tivemos —iso si— foron airadas reaccións ao anuncio do Goberno español do proxecto para Barcelona; vímolos a vostede, señor vicepresidente, rasgándose as vestiduras pola falta de transparencia e polo feito de que o Goberno tomara unha decisión sen contar coas comunidades autónomas sen unha convocatoria pública para poder competir en igualdade. Iso si, nun alarde de iniciativa tamén anunciou que a Xunta apoiaría calquera proxecto para instalar unha fábrica en Galiza.

Tivemos tamén a reacción do alcalde de Vigo que dun día para outro presentou un proxecto de fábrica de baterías coa Zona Franca e que estaría situado na PLISAN pero que curiosamente non conta co respaldo de PSA Citroën, hoxe Stellantis, unha falta de interese por parte de Stellantis que explica en boa medida —mais non en exclusiva— a falta de previsión e de iniciativa da Xunta de Galiza, que desde sempre se comporta, no que se refire ao sector da automoción, como fiel servidor dos designios de PSA Citroën sen máis pretensións nin máis preocupacións. E a falta de interese de Stellantis por unha fábrica de baterías en Vigo ten que ver con que xa ten un plan para proveerse de baterías. PSA constituíu xa antes da súa fusión con Fiat Chrysler unha *joint venture* coa empresa Saab, un fabricante de baterías propiedade da petroleira tamén francesa Total. O nome desta sociedade, Automotive Cells Company, vai instalar dúas fábricas de baterías, unha na localidade francesa de Douvrin e outra na localidade alemá de Kaiserslautern, aínda que previamente montarán unha planta piloto en Nersac, tamén en Francia, na que se prevé que traballen 200 persoas.

En definitiva, señor vicepresidente, os apabullantes datos económicos do sector durante o ano 2020 non poden ocultar a excesiva dependencia dun único actor sometido a moitas e



diferentes presións, polo que poderíamos estar diante duns éxitos moi circunstanciais. Precisamos dun plan decidido do Goberno galego para garantir que as transformacións do sector se traduzan na consolidación da actividade e do emprego, a comezar pola diversificación de actores e actividades. Precisamos diálogo entre todos os actores afectados e plans con dotación económica.

Señor vicepresidente, desde o BNG queremos aproveitar esta interpelación para reclamarlle un comportamento activo e decidido para co sector da automoción neste contexto de transición enerxética e dixital. Exixímoslle ao Goberno galego que lidere a transformación do sector e a consolidación da actividade industrial e do emprego. Abandone ese papel subalterno no que está instalados, exclusivamente ao servizo de Citroën, eleven a mirada, asuman que o sector ten debilidades e poñan en marcha plans para superalas. Noutras palabras, fagan política industrial e exerzan as súas competencias.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández e señorías, en primeiro lugar quería trasladar as miñas desculpas a este Parlamento por ter alterado a orde do día, que por motivos de axenda persoal tiven que pedir este cambio. E, polo tanto, trasladar as desculpas e ao mesmo tempo o agradecemento por que se aceptase e trasladase esa flexibilidade.

Señor Fernández, efectivamente, vostede teno trasladado na súa intervención, a automoción é un dos sectores económicos nos que Galicia é unha referencia. Non sei se lles gusta ou non ao Bloque Nacionalista Galego, iso non me quedou claro na súa intervención. Pero si é certo que é un sector que tivo un ano moi difícil no ano 2020, amosou non só unha extraordinaria resistencia, senón tamén a súa capacidade competitiva. Deu emprego directo a case 25.000 traballadores e traballadoras, a cifra de negocio superou por primeira vez o limiar dos 10.000 millóns de euros, medrando un 7,3 % con respecto ao ano 2019. As exportacións marcaron tamén un fito histórico con preto de 7.300 millóns de euros, un 16 % máis que no ano anterior. E os investimentos ligados ao lanzamento de novos produtos acadaron a cifra de 137 millóns de euros, e, se se suman os máis de 1.100 millóns de euros dos anos precedentes, 2015-2019, estaríamos falando dun investimento de preto de 1.250 millóns de euros. Hai moi poucos territorios, señor Fernández, en Europa que poidan acreditar unhas cifras deste nivel.

De feito, o ano pasado Galicia fabricou case 1 de cada 4 vehículos que se producen en España, o 22,2 %; máis do 30 % das nosas exportacións proceden do sector da automoción; e o 14,3



% do noso emprego industrial é no sector da automoción. A través, efectivamente, de Stellantis que vostedes, unha vez máis, queren poñer en dúbida o seu vínculo co noso territorio. O cuarto grupo automobilístico a nivel mundial e acompañado de case 200 empresas de compoñentes e de servizos que integran Ceaga, un *cluster* que se sitúa na referencia a nivel europeo dentro dos *cluster* da automoción de Europa, acreditado co Gold Label pola súa profesionalidade e excelencia.

Seguramente, señor Fernández, o Bloque Nacionalista Galego pensará que estes datos son unha casualidade, pero xa lle adianto que iso non é así. Estes datos son froito da colaboración público-privada que vostedes permanentemente rexeitan, da existencia dun sector privado, sólido e maduro tecnoloxicamente falando, dun sector innovador e dun sector que se diferencia en Galicia polo seu talento. Pero tamén, señor Fernández, grazas a unha Administración pública, a Xunta de Galicia, que está colaborando co sector a través non só desde o eido lexislativo, senón tamén coas diferentes axudas, e que está permitindo que este sector cada vez sexa máis sólido, máis resiliente e un sector privado que vostedes rexeitan permanentemente.

A verdade é que me sorprende a súa incoherencia dentro do seu discurso, e seguramente debería explicar moi ben por que pon en dúbida e quere poñer esas incertezas sobre as preto de 200 empresas que están nestes momentos compoñendo o sector da automoción e saber exactamente cal é a súa proposta, a ver se a súa proposta é precisamente que Stellantis deixe de fabricar automóviles en Galicia. Esa é seguramente a dúbida que seguramente poderá aclarar na súa réplica.

O Bloque Nacionalista Galego ten demostrado que é un partido que permanentemente pon trabas a todo o que significa avanzar e todo o que significa facer unha aposta polo emprego, sobre todo o emprego industrial. Recórdolle, señor Fernández, no sector da automoción que o Bloque Nacionalista Galego non apoiou o cambio da Lei do solo que permitiu acometer a ampliación da planta de Vigo. Recórdolle que o Bloque Nacionalista Galego non apoiou o acordo de non demonizar o diésel e impulsar a Axenda da industria da automoción para precisamente consolidar a súa competitividade e sostibilidade. Recórdolle que o Bloque Nacionalista Galego tampouco aprobou a proposta de incentivar a substitución de vehículos de máis de 10 anos por outros novos de baixas emisións. E recórdolle, señor Fernández, que o Bloque Nacionalista Galego tampouco está apoiando a Xunta de Galicia nas axudas que dende o ano 2009 están contribuíndo a impulsar o crecemento e a innovación do sector.

Sabe que a Xunta de Galicia leva investidos máis de 200 millóns de euros no sector da automoción, por iso sorprende que vostede diga que a Xunta de Galicia ten falta de previsión e falta de iniciativa. Seguramente lle parecerán unha casualidade os programas de formación que están permitindo nestes momentos adaptar os procesos tecnolóxicos do sector. Seguramente o sorprendería como estas axudas están permitindo mobilizar investimentos en empresas tan relevantes como DENSO, como ALUDEC ou como Snop Estampación, ao mesmo tempo que fomos quen de que Benteler puidera desenvolver unha nova planta en Mos.

Tamén o debería sorprender como preto de 100 millóns de euros a través da Axencia Galega de Innovación están permitindo que en Galicia se estean desenvolvendo nestes momentos



programas de I+D empresarial a través do Programa de fábrica intelixente e sostible, acompañando tamén as unidades mixtas de innovación. Seguramente vostede non coñece que grandes multinacionais como Stellantis, como Copo, como Benteler, como GKN, como Borg-Warner, como Akwel, como Magna están apostando por Galicia para desenvolver os seus investimentos en materia de I+D.

Eu entendo, señor Fernández, que desde a súa visión nacionalista lles parece mal que estas grandes empresas estean apostando por Galicia, estean xerando emprego e estean permitindo a consolidación do sector. Pero o certo é que Galicia foi quen de poder captar dous novos modelos na planta de PSA Vigo precisamente pola súa capacidade competitiva, pola súa planificación. E debería saber que nestes momentos se levan investidos 145 millóns de euros na planta de Vigo precisamente para avanzar cara ao modelo de industria 4.0. e agora nestes momentos, señor Fernández, estanse desenvolvendo 22 millóns de euros de investimento para situar Stellantis na vangarda do vehículo do futuro autónomo conectado e respectuoso co medio ambiente. Seguramente tamén descoñece ou simplemente quere ocultar como, a través da colaboración con CTAG e AIMEN, o sector está a investigar sobre sistemas de mobilidade sostible, aplicación da intelixencia artificial na fabricación ou a monitorización do interior do vehículo. Toda unha serie de axudas, señor Fernández, que están permitindo que, efectivamente, o sector da automoción teña as cifras que vostede vén de referir.

E debería saber que este Goberno está apoiando o sector no contexto dos fondos europeos Next Generation co proxecto Auto Áncora, un proxecto que nace do sector, da iniciativa privada, cun investimento de 1.300 millóns de euros, e que a Xunta de Galicia está colaborando con CEAGA, con Stellantis e co conxunto da industria de compoñentes precisamente para poder captar novos investimentos, desenvolver proxectos de innovación e conseguir que o sector da automoción en Galicia teña unha cadea de valor máis dixital, máis verde e máis resiliente.

E fálame vostede da planta de baterías. Sabe vostede perfectamente que o problema da situación da planta de baterías é un problema que xera o Goberno do Partido Socialista e de Podemos, apoiado —recórdolle tamén— polo Bloque Nacionalista Galego, que actuou con precipitación no mes de marzo precisamente comprometendo fondos europeos en Cataluña a través dunha convocatoria específica de axudas sen que houbera ningún tipo de concorrência competitiva. E debería saber que, grazas á Xunta de Galicia, precisamente, se corrixiu esta inxustiza e que, polo tanto, o Goberno tivo que rectificar e, polo tanto, comprometer un PERTE para que houbera concorrência e, polo tanto, non houbera unha distribución dixital dende o punto de vista territorial que o Bloque Nacionalista Galego estaba apoiando.

En definitiva, na Xunta de Galicia somos os primeiros en manter unha interlocución permanente coa industria da automoción representada polo *cluster* CEAGA, polo centro tecnolóxico CTAG e, por suposto tamén, por Stellantis. E somos os primeiros que estamos a defender a necesidade de apoiar a industria da automoción galega, acompañándoa naqueles proxectos que permitan demostrar a súa viabilidade e que se axusten ás verdadeiras necesidades de transformación do sector.

Se mo permite, señor Fernández, seguramente o Bloque Nacionalista Galego tamén debería rectificar e debería facer o mesmo e abandonar o boicot á industria galega, e, polo tanto,



apoiar os sectores estratéxicos da nosa economía coas diferentes medidas que se están impulsando por parte da Xunta de Galicia en colaboración, como lle dicía, co propio sector, a través da colaboración público-privada.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado de novo, señor presidente.

Ben, parece que o único no que estamos de acordo é, efectivamente, na importancia do sector. A ver se fai algo polo sector.

O Estado español é o segundo fabricante de vehículos a nivel europeo. E dentro do Estado español o papel de Galiza sempre foi destacado, non é de agora. Non se entende por iso que, mentres Alemaña, Francia, Reino Unido, Suecia e moitos outros estados europeos xa teñen plans para enfrontar o cambio de modelo no sector e proxectos concretos en marcha para producir, por exemplo, baterías eléctricas, pero tamén para experimentar o hidróxeno como vector enerxético en automoción, o Goberno galego se manteña simplemente á expectativa, ao que lle manden e estea a velas vir sen máis plan que dicir que apoiará calquera proxecto que queira instalarse na Galiza. Vostedes subvencionan certamente todos os proxectos que o sector lle presenta, pero iso non é o mesmo que ter un plan.

Pero é que ademais dos gobernos dos grandes estados europeos tamén, como lle dicía antes, dentro do Estado español, hai quen dá pasos para estar á cabeza da transformación do sector da automoción sen esperar por ninguén. Aí están os casos de Euskadi, Valencia ou Extremadura.

Mais do punto de vista galego debemos facer mención especial tamén do caso portugués, un país, un territorio, sobre todo a rexión norte, que vén conseguindo aumentar a presenza de empresas da automoción que absorben en moitos casos a produción que antes se facía ou que podería facerse na Galiza; un país, Portugal, que si parece ter unha política industrial clara, decidida e efectiva, que deixa en evidencia unha das grandes debilidades e riscos do sector que a Xunta nunca conseguiu corrixir: a deslocalización continua de empresas e de produción. Hoxe está de actualidade o caso de BorgWarner, pero son moitas e moi coñecidas.

No que si roza a excelencia a Xunta de Galiza é niso de conseguir que a man esquerda non saiba o que fai a man dereita. Refírome aos problemas laborais e á galopante precarización do sector da automoción no noso país e ao feito de que a Xunta de Galiza non só ten competencias industriais, senón que tamén é autoridade laboral.

Vostedes, como dicía, subvencionan o sector da automoción certamente en abundancia, pero ese investimento, eses recursos públicos que pagamos entre todos e todas non só non con-



seguen mudar ou corrixir das debilidades históricas do sector, como as deslocalizacións, senón que carece do necesario plan de seguimento, do necesario control que pondere o impacto desas subvencións no emprego.

A Xunta non podería garantir, vostede señor vicepresidente, hoxe aquí non podería garantir que os nosos recursos públicos, que as subvencións que poñemos á disposición do sector, non se estean aproveitando para financiar custos empresariais sen repercusión ningunha para o emprego na Galiza. Ou máis grave aínda, vostede non podería garantir hoxe aquí que os nosos recursos públicos non están xerando postos de traballo en Portugal ou en Francia. E non pode garantilo, diga o que diga, porque carece, como dicía, dun plan ou dun método para facer seguimento do impacto desas subvencións no emprego. Prefiren non saber, e mentres tanto a precarización avanza no sector aos ritmos propios da cadea de produción. Chámanlle flexibilidade, pero é precarización.

¿Que opinión lle merece á Xunta de Galiza que máis da metade dos contratos da empresa PSA-Citroën sexan a tempo parcial? Máis da metade dos contratos das 7.200 persoas que traballan na empresa principal son a tempo parcial. É algo absolutamente insólito no sector industrial, señor vicepresidente. ¿Ten algo que dicir a Xunta de Galiza?

¿Sabe vostede que a maior parte destas persoas —insisto, contratadas a tempo parcial— realizan en realidade xornadas completas? ¿Sabe vostede como repercute esta parcialidade nas vacacións, nos permisos, nas baixas médicas ou nas prestacións por desemprego? ¿Sabe en que situación quedan estas persoas cando a empresa aplica un ERTE? ¿Coñece a Xunta de Galiza con que facilidade se cambian os horarios de traballo das persoas neste sector, con que prazos se preavisa o persoal na súa afectación ou desafectación aos ERTE? ¿Coñece a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que condena Citroën a preavisar cun mínimo de 5 días? ¿Sabe vostede que nos ERTE actuais seguen sen dar ese preaviso mínimo? ¿Sabe que un dos principais problemas laborais no sector son as prácticas empresariais dirixidas a evitar a aplicación do convenio provincial do metal?

Gustaríanos escoitar da Xunta de Galiza que se preocupa e que conta cun informe, por exemplo, ao respecto dun asunto moi delicado, como é o emprego de persoal con discapacidades, porque existen sólidos indicios de que a utilización de centros especiais de emprego no sector da automoción está usándose dun xeito fraudulento.

Do mesmo xeito, gustaríanos escoitar que se preocupa e conta con informes ao respecto doutro problema importante, como é a prestación internacional de servizos. É dicir, da situación do persoal, sobre todo de Portugal, que cruza a fronteira todos os días para traballar no sector. Sabemos que en moitos casos non se lles está a aplicar a normativa correspondente ao lugar do centro de traballo.

No BNG temos claro que a Xunta de Galiza debe ter unha presenza e unha implicación moito maior no sector. O Goberno galego debe traballar e planificar con visión estratéxica, centrada en diversificar o sector para evitar esa dependencia excesiva dun único fabricante, centrada en adiantarnos aos problemas que con toda seguridade van derivar dos cambios tecnolóxicos e de cadeas de subministración globalizadas, e centrarse en promover condicións laborais dignas.



Hoxe por hoxe, señor vicepresidente, a maioría da xente do sector ten varias cousas claras. Por unha banda, que o futuro do sector está no aire e que a Xunta de Galiza nin está nin se lle espera. E, por outra banda, que as condicións salariais de xornada e de conciliación son cada vez peores.

Planifique, involúcrese, fagan seguimento do impacto que teñen as subvencións tamén no ámbito do emprego e, sobre todo, promovan políticas e instrumentos que poidan significar unha vantaxe competitiva, que poidan consolidar o sector. Por exemplo, cada vez son máis frecuentes as voces...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...fóra do nacionalismo que asumen e comparten a nosa reclamación dunha tarifa eléctrica galega. Sería sen dúbida un factor decisivo para todo o sector industrial en xeral e para o da automoción en particular. Tiremos proveito dos nosos recursos para beneficio propio, para xerar actividade industrial e emprego de calidade no noso país.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, efectivamente, temos un modelo económico totalmente distinto entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes veñen defender aquí unha economía centralizada, unha economía de planificación centralizada. Nós non, nós defendemos unha economía de iniciativa privada fundamentada precisamente na colaboración público-privada e, polo tanto, en como podemos colaborar entre a Administración e o sector privado para consolidar a competitividade do noso sector produtivo.

Por iso creo que non é vostede obxectivo cando intenta ocultar o éxito do sector da automoción en Galicia. E debería vostede recoñecer como esa colaboración público-privada, ese traballo conxunto entre a Administración, a Xunta de Galicia e o sector privado ten permitido que hoxe o Grupo Stellantis estea desenvolvendo dous novos modelos na fábrica de Vigo: o modelo 2008 e as furgonetas; e como o Grupo Stellantis está batendo récords de produción e de produtividade e competitividade no grupo.



Fala vostede de improvisación do Goberno. Galicia ten un plan de automoción. Seguramente vostede non o coñece porque non lle interesa o que pensa e o que traslada o sector. Galicia ten un V Plan estratéxico para a mellora competitiva do sector da automoción de Galicia, precisamente impulsado polo propio sector. E a Xunta de Galicia está colaborando no desenvolvemento dese plan estratéxico e por iso estamos apoiando os diferentes investimentos.

En materia de innovación gustárame que fixera unha comparativa e atopárase como Galicia está liderando o apoio ao desenvolvemento da I+D empresarial a través do programa de Fábrica Intelixente; como iso permitiu o desenvolvemento da furgoneta no grupo Stellantis; e como hoxe está permitindo que o Proxecto Facendo 4.0, cun investimento de 22 millóns de euros, permita obter novas solucións tecnolóxicas que permitan á factoría viguesa consolidarse como un referente mundial en eficiencia enerxética e no vehículo do futuro autónomo e conectado.

Sorpréndeme esa falla de recoñecemento ao sector privado. Igual que, se mo permite, debería saber que a Xunta de Galicia está apoiando o desenvolvemento do vehículo eléctrico dentro das furgonetas cun convenio, efectivamente, entre a Xunta de Galicia e o grupo Stellantis por un importe de 4 millóns de euros. Estamos dando resposta, señor Fernández, ás necesidades do propio sector.

Sorpréndeme que vostede fale de política enerxética e non faga referencia á necesidade que ten o grupo Stellantis e o sector da automoción en Galicia con esa conexión de Vigo á rede de transporte de 220 quilovatios. Sorpréndeme enormemente que unha infraestrutura tan prioritaria non estea na axenda de prioridades do Bloque Nacionalista Galego para defender a competitividade da planta de Balaídos e o resto da cidade e a súa área de influencia; e, polo tanto, que non estea apoiando a Xunta de Galicia para recuperar ese proxecto na planificación de rede eléctrica para o período 2021-2026.

Si é certo que estamos de acordo en que España chega tarde ao desenvolvemento da planta de baterías, levámolo advertindo durante moito tempo. A Xunta de Galicia ofreceuse ao Goberno a formar parte de calquera consorcio público-privado para o desenvolvemento dunha planta de baterías en Galicia. E, como lle trasladaba, é o Goberno do Partido Socialista e Podemos, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, o que, a través da súa precipitación, está poñendo en dúbidas a participación e a igualdade de oportunidades entres todos os fabricantes en España; e debería preocuparlle a situación do sector de cara aos procesos que se poidan desenvolver.

Señor Fernández, sinceramente creo que o Bloque Nacionalista Galego debería sentirse orgulloso do sector da automoción en Galicia e debería evitar permanentemente poñer en dúbida o desenvolvemento, a planificación e, sobre todo, a aposta que ten o sector precisamente pola súa competitividade, a súa sostibilidade e, sobre todo, o desenvolvemento do coche do futuro.

A Xunta de Galicia é consciente desas necesidades, seguiremos apoiando a pesar da oposición permanente do Bloque Nacionalista Galego ao sector da automoción, un sector estratéxico



para Galicia, para que sigamos sendo unha referencia e unha vangarda non soamente tecnolóxica, senón tamén en materia de innovación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Benvido, señor vicepresidente.

Agardamos que as circunstancias que o fixeron demorarse non sexan irresolubles. En todo caso, como vostede non estaba hoxe na sesión de control, eu quería comezar amosándolle unha das fotografías que o seu señor presidente non quixo mirar. Vexo que vostede tampouco, pero como os oídos non pode tapalos, pois voulle describir o que hai nesta imaxe. *(Aplausos.)*

Hai un exercicio de dignidade, un exercicio que amosa a dignidade deste país. Un país que é maior de idade, que sabe o que quere e que sabe que quere eólica, pero que non quere eólica así e que contestou este modelo do Partido Popular, depredador, descontrolado e ao servizo de intereses alleos, este pasado sábado en Santiago de Compostela.

E, insisto, non era un berro contra a enerxía eólica, non manipulen, era un clamor contra a súa política enerxética, señor Conde, contra a política enerxética do Partido Popular, baseado na imposición e no espolio. Este sábado viuse ese clamor social nas rúas de Compostela, pero antes viuse noutros puntos do noso territorio, noutras mobilizacións e actos reivindicativos da serra da Groba, do Suído, a zona da Costa da Morte, o Deza, Lalín, e a zona do Courel, a zona do macizo central, por todo o país hai un clamor que reclama outro modelo eólico e que reclama respecto por este país, diálogo e planificación.

E, diante destas demandas, ¿que fan vostedes, que fai o Partido Popular? Pois fundamentalmente o que fai é desprezar este país e desprezar este pobo. Están vostedes intentando caricaturizar esta resposta precisamente porque saben vostedes que é unha resposta poderosa, que hai argumentos e que é ampla, que hai argumentos de tanto peso e tan obxectibables que algúns incluso se ven en sentenzas da xustiza como esa de Sasdónigas ou do Iribio. Pero vostedes intentan mirar a outro lado.

Pero non lles está saíndo ben, porque saben que esta oposición está por abaixo no territorio que tamén a teñen en organizacións sociais e veciñais, comunidades de montes e incluso en concellos. Por iso está habendo tamén unha multiplicación de posicionamentos, alegacións e mocións de concellos de todas as cores, tamén das cores do Partido Popular. Iso é o que



explica que tamén vostede ultimamente, como conselleiro do Partido Popular, teña que estar peregrinando ao longo do territorio para aplacar esa contestación municipal. *(Aplausos.)* Converteuse vostede agora no vicepresidente segundo de Economía, Empresa e poderíamos dicir que incluso apaciguador de alcaldes, tamén como unha das súas funcións. *(Aplausos.)*

E fíxese no que estamos vivindo: a súa lei, a súa lei de 2009 do sector eólico, vostede non era conselleiro pero xa estaba aí como asesor do señor Feijóo, leva xa nove modificacións. Nove modificacións durante este tempo, unha das máis recentes en febreiro deste ano, neste Parlamento, disfrazada de Lei de simplificación administrativa, que fundamentalmente era unha nova lei do sector eólico, e mire que meteron cousas nesa lei, chiringuitos e habelos por haber. E, curiosamente, agora están anunciando un novo que non ía nesa Lei de simplificación, que en teoría xa tiña todas as medidas do planeta para ser os máis transparentes e obxectivos. Agora non era suficiente seica esa transparencia, entón sacaron da manga esa rede provincial de información aos alcaldes, que, como mínimo, é un pouco raro, por non chamarlle doutra maneira.

Agora a Xunta vai informar previamente, non sabemos se só os alcaldes da súa corda ou a todos, dos proxectos que se van tramitar, antes de que vaian a exposición pública; os alcaldes, non sabemos se os grupos da oposición deses concellos, entendemos que a non a veciñanza deses concellos, nin comunidades de montes, etc., senón os alcaldes. Máis ben, isto, señor Conde, pois parece ir achairarlle o camiño ás empresas no lugar de facer servizo público. Vemos que, ante un problema tan enorme como o que vostedes están tendo no territorio, a resposta é PP está aí, poñéndose de lado do oligopolio eléctrico en lugar do lado da defensa dos intereses deste país.

En todo caso, o importante é que saben que teñen un problema, saben que teñen que rectificar; polo tanto, a pregunta que lle fai hoxe o Bloque Nacionalista Galego é: ¿como vai impulsar a Xunta de Galiza un cambio deste modelo eólico? —xa se vai o subconsciente, porque ultimamente o certo é que non hai día en que o DOG non dea un susto novo—. *(Aplausos.)* ¿Que van facer para impulsar un modelo que sexa xusto, que sexa galego, que sexa sostible? Ese modelo eólico alternativo que están defendendo os veciños e veciñas do noso país en múltiples territorios.

Desde logo, para o Bloque Nacionalista Galego é urxente que o fagan; canto antes rectifiquen, mellor nos irá como país, porque están a piques de cometer en moitos lados erros que non serán subsanables. E nós, desde logo, apelamos a ese outro modelo eólico que é posible, que é posible baixo tres principios que me gustaría explicar: o da planificación, a defensa dos intereses galegos e tamén a participación pública.

Primeiro de nada, a planificación. Volvemos insistir unha vez máis nesta Cámara en que é necesario un novo plan sectorial eólico que ordene o caos, que habilite novas zonas de exclusión e novas zonas de desenvolvemento eólico, atendendo á realidade e á tecnoloxía do ano 2021. E, mire, só dous exemplos: hai poucas semanas o novo presidente de Adegas definía a súa política eólica como desplanificación; tamén hai unhas poucas semanas, o presidente da patronal eólica galega definía isto como que era a selva. Vostede fíxese, estou poñendo afirmacións da patronal, afirmacións do movemento ecoloxista de base deste país, que a



priori poderíamos entender que teñen prioridades ou preocupacións que nalgún caso poden ser diferentes, pero están atinando nunha parte do diagnóstico que é mesmo común, polo tanto, isto fai idea da dimensión deste problema.

En todo caso, eu insisto, ademais de planificación, un segundo pilar ten que ser a defensa dos intereses galegos. É realmente sorprendente o espectáculo de mala comedia ao que estamos asistindo nas últimas semanas; de súpeto, a Xunta de Galiza descubriu que os parques de máis de 50 megavatios son de xestión estatal e aínda non lle acordou defender a soberanía galega respecto deste ámbito pero puxo a camiseta verde, a camiseta ecoloxista e intenta facernos crer que de súpeto teñen unha gran preocupación, e vanlle pedir ao Estado que faga o que non están facendo en Galiza; é dicir, que respecten o plan eólico sectorial que eles por lei, aprobada neste Parlamento hai uns meses, decidiron que saltaba polos aires e que se o Consello da Xunta decide con criterios aleatorios xa un proxecto pode ir fóra do plan sectorial eólico, e decide pedirlle tamén ao Estado que salvagarde a Rede Natura. Eu, desde logo, apóioo a vostede nesta petición, señor Conde, pero tamén lles pido que se apliquen o conto.

En todo caso, hai unha cuestión que é problemática, que é que sexa Madrid e non Galiza quen decida sobre estes parques de máis de 50 megavatios. Entón, nós propoñémoslle un acordo: esixamos a paralización deses proxectos, pero esixamos tamén capacidade, poder político para este país, porque esta manobra de distracción que están intentando facer con estes parques para que a xente non se mobilice e para poñer ese traxe verde non ten nin a máis mínima credibilidade.

E, por último, ademais de insistir na planificación, de insistir na necesidade de defensa dos intereses galegos, gustaríame insistir nunha última idea dos moitos problemas que está habendo e do que nós entendemos que ten que ser a saída e a rectificación, que é a aposta pola participación e polo control público. Hai uns minutos vostede falaba desde esta tribuna de que desde o BNG defendíamos unha economía centralizada. Mire, nós o que defendemos é centralizarnos nos intereses deste país, non en que centralicen as decisións desde os consellos de administración das empresas ás que despois vai algún exconselleiro ou exconselleira do seu Goberno. E, desde logo, iso ten que pasar por apostar pola participación e o control público, claro que si, porque os grandes problemas industriais que hai neste son precisamente porque se renunciou a ese modelo e porque se deixou todo o que é un sector económico estratéxico que debiera ser ademais un ben público en mans privadas. E, desde logo, un novo modelo eólico galego ten que pasar por reverter esta cuestión; e para iso nós temos claro que é un dos graves problemas deste *boom* que estamos vivindo e que está deseñado e manexado polas grandes empresas e que o retorno económico para Galiza é mínimo, é mínimo.

Eu volvo poñer datos enriba desta mesa, o observatorio eólico galego fai unha estimación de que arredor dun 5 % só da facturación total multimillonaria é o que vén para os concellos galegos. Se falamos de propietarios e propietarias, menos dun 3 %. E, ¿que gaña Galiza? Pois que empresas se deslocalicen, que se despidan postos de traballo para outros países, etc.

E onte, pois falando desta cuestión e de que o modelo que impulsan vostedes é tamén un problema económico, porque hai que romper ese mito, unha voceira do seu grupo dicía que



había que ter valor de vir aquí e poñer o exemplo de Muras. E eu vouno volver facer, vou poñer o exemplo de Muras, podo facelo porque, claro, efectivamente, son do BNG e o Concello de Muras agora é do BNG e o Concello do BNG fixo o que non fixo o Partido Popular, que é buscar vías, exprimindo o marco institucional vixente, para que a enerxía tivera un retorno para a súa poboación, e podo presumir aquí e fágoo, evidentemente, porque nós si que fixemos iso posible.

Pero, precisamente, o exemplo de Muras amósanos como un concello con case 400 aeroxeradores ten un retorno económico insuficiente. E vou facer que fale hoxe por min aquí precisamente o noso alcalde, do que estamos orgullosos e orgullosas, que escribía este mesmo mes na revista *Luzes* a seguinte reflexión. Vou sintetizar: Algúns envexan os ingresos que percibimos cos muíños e cren que somos un concello rico, pero os números que hai que analizar son estes: 381 aeroxeradores, beneficio neto de cada un deles pode ser entre 80 e 100.000 euros anuais. Só hai que facer contas, en Galiza hai 4.000 e a factura da luz nos últimos anos incrementouse nun 80 % case. Polo tanto, a situación económica na que nos atopamos —resume— é nefasta, en Galiza e en concreto na nosa comarca; fai mención á situación de Endesa e de Alcoa na corda frouxa. E afirma que o novo *boom* eólico debe considerarse, guiarse con outra perspectiva, porque non é ouro todo o que reloce. Os cantos de serea prometendo emprego local son falsos, porque os postos de traballo directo son case inexistentes. Os beneficios netos non se revisten nin na localidade nin no país, créase riqueza que non fica no territorio e marcha cara a fondos de investimento e paraísos fiscais á velocidade da luz mentres o patrimonio paisaxístico se empobrece. Hai que repensar a Galiza que queremos, que deseño industrial é mellor para o noso país e como planificamos a economía.

Polo tanto, señor Conde, remato xa, ¿que van facer vostedes para que pensemos que Galiza queremos, para que teñamos unha Galiza na que a través dun modelo eólico que sexa xusto, que sexa galego e que sexa sostible, teñamos un futuro, baseado na planificación, na defensa dos intereses galegos e no retorno da enerxía como un sector público ao servizo deste país?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, efectivamente o noso modelo económico, o noso modelo eólico é diferente. Nós cremos na industria, cremos na empresa e sobre todo cremos na colaboración público-privada no desenvolvemento do sector industrial e do sector económico, e iso avalíano os datos do noso tecido produtivo, onde traballan no sector privado máis de 652.000 persoas, e delas 189.500 no sector industrial. Ese é o noso modelo, é certo e o Bloque Nacionalista



Galego simplemente o rexeita, porque, como lle dixeran ao señor Fernández, vostedes prefiren o servilismo á liberdade.

En calquera caso, remítome aos feitos e aos datos, o Bloque Nacionalista Galego está permanentemente boicoteando a industria e o desenvolvemento económico de Galicia. Están boicoteando os biocombustibles, como unha solución de continuidade para a central das Pontes. O Bloque Nacionalista Galego boicotea Reganosa permanentemente e a súa aposta polo biogás. Boicotean Ence, ao sector forestal como tractor da bioeconomía circular. Tamén boicotean a minaría sostible e as enerxías renovables. Hai un boicot permanente do Bloque Nacionalista Galego aos dous sistemas industriais máis importantes que temos na comunidade: a industria téxtil e a industria da automoción. Acabámolo de ver nesta mesma tribuna coa intervención do señor Fernández.

En definitiva, o Bloque Nacionalista Galego ten un boicot permanente á Galicia industrial e ten un boicot permanente simplemente á eólica por unha cuestión puramente ideolóxica.

É certo que a Xunta de Galicia ten un compromiso firme con facer compatible a actividade económica e o emprego coa protección do patrimonio natural e do modelo de medio ambiente, e moléstalles, moléstalles que o Partido Popular defenda firmemente a compatibilidade entre a actividade económica e o medio ambiente.

Hai un compromiso para desenvolver de forma ordenada a enerxía eólica. Gustaríame, señora Presas, que me dixeran un só caso dun parque eólico en Galicia que se estea desenvolvendo fóra do plan sectorial. Sabe perfectamente que o modelo eólico en Galicia ofrece todas as garantías dende o punto de vista técnico, xurídico e ambiental. Saben perfectamente que en Galicia se está aplicando a mesma normativa medioambiental que no resto de España, porque estamos aplicando a Lei estatal 21/2013, e saben perfectamente que todos os proxectos eólicos, proxecto a proxecto, se someten a unha avaliación ambiental ordinaria, que é a máis garantista de acordo co disposto na normativa vixente en materia de avaliación ambiental.

Non sei por que lles molesta que a Xunta de Galicia lle traslade ao Partido Socialista e ao Ministerio de Transición que deixen de tramitar aqueles parques que non cumpren a normativa galega en materia da súa inclusión no plan sectorial e no desenvolvemento en Rede Natura.

A pregunta é por que o Ministerio de Transición, o Partido Socialista e Podemos, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, se empeñan en tramitar un parque que incumpra a normativa eólica galega, e iso é o que estamos pedindo de forma reiterada ao Goberno de España.

Xa temos informado negativamente 35 proxectos que está tramitando o Goberno central, que suman case 2.700 megavatios, e pedimos que iso se retire automaticamente da súa tramitación.

Sabe vostede perfectamente que dende o ano 2009 en Galicia non se pode implantar ningún proxecto en Rede Natura, a diferenza, señora Presas —ese é o seu currículo—, do Bloque Nacionalista Galego, que desenvolveu parques, 177 megavatios, en Rede Natura. Iso forma



xa parte do currículo e da historia negra do sector eólico en Galicia, que foi asinada e corroborada polo Bloque Nacionalista Galego.

Señora Presas, efectivamente deberían trasladar unha mensaxe de coherencia. Exactamente, ¿cal é a crítica? ¿Que non somos transparentes? ¿Ou que efectivamente nos reunimos e coordinamos actuacións cos concellos e lle damos toda a información aos cidadáns que requiren calquera tipo de dato sobre un parque eólico. ¿En que quedamos?

Está claro que, fagamos o que fagamos, o Bloque Nacionalista Galego simplemente di non. Non ao desenvolvemento ordenado, non ao desenvolvemento e á transparencia e non á propia planificación.

Debería saber que, efectivamente, estamos trasladando a través desa rede de información todos os datos aos concellos, aos veciños, para que se saiba de antemán cales son as iniciativas que se pretenden tramitar en Galicia, e tamén trasladando con claridade aquelas iniciativas que non se poderán tramitar en Galicia, porque efectivamente incumpren a normativa e incumpren as garantías que temos, dentro do plan sectorial e dentro da propia normativa que impide o desenvolvemento de parques en Rede Natura.

Señora Presas, fáleme vostede do retorno; falemos do retorno. ¿Por que non fala vostede dos 7.000 postos de traballo directos e indirectos que xera o sector? ¿Por que non fala vostede dos 581 millóns de euros que aporta o sector ao produto interior bruto de Galicia? ¿Por que non fala vostede con claridade dos 130 millóns de euros que se recadan anualmente en impostos, tributos e rendas para os propietarios dos terreos? ¿Por que non fala vostede dos 28 millóns de euros que se xeran polo imposto de sociedades? ¿Dos 30 millóns de euros do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica? ¿Dos arredor de 23 millóns de euros do canon eólico creado por este Goberno? ¿Dos 37 millóns de euros que no ano 2019 se ingresaron por parte dos concellos sobre o ICIO, os BICE e tamén os IAE? ¿Dos 11 millóns de euros en concepto de rendas polo uso do solo?

Claro, señora Presas, que hai un retorno directo ao conxunto da economía galega, claro que hai un retorno directo aos concellos e claro que hai un retorno directo aos propios cidadáns dos concellos onde se implantan eólicos.

O que é sorprendente, sorprendente, é que vostede queira imputar á Xunta de Galicia a subida da tarifa da luz. ¡Por favor! Hai un Goberno que está tomando decisións que están afectando ao poder adquisitivo dos cidadáns e das familias, que está afectando á competitividade do sector produtivo, cun incremento da tarifa eléctrica e cunha falta dun estatuto de consumidores electointensivos que lle dea competitividade, e vén vostede a falar aquí de se a Xunta de Galicia é a responsable do incremento da tarifa da luz.

Un pouco de rigor, señora Presas, porque así enganando a xente dende logo non van conseguir absolutamente nada (*Aplausos.*)

Fala vostede da manifestación desta fin de semana, que nós respectamos, pero creo que sería bo que o Bloque Nacionalista Galego abandonara o ecoloxismo de pancarta que permanen-



temente vostedes intentan trasladar. Saben perfectamente que tramitar non significa autorizar e saben perfectamente que calquera parque que se tramita ten que pasar por todos os informes sectoriais e ten que ter unha declaración de impacto ambiental ordinaria, positiva. Saben perfectamente que nós estamos analizando caso a caso e que estamos velando pola compatibilidade entre a protección do medio ambiente e a actividade do sector primario no rural, coa consolidación das enerxías renovables, que son fundamentais para unha Galicia máis verde e que vostedes rexeitan. Vostedes rexeitan as enerxías renovables, vostedes rexeitan o desenvolvemento da transición enerxética en Galicia.

Se quere falamos da eólica mariña. (*Murmurios.*) Sorprendente, o Bloque Nacionalista Galego votando unha cousa en Ferrol e aquí vén ao Pleno, plantexamos que estudemos conxuntamente cos sectores afectados a posibilidade de desenvolver a eólica mariña e ¿que fai o Bloque?, boicotear tamén a eólica mariña en Galicia. Creo, señora Presas, que son o exemplo do que non se debe facer en materia de política económica, do que non se debe facer en materia de política industrial, e eu remítome simplemente ao currículo que ten o Bloque Nacionalista Galego en materia de desenvolvemento eólico.

Sabe que a Xunta de Galicia non autorizou a posta en funcionamento de ningún novo parque eólico en espazos declarados de especial protección para formar parte da Rede Natura dende o ano 2009. O Bloque Nacionalista Galego sabe que autorizou a explotación de 6 parques nestes espazos, con máis de 177 megavatios de potencia instalada, e ese, señora Presas, é o seu currículo e o currículo do Bloque Nacionalista Galego cando se fala de sustentabilidade e se fala do desenvolvemento do sector eólico en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, señor vicepresidente, parece que quen non quere falar demasiado de eólica e tivo que encher minutos da súa intervención falando doutras áreas industriais do noso país é vostede. Iso é un bo sinal, é un bo sinal de que son conscientes de que se están equivocando, de que van ter que rectificar porque vai ser a presión social e política unha vez máis quen vai facer, como na mina de Touro, como na acuicultura, como no hospital de Verín non se pecha, (*Aplausos.*) etc., etc., que rectifiquen, e iso será positivo para o noso país. Tivo que falar incluso tamén da suba da luz, eses foron os debates de onte, vostede é deputado podía estar.

En todo caso, non me doen prendas en entrar tamén niso, a próxima vez que teñan unha comisión do *chiringuito* ese Next Generation polo cal o señor Escotet vai decidir máis sobre os fondos europeos que este Parlamento, se vai o señor Laxe pode falar con el sobre a conclusión á que chegaba o outro día tamén, sobre como o noso país, que produce máis dun 75



% da súa enerxía renovable e que aínda con dúas térmicas pechadas exporta ao redor dun 29 %, debera ter algún tipo de compensación. Igual el consegue convencelo, xa que nós non o conseguimos desde o BNG; pero, se está preocupado pola suba da luz, aí ten unha vía de saída. (Aplausos.)

E mire, fágolle eu unha pregunta, que para algo o interpelamos: se non queren instalar parques eólicos fóra do Plan sectorial eólico galego, ¿por que entón aproban unilateralmente e se consultar o sector nin abrir un diálogo social amplo de forma escurantista e espuria unha lei exprés que lles permita facelo cando no seu Consello da Xunta decidan a dedo? Realmente, pois é sorprendente, e se non queren derroguen esa lei.

Respecto á cuestión de Rede Natura, vexo que vén repetir aquí as mesmas mentiras que o señor presidente da Xunta vertía esta mañá. Mire, coa Rede Natura pasou o mesmo que aconteceu, por exemplo, cos concertos educativos, que deixaron vostedes algunha cuestión atada e ben atada para cando entrou outro Goberno, outro Goberno que, por certo, foi o primeiro que puxo no seu real decreto a exclusión das zonas da Rede Natura. Polo tanto, pode repetir unha e outra vez esas mentiras, pero non poden reescribir a historia, que está ben atestiguada.

Respecto da cuestión do Estado, equivócase outra vez, ou manipula máis ben, manipula máis do que se equivoca. Mire, é que algúns deses proxectos xa alegou o Bloque Nacionalista Galego sen ser a entidade consultada, antes de que a Xunta de Galiza e vostede como vicepresidente responsable desa área se pronunciase. Evidentemente, a maior parte, por non dicir todos, dos proxectos de ámbito estatal que se están tramitando son sobredimensionados e dunhas dimensións que non son admisibles, e por iso nós propoñemos non só unha resposta puntual a eses parques, que se a Xunta de Galiza está realmente de lado do pobo pois o estaremos, senón que vaian ao fondo da cuestión. Porque vostede pode vir aquí e encher o peito de que informan negativamente, pero no de quen ten a capacidade política neste momento de darlle ao botón de para adiante ou para atrás é o Estado. Polo tanto, vaíamos a reclamar que sexa Galiza quen teña a capacidade de decisión sobre ese ámbito tamén. Pero, claro, supoño que é pasarse de galeguistas para vostedes.

En todo caso, indo a algunha das cuestións máis que saían aquí, señor Conde, no retorno do emprego, vostede, que veu aquí dar as cifras que dá a patronal, imaxino que xa foi restando os douscentos e pico de Siemens-Gamesa que están sendo deslocalizados a Portugal e que segue así restando, restando e restando das súas contas da leiteira.

E, respecto da eólica mariña, pois tamén falamos cando queira; de feito, o que é sorprendente é que vostedes non falaran antes da eólica mariña ata que intentan meter un cabalo de troia para así autoexculparse e autolexitimar os seus pasos. Pero xa estamos vendo que tampouco están moi convencidos. Non están moi convencidos, porque o outro día a vostede preguntáronlle polos proxectos anunciados por Iberdrola e foi claramente timorato xa tirando do freo de man, porque, como se di na miña terra, e sei que tamén na da voceira de Pesca, o que ten cu ten medo, e vostedes tamén fixeron esa estratexia para ir achairando o camiño, pero saben perfectamente que por aí tamén hai un problema. O que debería preocupar o conselleiro de Economía e Empresa deste país e outros conselleiros é se eses globos sonda que



saen hoxe na prensa sobre cales son as áreas presuntamente delimitadas no POEM vai en serio, non vai en serio, e ter unha posición de país. Porque vai haber cambios lexislativos, vai haber cambios na ordenación e vostedes están mirando para outro lado ou negociando eses cambios noutros despachos —non o sabemos—.

En todo caso, non nos fiamos, e este debate da eólica terrestre dámos a razón, porque o que están facendo ao longo do territorio amosa que non son de fiar. E que nese dilema que vos- tede me presentaba de servilismo ou liberdade está claro que vostedes están do lado do ser- vilismo, pero do lado do servilismo a intereses que non son deste país. E nós, desde logo, estaremos do lado de servir os intereses deste país e de seguir poñendo enriba da mesa que aínda que vostedes non queiran mirar esas mobilizacións, que aínda que vostedes non quei- ran escoitar o municipalismo por abaixo, as comunidades de montes, a sociedade científica, etc., aí hai un problema. E nós non imos deixar de interpelalos e de traer propostas, como a que traeremos para o próximo Pleno, para poñer remedio porque este é un problema capital de país. Estamos nun momento decisivo e non imos permitir que vostedes sigan nesa liña de inhibirse, de desregulación, de que nos gobernan os intereses doutras empresas no lugar dun Goberno que debера estar ao servizo deste país e non precisamente ao servilismo deses intereses alleos.

Polo tanto, quedamos unha vez máis un pouco como estabamos, porque vostede vén aquí a dar evasivas e a non intentar ter un diálogo minimamente serio. Pero terá no próximo Pleno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...propostas para intervir sobre este modelo. Non se preo- cupe que tamén terá propostas dirixidas ao ámbito do Goberno central, pero propostas di- rixidas ao seu departamento para corrixir esta situación que é insoportable e que a resposta social estamos convencidas de que os farán rectificar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peché da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e In- novación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNO- VACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, moi reveladora a súa réplica. Queda claro que o Bloque Nacionalista Galego non ten ningún tipo de argumentos para poñer en dúbida que este Goberno está aplicando a normativa medioambiental, está aplicando a normativa urbanística, está aplicando de forma garantista todas as avaliacións dos parques eólicos que se están tramitando en Galicia.



E, por suposto, seguiremos traballando para que ese modelo sexa un modelo ordenado, sexa un modelo planificado e, sobre todo, sexa un modelo sostible. E, xa lle adianto, non hai debate sobre o modelo eólico en Galicia e a súa sostibilidade, aí non hai debate. O modelo en Galicia, señora Presas, é sostible e por iso non se permite a construción de parques eólicos en espazos protexidos pola Rede Natura, (*Murmurios.*) non se permiten parques como os que se están tramitando nestes momentos por parte do Goberno do Partido Socialista e Podemos, co apoio inquebrantable do Bloque Nacionalista Galego en Madrid e que están fóra do Plan sectorial. En definitiva, non hai ningún tipo de debate sobre o modelo de sostibilidade de Galicia, o que si hai é unha realidade e é que o Bloque Nacionalista Galego se dedique a facer ecoloxismo de pancarta. (*Aplausos.*)

En calquera caso, creo, señora Presas, que estamos ante un sector onde levamos 3 décadas de historia de convivencia entre o desenvolvemento económico e a protección do medio ambiente. Temos un sector evolucionado tecnoloxicamente, máis eficiente, que está buscando menores impactos ambientais, que está evitando emisións de CO₂ e que está contribuíndo tamén á mellora das zonas onde se implantan eses proxectos. Un sector eólico que malia o que traslada o Bloque Nacionalista Galego está xerando emprego, que está contratando autónomos e empresas, que paga impostos e que paga rendas polos terreos. En definitiva, un sector que está permitindo que en Galicia esteamos evolucionando.

E, lamentablemente, vostede fai sumas e restas de empregos; a prioridade deste Goberno é precisamente evitar que a irresponsabilidade do Bloque Nacionalista Galego poida supoñer perdas de emprego vinculadas con Ence, con Reganosa, coas Pontes ou con Navantia. Porque lamentablemente en Galicia o emprego industrial está ameazado pola irresponsabilidade precisamente do Bloque Nacionalista Galego en materia industrial. (*Aplausos.*)

En calquera caso, nós non imos acompañar ese ecoloxismo de pancarta do Bloque Nacionalista Galego, non imos acompañar esa defensa do medio rural a través da pancarta que fai o Bloque Nacionalista Galego e, dende logo, non imos caer nesa política do Bloque Nacionalista Galego, que a coñecemos, coñecemos perfectamente a política do Bloque Nacionalista Galego en materia industrial, en materia de defensa do país. ¿Recorda esa navallada da AP-9? (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pois esa navallada da AP-9 lamentablemente é a que vostedes lle queren trasladar á continuidade de Ence, a navallada que vostedes lle queren trasladar aos traballadores de Navantia, a navallada que lle queren trasladar aos traballadores das Pontes. En definitiva, a navallada que coa escusa da súa política enerxética lle queren trasladar á política industrial de Galicia.

Señora Presas, láméntoo pero, dende logo, o noso modelo eólico é un modelo de sostibilidade, é un modelo de desenvolvemento económico de Galicia, é un modelo compatible coa protección do medio ambiente. E imos seguir apostando polo desenvolvemento deste sector a pesar da oposición permanente do Bloque Nacionalista Galego. Eu lamento, señora Presas, que efectivamente —desmontadas as pancartas do Bloque Nacionalista Galego— creo que estamos chegando ao verdadeiro motivo da súa campaña contra o sector eólico, que é simplemente paralizar o sector. Pero ¿onde se ve isto?, pero ¡que irresponsabilidade!, pretender paralizar un sector simplemente por un tema puramente ideolóxico. Señora Presas, ante iso somos nós os que dicimos que non, que así non.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Bueno, pois remata aquí a orde do día.


Grazas polas facilidades que deron para poder configurar toda a orde do día.

Nada máis.

Levantamos a sesión.

Remata a sesión ás tres e doce minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

